



A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL



Industria paga unhas reformas que só benefician á Telefónica
12

O inútil debate entre celtistas e deportivistas
14



Claudio Quintillán:
"Non atallan as causas dos incendios porque iría contra a política do PP"
9

ETA pode anunciar unha trégua este mesmo mes
15

Os non alineados relanzan o movemento en Suláfrica
17

3 DE SETEMBRO • 1998 • ANO XXI • IV XEIRA

FUNDADO EN 1907

Nº 846 • 200 PTA

BNG, PNV e CiU coordinarán as súas políticas parlamentarias

(Páx. 5)

A Xunta cobrou a dedo 1.200 postos que debían saír a oferta pública

(Páx. 7)


O derradeiro suplente da lista do PP elixido alcalde en Antas

(Páx. 4)

Dase por seguro o aprazamento do Acordo Multilateral de Investimentos da OCDE

A ruina rusa detén a globalización

A ilusión de inmunidade que os países ricos vivían a respecto das reconversións de México (1955) e os Tigres Asiáticos (1977) desaparece coa bancarrota rusa que implica aos bancos alemáns e á bolsa norteamericana. A OCDE anuncia revisión á baixa do crecemento dos países ricos e admite o aprazamento do Acordo Multilateral de Investimentos, que debía entrar en vigor este ano.



A paz avanza

"O Sinn Fein cre que a violencia que vimos debe de ser para todos unha cousa do pasado. Rematou, está liquidada, acabouse". Así comezaba o comunicado lido por Gerry Adams no que ven de se anunciar como o máis próximo a unha *declaración de paz definitiva* por parte do IRA, que até de agora se negara a calificar a trégua, que respecta desde Xulio de 1997, de "permanente". "O diálogo honesto e sen excepcións é o único camiño cara adiante", continuaba o Sinn Fein no seo comunicado no que condena contundentemente o atentado do 15 de Agosto en Omagh. Esta declaración foi recibida con eloxios polo Goberno británico. A atitude dialogante de Blair e as gabanzas á *paz irlandesa* dos medios de comunicación españois, contrastan coas críticas virulentas a calquer caste de negociación en Euskadi que realizan estes mesmos medios é coa política desenvolvida por Aznar e o PP. Máis a estas posturas, tamén en Euskadi se están a dar significativos avances nas conversas PNV-HB, coa posibilidade de que ETA poda anunciar proximamente unha trégua. ♦

GUIA DA GALIZA MÁXICA

Vítor Vaqueiro

Un completo roteiro pola xeografía da Galiza máxica, mítica e lendaria. Con máis de 200 fotografías e gravados e 50 mapas de localización.



A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:

Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.VICEPRESIDENTE:
Xaquín Acosta.CONSELLEIRO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.VOGAIS:
Alberte Ansedo,
Xosé M^o Dobarro,
Antolín Fernández,
Manuel Veiga, Xosé Castro,
Ratón, Manuel Portas e
Xan Costa.SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:

Alfonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Tena,
Xan Carballa, Manuel Veiga,
Horacio Vixande,
Aranxa Estévez, Carme Vidal,
Paula Castro, Paula Bergantiños.EDICIONS ESPECIAIS:
Xosé Henrique Acuña.DESEÑO DE MAQUETA:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:

MADRID:
Manuel Seoane.BARCELONA:
Iria Varela.PORTUGAL:
Gonçalo Nuno.SANTIDADE:
María Alonso.CULTURA:
Xoán M Estévez,
Celso López Pazos,
Manuel Vilar, Lupo Gómez,
Oscar Losada, Gonzalo Vilas,
Xosé M. Eiré Vaj,
Xosé M^o de Castro Errotola,
Xesus González Gómez, Manuel
Rivas, Borobó.LEGER:
André LucaFotografía:
Andrés Panaro,
Xosé Marra,
Voz Noticias.Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro,
Carlos Sivar, Gonzalo Vilas.Publicidade:
Carlos Martínez MuñozXefa de Administración:
Blanca CostasSubscripcións:
Lola Fernández PugaVendas:
Xosé M. Fdez. AbaldeRedacción e Administración:
Rúa do Príncipe 22, baixo,
36202 Vigo
Apartado 1371, 36200 VigoEdición Electrónica:
www.arrakis.es/~antpcg

Teléfonos:

REDACCION:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico:
antpcg@arrakis.esADMINISTRACION, SUBSCRIPCIONS E
PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30*Imprenta:
E.C. C-3 1958Depósito Legal:
C-963-1977ISSN:
0213-3105Non se mantén
correspondencia sobre
orixinais non solicitados.Esta permitida a reprodución
sempre que se cite a
procedencia.

Ieltsin xa non ten quen o vote en Rúsia, pero conta con Clinton.

Jospin, partidario de impor limites á libre circulación de capitais

Norteamérica recomenda en solitario máis desregulación para solucionar O CAOS RUSO

♦ G. LUCA

En plena bancarrota de Rúsia, Estados Unidos defende en solitario a libre circulación de capitais como remedio contra a crise mentres o primeiro ministro francés Lionel Jospin di que hai que por límites as transaccións financeiras. A insolvencia dos bancos rusos provoca grandes perdas nas bolsas de todo o mundo na véspera do relanzamento do Acordo Multilateral de Investimentos (AMI), suspedido desde Abril, que busca eliminar a autoridade dos gobernos para garantir a franquicia do capital e das grandes empresas.

O *Wall Street Journal*, anunciaba hai quince días que a borrasca financeira que conmove as economías do mundo levaba trazas de empiorar até converterse "nunha das máis graves crises do sistema financeiro desde o abandono das paridades fixas, hai un cuarto de século". A biblia dos partidarios a ultranza da desregulación recoñecía que mesmo os defensores do mercado libre estaban preocupados polas consecuencias do cobro das débedas por riba do valor real.

O desastre ruso non colle de sorpresa a Wall Street. O *dolarazo* mexicano de 1955 foi en opinión de Michel Camdessus, director xeral do Fondo Monetario Internacional a *primeira das grandes crises do século XXI*. A vivisección dos *tigres asiáticos* en Xullo de 1977, mal remendada coa expropiación de grandes empresas como prenda de préstamos de emerxencia por parte do FMI e dos Estados Unidos, compria os agoiros de Camdessus e configuraba o que os financeiros comezaban a chamar *o modelo de*

crise, con receitas aplicables para América e Rúsia e os antergos países do Pacto de Varsovia, primeiros candidatos en lista á bancarrota.

O molde oficial da ruína ten, segundo o FMI, tres perfís comúns a todos os casos: movementos incontrolábeis de capitais especulativos; receitas económicas recomendadas polos países ricos a Estados en transición que non contan con fondos para as aplicar nen estruturas administrativas capaces de regu-

lalas; cambios libres en tempo real. Cando o *dolarazo*, a intervención directa dos Estados Unidos contivera o derrubamento a cambio dun cheque en branco polo que as petroleiras norteamericanas se facían propietarias da *Pemex*, a compañía estatal de crudos de México. O FMI decretou hai un ano que a morte dos tigres era un fenómeno rexional, relativamente contagiado a China e ao Xapón pero recoñece que a caída do rublo afecta a todo o mundo. A caída de Rú-

Pasa á páxina seguinte

Ven da páxina anterior

sia arrastra a Ucraína, aínda plenamente implicada na economía dirixida por Moscova, a pesar da independencia, e toda tamén ao Zloti polaco. O estado máis implicado na transición económica do bloque socialista, Alemaña di que tiña os riscos cobertos, explicación que non abrangue todos os danos producidos na súa economía pola insolvencia rusa. En América, os problemas financeiros de Brasil e Venezuela comprometen aos bancos norteamericanos e canadenses.

Xesús Vega, profesor da facultade de Económicas e deputado do BNG, bota de menos reflexións críticas sobre a propia existencia das crises cíclicas e a permanente tendencia do sistema a construír destruíndo. "Non estamos ante unha situación nova porque nos últimos vinte anos ten habido situacións parecidas a esta. Jospin propuña hai días regular transaccións de capitais e limitar a mobilidade absoluta do capital. Sen ser unha reflexión profunda, o que di Jospin pode tomarse como un síntoma de que non val o que temos hoxe porque a liberdade dos mercados significa a preponderancia de grandes poderes".

Dentro do Grupo dos 7, hai quen recomenda un *governo económico mundial* constituído polas institucións dependentes do Banco Mundial, o Banco Central Europeo e os Estados do Norte pero os partidarios desta iniciativa están dispostos a aceleraren o Acordo Multilateral de Investimento. "Estamos a vivir o paradoxo entre o discurso lexitimador do que pasa e a aposta polo AMI, que non vai ser mais que unha regulación para facilitar movemento dos capitais", di Vega.

Manter a calma e esperar é o consello de Josep Piqué, voceiro do Goberno central e ministro de Industria. O seu diagnóstico é que se trata dun derrube de fichas "despois da crise do Sueste Asiático, con efecto sobre o Xapón e Latinoamérica, que agora se manifesta en Rúsia".

A declaración de Piqué non é diferente da maioría dos comunicados dos gobernos ricos que escusan toda alusión ou comentario ás implicacións sociais da crise. Ziugánov, o líder dos comunistas rusos, acusa a Ieltsin de encamiñar ao país á guerra civil coa súa política económica ou a ausencia dela. Os diarios de Singapur e Corea do Sul ca-

lifican a a apropiación de empresas por parte dos norteamericanos a cámbio da débeda, despois da crise do 97, como *unha nova guerra do Opio*.

Alen Greenspan, secretario do Tesouro norteamericano parafraseaba hai tres meses a Francis Fukuyama para anunciar que a prosperidade norteamericana con Clinton significaba *o fin da economía* e a desaparición derradeira das perigosas baixas de cotización de anos denanteriores. Noam Chomsky non pensa o mesmo: "Dous tércios da poboación norteamericana viven hoxe peor que hai vinte anos; a maioría traballa máis e gaña menos; os servizos públicos, que nunca foran unha maravilla, están abandonados. As desigualdades aumentan a pesar das grandes subidas da Bolsa que non favorecen máis que a unha minoría en todo o mundo". ♦




A caída do Rublo acabou coa ilusión da impunidade das bolsas dos países ricos ante os desastres dos pobres. Na fotografía, unha axencia financeira de Wall Street.

Dez días que conmoveron ao mundo

O título da crónica de John Red, sobre a Revolución de Outubro, publicada en 1919, serve para os dez días do naufraxio económico de Rúsia que puxo as bolsas á bater os dentes.

O rublo deixou de ter ningún valor despois de correr a noticia de que o Banco central non podería atender ao pago de compromisos de débeda por valor de 600.000 millóns de pesetas. O 20 de Agosto pasado, o primeiro ministro ruso Sergei Kiriyenko e o presidente do banco Serxei Dubinin contaron a 50 banqueiros occidentais que aplicarían unha moratoria da débeda de 90 días e que o banco deixaría de apoiar o rublo nos mercados estranxeiros. As bolsas de todo o mundo resentiron a decisión en cadea até a caída da Segunda Feira negra de Nova Iorque, coa perda do 6% do valor na segunda baixa máis importante da súa historia.

Kiriyenko e antes Chernomirdin abrazáronse ao aforismo de que as débedas menores páganse pero as débedas xigantescas non se poden cobrar porque a forza podería volverse contra o acreedor. No entanto, os bancos suízos e ingleses observaban que os créditos occidentais para Rúsia regresa-



ban de contado a contas numeradas. O FMI di agora que o sabia pero que se veu obrigado a asinar informes favorábeis á marcha da economía rusa para non empiorar a situación. Os comunistas dúbidas desta versión. Din que os anos de Ieltsin serveron para saquear as riquezas do país coa cobertura do FMI.

O vindeiro mes de Novembro cumpríranse nove anos desde que foi tumbado o muro de

Berlín e Occidente celebrou o enterro do comunismo e o socialismo e estableceu como fórmula económica de recambio o libre mercado. Recusando a proposta de renomear a Vitor Chernomirdin, o Parlameneto ruso dixo que Ieltsin e o seu propio candidato a dirixir o Goberno destruíran a economía rusa, levaran ao empobrecimento da poboación e á criminalización da sociedade.

"En rusia asistimos ao proble-

ma de construción do capitalismo na fase en que se constitúen grupos de poder a traveso de mafias -di Xesús Vega-. O capitalismo naceu coa delincuencia e era inxénio pensar que podía renacer agora en Rúsia versallescamente porque existía unha constitución. Hai quen di que o fracaso da economía rusa dase porque gobernan ali os mesmos caciques do socialismo. Se cadra preferirían transplantar aos capitalistas desde Occidente".

Clinton apoia a Chernomirdin, criticado por algúns comentaristas norteamericanos polo seu *esquerdismo*. Esta crítica tiña como base a promesa do candidato de Ieltsin de pagar os seus salários aos obreiros que levan máis dun ano sen cobrar.

O líder comunista Guenadi Ziuganov dixo a Clinto "que xa estaba ben de apoiar a un borracho que insulta á nación e ao sentido común". Ziuganov acusa a Ieltsin de levar ao país a guerra e de insultar á Duma.

Para Clinton só hai unha fórmula contra a bancarrota rusa: abolición de todas as barreiras que aínda estorban ao capital estranxeiro e moralizar a vida política. ♦

Un parón á globalización

O engano da economía capitalista rusa dura tantos anos coma o goberno de Boris Ieltsin pero só nestes días, despois da bancarrota, recibe o nome acado; é unha estafa. Era un segredo de amplísima circulación que os créditos abertos desde os países ricos para acelerar a transición do socialismo ao capitalismo regresaron decontado a contas numeradas de espazos fiscais privilexiados das moedas dos G-7.

Sete anos despois, os acredores sinalan a Ieltsin e a súa corte como responsábeis do fracaso do rublo e de ter estalado o globo ascendente das bolsas; libran de responsabilidade ao Fondo Monetario Internacional, comprometido ao silencio sobre o desastre para non espantar aos mercados. Quen poderá crer este engano? Aparte de provocar a ruína de milleiros de pequenos investidores nas bolsas e o negocio fabuloso de algúns, non hai polo visto ningún país prestamista quebrantado pola desfeita de Rúsia. O primeiro deles, Alemaña, é explícito cando proclama

que todas as súas operacións cos rusos estaban cobertas por concesións e materias primas.

Ieltsin é, polo que se ve, a súa única garantía de cobro e debe ser certo se consideramos que a idea que integra a outra beira do espectro político ruso é, por riba de todo, a defensa do país espoliado. A indiferencia dos grandes centros de decisión do capitalismo polo que lle poida pasar á cidadanía rusa só se pode comparar coa do goberno de Ieltsin. Como nun retábulo histórico de urxencia acaban de demostrar a duo que só se pode construír o sistema con acumulación e que a acumulación non se pode dar sen violencia ou coacción.

A resposta política dos que se opoñen ao Goberno de Ieltsin indica que este atraco faise sobre unha sociedade alerta e prudente que quer construír a democracia prometida e enganada por Occidente. Non puideron os colonizadores de América manter mais

que unhas horas o engano con espellos partidos e mal cabe pensar que alguén podería defraudar indefinidamente con antollos e trapalladas ao conxunto de países coa escola máis laica e universalizada da historia do mundo.

A estafa de Rúsia deixa ao descuberto o alcance dunha operación de reconversión do capital mundial que xa pasou antes por México e os *tigres asiáticos*, con estragos das súas economías e enorme custe social. Dentro das institucións da economía Mundial, o efecto inmediato será un apazamento do Acordo Multilateral de Investimento, o instrumento co que os países ricos pretendían abrir os derradeiros espazos pechados á globalización do capital. Desde as páxinas do *Wall Street Journal* xa advirten que proseguir a mundialización pode abrir unha fenda de franqueo futuro imposible entre os países ricos e os pobres. ♦

Xavier Varela é fillo do anterior rexedor

Antas de Ulla, o último suplente a alcalde

♦♦ A.E.


Ocupaba o posto 13, o derradeiro suplente, da candidatura do PP en Antas de Ulla pero, desde a semana pasada, é o novo alcalde, substituindo ao seu pai no cargo, despois de pasar outros tres rexedores pola alcaldía en menos de dous meses. É un caso máis da renovación, non fixo máis que comezar, que está a realizar o PP na suas listas eleitorais.

O Zorro foi alcalde de Antas de Ulla nos anos sesenta. Con este alcume coñecían todos os veciños e con el o recordan. Manexaba o concello renartemente axudado polo médico, que fora antes alcalde, e polo funcionario Varela Casal e máis polo Mera, foreiro e falanxista, que tamén controlaba a Seguridade Social Agraria. As forzas vivas do concello impedían a unión por estrada con Monterroso por Casa de Naia. A Deputación non daba os cartos e tivo que ser o monterrosino xeneral Salgado quen os conseguise de Obras Públicas. Os veciños xa tiñan feita a derrota dunha pista pola sua man, pero a boa labor dos rexedores ulláns impediu que a estrada entrase no seu municipio.

Varela Casal, despois de cincuenta anos de funcionario manexando o concello por dentro, chegaría na década dos noventa a alcalde, axudado por aquelas mesmas familias que se opoñían á estrada por considerala lesiva para os intereses da vila de Antas.

Morto este alcalde era preciso atopar un substituto. E quen mellor que o seu fillo, Xavier Varela, tamén probado traballador municipal, como a sua dona, como o criado da casa, para desempeñar axeitadamente tan destacada función. Así que, máis unha vez, voltáronse a reunir a "vella garda" das familias de sempre e decidiron que ningún mellor que o Javieriño para substituír ao seu pai. Robustiano Taboada, elixido alcalde había un mes, dimitiu por "asuntos persoais". Os outros sete concelleiros tamén se negaron a asumir o posto, "alegando motivos persoais que eu non vou explicar", afirma o novo rexedor. Os integrantes que precedían a Xavier Varela tampouco ocuparon o seu posto. O fillo do alcalde, que ía de último suplente na lista electoral, ocupaba deste xeito a presidencia da corporación.

"É ridículo pensar que meu pai era unha persoa tan poderosa coma para que, incluso despois de morto, teña influencia para levarme á alcaldía. Non se pode falar de nepotismo. Os dous consellos que me deu o meu pai en vida foi que non me casase e que non fose alcalde. Non lle fixen caso nos dous", afirma Xavier Varela.



As listas do PP fanse, na maioría dos casos, con recochos ao servizo do candidato a alcalde sendo a el ao que lle deben o posto e a fidelidade. Por eso resultan lóxicas as dimisións para que Xavier Varela ocupe a alcaldía de Antas. SANTI LÓPEZ / Voz Noticias

Xosé Luis Iravedra, secretario de organización do PP lugués, afirma que é "moi mal sistema negarlle ao fillo dun político a posibilidade de facer política ou de presentarse a unha oposición". Pero na provincia son, cada día máis, os familiares directos do PP que acceden ao concello cun contrato temporal que é renovado prazo a prazo até que se convocan unhas oposicións ou concursos de méritos onde o ter traballado xa nese posto é un dos principais valores a estimar. Deste xeito pasan legalmente a funcionarios ou fixos.

O Plano Urbanístico

Se nos anos sesenta os intereses das notábeis familias ulláns impedían a construción da estrada, agora o cabalo de batalla está a ser o Plano Urbanístico que xa está na fase de estudo. Velaí onde se vai xogar non só a configuración da pequerrecha vila, senón a sua expansión. Os intereses son moitos.

Xosé Anxel Rico, voceiro do PSDG-PSOE na corporación, afirma que "seguramente hai moitos máis motivos dos que aparecen publicamente para que Xavier Varela substituíse a seu pai. Algo debe de haber metido dentro para que nada se lles escape ao control dos clans familiares tradicionais. Só faltan nove meses de legislatura e todos pensabamos que ía continuar Frias".

Como daquelas, tamén Monterroso anda polo médico. Con Antas e Palas están se disputar a instalación do PAC (Punto de

Atención Continua) que ven ser así como outorgarlle a capitalidade da comarca e que tiña que comezar a funcionar o 1 de Maio. O deputado do PP (home de Cacharro na zona) Xosé Luis Pensado lograra que o alcalde Varela Casal apoiase a Palas como o lugar idóneo para o asentamento. Pensado é de Palas e conta nesta vila con intereses urbanísticos.

Monterroso tamén puxa por converterse na sé do PAC. O seu alcalde, o tamén popular Lois Pereiro, non só estaba enfrontado ao alcalde de Antas, senón tamén a Cacharro. Pereiro afirma agora que "Monterroso e Antas están obrigadas a en-

tenderse. Agardo que se normalicen as relacións entre os dous concellos".

De momento, o PAC quedou aparcado e, pénsase, que non se vai decidir nada até pasar as eleccións municipais.

Os viciños

E os viciños? Pois "por un lado que quere que lle diga eu e, polo outro, xa sabe", podía ser a frase non por tópica máis escoitada e significativa. Tamén se escoitan un "o rapaz non parece malo, xa se verá, pero eu, de política non lle entendo, sabe". Ou tamén un "a min dame igual, eu diso non como.

Tanto ten un coma outro".

A oposición ás familias tradicionais en Antas é moi cativa. Elas, co PP, con AP ou con UCD, o mesmo ten, recollen, invariabilmente, 900 votos dos 1.200 votantes.

A presión á veciñanza, sobretudo nas aldeas, é tan forte (asentada no control funcional do axuntamento, Cámara Agraria e Seguridade Social Agraria) que artellar unha oposición é moi difícil. O PSOE nótrese de concelleiros que son de fora, ou funcionarios na prisión de Monterroso. Pero, aínda así, no pleno de elección do novo alcalde, un dos tres concelleiros socialistas non compareceu, contabilizándose 8 votos a favor de Xavier Varela e 2 abstencións, pois os dous concelleiros socialistas presentes abandoaron o pleno por considerar que o sucedido "non é só un acto de puro caciquismo senón unha vergoña para todos os cidadáns do concello".

O nacionalismo, en concreto o BNG ou o SLG, teñen en Antas un dos lugares máis febles e de difícil asentamento de toda a provincia. Os militantes nacionalistas sempre son moi novos. Estudantes que, na maioría dos caos, marchan traballar fora ao rematar. As suas familias tamén son presionadas nalgunhas ocasións con non darlles os papeis para as bolsas "se o rapaz se segue a meter en política". Aínda así, consegue sobre os centocinquenta votos que semellan sair debaixo das pedras de tan escondidos que se atopan. ♦

A. EIRÉ

A renovación no PP

A elección de Xavier Varela como alcalde de Antas hai que situala na renovación que está a realizar o PP e no seu "xiro ao centro". Os cambios que acordaron impulsar no congreso extraordinario celebrado a comezos do verán, para darlle paso a unha nova xeneración, non son tan sinxelos. A configuración partidaria, asentada en fondas raicieras caciquis que sobardan amplamente os ámbitos do propio partido e chuchan a sua forza nutricia no franquismo e logo en UCD, impón un relevo familiar. Os exemplos de Antas de Ulla ou Pontareas non van ser os únicos. Os intereses que dominaron a maioría dos concellos galegos desde o século pasado, poñendo a rexedores delegados, necesitan continuidade e lealdade. As Deputacións (cos seus orzamentos millonarios), as únicas con capacidade para desmontar esta rede caciquil secular, aséntanse precisamente neste sistema que lles é consustancial á sua pervivencia e actúan unicamente en loitas intestinas. O señor feudal provincial necesita a vasalaxe dos concellos para manter o seu poder no partido e os rexedores municipais precisan dos orzamentos provinciais para controlar a sua encomenda. ♦



Beiras, Esteve e Arzallus cando presentaron en Xullo a Declaración de Barcelona.

XAN CARBALLA

Os asinantes da *Declaración de Barcelona* reúnen en Bilbao os días 16, 17 e 18 de Setembro

BNG, CiU e PNV tomarán acordos de coordinación nas Cortes e políticas europeas comuns

✦ XAN CARBALLA

Bilbao será a sede da segunda gran reunión dos dirixentes de BNG logo da sinatura no pasado Xullo da *Declaración de Barcelona*, unha proposta de modificación do actual *statu quo* xurídico para un maior recoñecemento da plurinacionalidade do Estado. Na reunión de Bilbao, segunda das tres previstas, farán tamén balance do intenso debate e reaccións que desatou nas forzas estatais a proposta nacionalista.

"A reacción á *Declaración* da xente galega foi moi positiva, porque se demostrou que o salto dado en Outubro pasado foi cualitativo, da percepción de Galiza no estado. Agora aparecemos no primeiro plano, como unha nación con identidade propia e conciencia de seu. O BNG sabe que o pivote principal para ser respectados é gobernar en Galiza, pero para iso cumpre facer política exterior e facela en pé de igualdade. Ise recoñecemento percebeuse pola sociedade cando asinamos o acordo, e por iso provocou tanta reacción visceral de PP e PSOE", afirma Encarna Otero, voceira do BNG.

Na reunión de Bilbao non se asinará un novo documento, pero si se abondará en novos documentos referidos a política cultural, autonomía financeira e relacións con Europa, algun deles xa con pleno acordo entre as tres forzas, como é o referido a política cultural e lingüística na que non só se reclama que as competencias sexan plenas senón que tamén se intentarán ar-

ticular medidas concretas a prol dun circuito común na industria cultural das tres nacións.

A suficiencia financeira é unha preocupación singular de cataláns e galegos, aínda que con medidas diferenciadas en ambos casos. "O importante é controlar os recursos económicos e as capacidades fiscais. Xa ten habido reunións de técnicos das tres nacións e agora darémoslle forma política porque as solucións, obviamente, son diferentes no caso catalán, no que o IRPF ten grande incidencia, e o galego", asegura Encarna Otero.

Acordos de traballo parlamentario

Outro dos aspectos centrais a tratar en Bilbao vai ser a articulación dunha política europea común. Adiase, pola inminencia das eleccións, a reclamación de que se consideren as nacións e as autonomías circunscricións eleitorais, e non o conxunto do Estado, o que é case excepción no conxunto europeo.

Bascos e galegos ven con bos ollos a posibilidade de traballar no futuro nun grupo común en Estrasburgo para o que sería preciso para iso xuntar 16 deputados de catro estados distintos. Hai contactos avanzados con galeses, escoceses, flamencos e sardos, aínda que mesmo daneses e suecos poderían estar interesados nese agrupamento.

En caso de non ir adiante esta opción en comun cos cataláns, o encontro de Bilbao deberá servir para establecer puntos a incluír nos programas eleitorais

das tres forzas. "A idea común é avanzar nunha Europa dos Povos, pero iso concretarémolo nesta reunión. Reivindicábase, por exemplo, que os fondos europeos sexa obtidos directamente polas nacións, que haxa pleno recoñecemento lingüístico e cultural ou que se podan facer acordos con terceiros países sen ter que pasar polo estado".

Outro punto que xa está maduro entre as tres forzas é a posibilidade de coordinar iniciativas conxuntas nas Cortes e avanzar na reforma do Senado.

Visceralismo

A reunión de Bilbao, en plena campaña preeleitoral basca, servirá para facer balance das reaccións que se produciron despois da *Declaración de Barcelona*. Encarna Otero entende que no caso das forzas galegas primou o visceralismo por riba da análise, "tanto Fraga como os dirixentes do PSOE non deron nengun argumento de peso, só advertencias e pauliñas intentando criminalizar o nacionalismo. Deron a sensación de que nen sequer leran o documento".

Fronte ao desvirtuamento que se quixo facer do acordo, logo dunhas declaracións de Jordi Pujol, o BNG maniféstase tranquilo. "Xa dixemos en Barcelona que esa ía ser a táctica a seguir. Somos forzas diferentes e temos situacións internas distintas nos tres países, por iso é tan importante que sexamos capaces de facer un plan de traballo común. Velaí reside a nosa forza e por iso reaccionaron de tan mala maneira." ✦

Interior concede menos de tres millóns para os danos polo tremor de Maio do 1997

O Ministerio de Interior aprobou unha axuda de dous millóns setecentas mil pesetas para os danos ocasionados polos movementos sísmicos do 22 de Maio de 1997. Das 298 solicitudes de axuda apresentadas, a Dirección Xeral de Protección Civil denegou 135, arquivou 72 e 10 continúan en fase de tramitación. Os escasos tres millóns concedidos repártense en 22 axudas, trece a vicinios de Becerreá, tres nas Nogais, dúas en Pedrafita do Cebreiro e unha en Lánchara, O Páramo e Folgoso do Courel. Continuando coa serie sísmica do triángulo de Becerreá, que determinadas hipóteses atribúen aos efectos inducidos polos encoros, o Luns 31 de Agosto produciuse un novo temblor de intensidade 3,1 na escala Richter. ✦

Propoñen unha Lei da Facenda Local que garanta a autonomía financeira municipal

A elaboración dunha nova lei da Facenda Local que garanta a autonomía financeira municipal e que permita arranxar o problema do seu constante endebedamento é unha das propostas incluídas no borrador do programa marco para as eleccións municipais que está a elaborar o BNG. Manteñen que o marco tributario local vixente amósase inadecuado a respecto das necesidades económicas dos concellos galegos, entre outras cousas, porque non se axeita ás especificidades da ordenación do territorio do país. O BNG considera urxente que os recursos económicos que actualmente manexan as deputacións se transfiran en boa parte tanto á Xunta como aos concellos, que se establezan impostos distintos dos actuais baseados na renta fiscal e que se reformen de maneira máis equitativa os actuais. Solicitan tamén a ampliación da autonomía das administracións locais na ordenación e xestión dos impostos actuais e o uso de criterios de reparto alternativos aos contemplados actualmente nas transferencias do Estado. ✦


Critican que a universidade da Coruña pida colaboración ao concello de Ferrol

A petición feita desde o reitorado da Universidade da Coruña, ao fronte da cal está Xosé Luis Meilán Xil, ao concello de Ferrol para que colaborase na implantación dunha aula delegada de Empresariais no campus da Coruña foi criticada polos nacionalistas. O voceiro do BNG no Concello, Xaime Bello, sinala que a Universidade ten gastado poucos cartos no campus ferrolán nos últimos seis anos, 1.200 millóns dun total de 9.877 investidos. Por esta razón considera "inaceitábel" que se pida colaboración económica ao concello e criticou que Xan Blanco, alcalde de Ferrol, se amosara de acordo coa universidade coruñesa.

Por outra parte, o Consello de Universidades aprobou unha suba das taxas universitarias entre un máximo dun 5% e un mínimo dun 2%. A matrícula custa nas tres universidades galegas un 2% máis que no curso pasado. ✦

Falece Claudio Movilla, maxistrado ourensán no Tribunal Supremo

O Sábado 27 era soterrado en Quiroga, aos 67 anos de idade, Claudio Movilla, maxistrado da Sá Terceira do Tribunal Supremo e xuíz progresista que empezou a interpretar a ocupación da terra polos xornaleiros andaluces como accións reivindicativas de carácter lexítimo. Membro de *Xuices para a Democracia* e cunha importante traxectoria na loita pola democracia, durante a *Transición* Movilla presidiu o Ateneo coruñés. Naceu en Castro Caldelas en 1931 e ocupou a presidencia da Audiencia de Sevilla desde 1987 até o 1989, ano no que se trasladou a Cantabria para presidir durante sete anos o recién creado Tribunal Superior de Xustiza desta comunidade. En 1994 a sá que presidía condeou ao por entón presidente do Goberno de Cantabria, Homaecha, por prevaricación e malversación de fondos. En 1997, ás poucas semanas de incorporarse ao Tribunal Supremo, participou nas deliberacións que permitiron desclasificar os "papeis do Cesid". ✦



XURXO S. LOBATO / ARQUIVO

OPINIÓN

ESTADO INDEPENDENTE OU CONFEDERACIÓN

MANUEL MERA

Ante a pregunta que moitos nacionalistas se fan de ¿Estado independente ou confederación? Que queres que che diga, se a min me fan esa pregunta de súpeto, e falo co corazón, contesto axiña, sen dubidalo un intre, que estou por un Estado Galego independente. Porque outra cousa ia estar un nacionalista!, que coida que Galiza é unha colónia do Estado español desde hai séculos, que esta opresión hipotecou o noso desenvolvemento económico e social, e esmagou a nosa cultura e lingua. Aínda máis, estou por unha Galiza independente, fóra da Unión Europea, que debía deixar de existir, cando menos sobre as bases que hoxe esta construída. En fin, estou polo socialismo e por unha sociedade sen clases e realmente democrática. Pero este é un proceso, no que non somos nós sós os que marcamos os tempos, anque debemos facer o máximo por aceleralos.

Dentro da Unión Europea non é o mesmo que Galiza sexa un estado independente, que polo tanto tería representación directa en todos os organismos comunitarios, a que forme parte dunha confederación. Neste caso podería ter unha presenza naqueles temas que lle afectasen directamente, anque esta dependería en último extremo da correlación de forzas entre nacionalidades. Non é o mesmo por tanto ter un Estado independente que formar parte dunha confederación, onde se cedem competencias. Anque non se pode esquecer, nen ignorar, que hai moitos estados independentes que na práctica son neocolonias.

Mais, hai condicións políticas para acadar un Estado independente no contexto actual?, e a que custe? Entendo que hoxe hai unhas posibilidades mínimas. Pero o nacionalismo ten que definir as liñas de actuación e propostas para este intre, pois non se trata de especular sobre o que pode pasar dentro de cinco ou corenta anos.

O ESCENARIO. Non estamos hoxe no contexto internacional na década dos 50, 60 e 70, cando a loita pola hexemonía entre as dúas grandes potencias e o ascenso dos movementos de liberación nacional, permitía pensar na axuda exterior ou, cando menos, cunha certa comprensión a un proceso revolucionario na periferia de Europa. Pero, ademais dunha situación internacional distinta, desde a II Guerra Mundial non se modificou unha

soa fronteira. Todos os movementos, empregasen a vía que empregasen, mesmo contando cun respaldo social maioritario, chocaron contra unha postura homoxénea das grandes potencias sobre este tema, por riba das diferencias políticas ou económicas que teñen. Só o nacemento de Bangla Desh pode ser unha excepción, pero neste caso tratábase dun Paquistán dividido en dous territorios afastados xeograficamente centos de quilómetros. Nen Chechenia, máis a heroicidade do seu povo, acadou o recoñecemento internacional. Tampouco o conquiriu Kosovo, onde están deixando que se desgaste a guerrilla para forzar despois unha saída federal ou autonómica, que evite o nacemento dunha nova nación ou que se incorpore a Albánia.

Non é só Estados Unidos quen se opón, senón todas as outras potencias, que temen que xurda unha soa nación do desexo popular, nas furnas ou da loita guerrilleira. E que isto, poda ser un exemplo para dúcias de povos dependentes, sen estados propios, que intentarían seguir igual camiño. Desde os estados imperialistas ollan con preocupación o descontento popular en todo o mundo contra unha centralización real crecente do poder, anque se descentralice a xestión; así como o aumento da oposición á destrución das culturas e linguas minorizadas. Por iso dan por rematada a descolonización, e só falan dalgún resto isolado, que tratan con máis paternalismo que desexo real de darlle unha saída axiña.

Por outra banda a situación do Estado español non é a mesma que fai 25 anos. Daquela había unha ditadura illada internacionalmente da que estaba cansada a sociedade. Calquer movemento de oposición, mesmo nacionalista, contaba en principio coa simpatía mundial, tanto da esquerda como de sectores democráticos. Tampouco era daquela a mesma

que hoxe a situación social en Galiza. Vivía unha maioría imensa da poboación nunha economía de subsistencia (semiproletariado), as zonas interiores estaban máis povoadas, había unha maior taxa de mocidade, as infraestruturas e os medios de información eran menos desenvolvidos, a clase media era máis cativa...

A PROPOSTA POLÍTICA. Aínda aceptando que acadar un Estado independente, mesmo dentro da Unión Europea, é pouco doado no intre actual, por que non mantelo como reivindicación política, anque despois na práctica pulemos por ampliar as competencias autonómicas ou inserimos nun estado confederal?

Coido que hai dous motivos para plantear na sociedade galega, sen ningún tipo de ambigüidades, a alternativa dun Estado Confederal. A primeira é que debemos unir nun bloque sen fisuras a todos aqueles nacionalistas que están por un estado galego, sexa este independen-

te ou confederado a outros povos peninsulares. Así foi como se acumularon forzas dabondo para aumentar o peso político do nacionalismo na sociedade, e no futuro, poder gobernar e mudar a realidade do país. A segunda razón é de tipo social e psicolóxica.

Na sociedade galega sintense galegos unha gran maioría da poboación, mesmo din (nas enquisas) que son máis galegos que españois, e unha importante proporción que exclusivamente galegos. Pero, no momento de votar téñense en conta máis cousas, e por tanto o nacionalismo tardou moito en facerse cunha gran parte dese voto. Nomeadamente, está o temor a unha situación de inestabilidade e violencia que non garanta unha Galiza máis dona de si, e en troques, desfaga gran parte da

situación económica e social tan duramente conquistada. En poucas palabras, o medo ao aventurerismo, a que se reproduza en Galiza a situación de Euskadi, Croacia ou Chechenia. A xente non está disposta a acadar máis cotas de soberanía a calquer custe, máxime non habendo garantías de atinguir ese obxectivo. Non estamos na situación da Iugoslavia ou a URSS, cun estado en descomposición política, económica e ideolóxica. Non é esta a realidade galega, como non o é tampouco en Euskadi e Catalunya, anque estean mellor ubicados que nós.

As limitacións do contexto actual non quer dicir que non haxa posibilidades a medio prazo para grandes transformacións, xa que no mundo hai fondas contradicións e importantes problemas que non soluciona o capitalismo. E nesa dirección temos que acumular forzas e facer todos os cambios posibles, para aproveitar ao máximo os períodos con vento a favor.

Temos que demostrarlle ao povo galego que, sen a modificación de fronteiras, imos poñer todo o noso esforzo en manter a nosa identidade nacional e mellorar as condicións económicas e sociais, e isto é posible cunha confederación, imos facelo!. Trátase dunha aposta pola paz, pola convivencia e a solidariedade, nun mundo onde as fronteiras xa pouco importan, tal como se concebían hai apenas 20 anos. Unha confederación na que Galiza sería recoñecida como unha nación, algo fundamental para manter a nosa identidade a todos os niveis, aínda cedendo certa soberanía... esa é a gran diferenza cunha autonomía ou unha federación.

Coincido en que de pouco vale esta alternativa, que permiten avanzar no día a día e gañar sectores amplos da sociedade, se o que se pretende é ser só a conciencia crítica, ou, se unha forza política non se plantexa ser opción de poder. Anque, sexamos honestos ¡cantos dos que se definen como independentistas defenden na súa práctica a cotío esta opción ante a sociedade? Porque non o fan? Porque falta receptividade social, máis, repito, definirse a maioría da poboación en todas as enquisas, ante todo como galegos. Non hai hoxe un escenario para que se poda ofrecer o independentismo como unha opción, anque a moitos nos aledaría que o houbese. Concretamente, fixo máis polo debate sobre o problema nacional galego, e cuestionar o modelo actual do Estado español, a *Declaración de Barcelona*, que miles de discusións nos cafés, octavillas e accións de grupos radicais independentistas. Esta *Declaración* chegou á sociedade como algo posible e necesario (máis as diferencias que hai entre as forzas que o asinaron). Esa é a vía que fortalece a Galiza como nación de seu.

Compre que actuemos como unha nación, un povo soberano, como galegos que somos e non españois, forzando a situación no posible, plasmando nas institucións o máximo que se poda. E para iso é fundamental, ademais, que prioricemos as relacións con Portugal, sobre calquer outra, pero tamén coa América Latina, e co resto dos povos do arco atlántico. Ser unha nación de feito, anque limitada no dereito, ese é o noso reto no escenario no que estamos inseridos! Todo isto é realizábel, sempre que o nacionalismo galego sexa un movemento de ampla base social organizada, que conte con medios de comunicación de masas nos que defenda a cotío as súas ideas, que sendo oposición ou goberno se faga con lucidez e honradez, e sen traicionar os alicerces e obxectivos que fixeron xurdir o movemento nacional popular galego. ♦

‘É fundamental que o nacionalismo priorice as relacións con Portugal, sobre calquer outra, pero tamén coa América Latina, e co resto dos povos do arco atlántico’

O FARDEL DA MEMORIA

Sindicalistas e Rebeldes

de Dionisio Pereira

Crónica do proletariado galego que se conformou preferentemente en torno ás correntes obreiras de raigame libertaria. o historiador insiste no apaixonante perfil dalgún dos máis sinalados líderes anarquistas galegos e no contexto do seu labor societario a xeito de acción cultural, xornalística e sindical.

COLECCION PRENSA E CRIACION



A CIG denuncia que as subdireccións xerais aumentaron nun 30% desde o 1991

Mil douscentos postos de traballo da Administración galega son cubertos a dedo

♦ PAULA BERGANTIÑOS

Ao inicio do seu mandato de 1989, o presidente da Xunta, Manuel Fraga, prometía reducir o número de altos cargos e persoas nomeadas a dedo na Administración e criticaba o derroche de orzamentos neste capítulo por parte do anterior goberno tripartito. Nembargantes, segundo denuncias feitas públicas pola CIG-Administración, desde o ano 1991 ao 1998 produciuse un importante incremento de todo o persoal "nomeado por libre designación e sen máis criterios que a adscripción ao PP e a fidelidade persoal ao conselleiro respectivo". Segundo a central sindical 1.200 postos de traballo aproximadamente están cubertos por este sistema.

Desde a chegada do PP á Administración galega aumentou o número de altos cargos e o de asesores. Pasouse de 52 Secretaríos e Directores Xerais no 1991 a 55 na actualidade, de 40 delegados provinciais a 44 e de 74 asesores a 81. Asim mesmo as asistencias técnicas—persoas ou empresas privadas que fan traballos para a Xunta, con médicos da Administración— aumentaron até chegar a 400. Os escollidos para desempeñar estas funcións non pasan procesos selectivos e, segundo denuncia a CIG, "sempre son da corda política ou familiar de quen os contrata".

"Os asesores dos conselleiros son 81, en moitos casos sen preparación profesional nen técnica que poida xustificar a súa contratación tan só guiada pola afinidade e o clientelismo—denuncia Xan Carlos Ansia, secretario xeral da CIG Administración autonómica. O alcalde de Boqueixón, que leva anos asesorando en materia de recollida de votos e colocación de viciños en Fundacións ao conselleiro de Sanidade é todo un exemplo destes nomeamentos".

No capítulo dos funcionarios públicos, o número medrou nun 17%. Esta porcentaxe débese en parte á transferencia en materias como formación ocupacional ou cámaras agrarias. Sen embargo destaca o grande incremento de prazas dos niveis superiores, adjudicadas tamén por libre designación e que son de nova creación porque non viñan nas mencionadas transferencias. Así as subdireccións xerais, que son do nivel 30, pasaron de 124 a 162 en 1997, ou sexa que aumentaron nun 30 por cento e as xefaturas de servizo, do nivel 28, pasaron de 471 en 1991 a 558, incrementáronse nun 24 por cento.

Se a isto se suman os cargos directivos de entidades públicas, como fundacións ou institutos, e empresas públicas o número dispárase espectacularmente. "Namentras que en 1991 só existía un ente público, a CRTVG, nos orzamentos deste ano aparecen 7, algúns de recente creación como *Portos de*



A caréncia do distintivo da Consellería permite aos altos cargos facer viaxes particulares nos coches oficiais sen control algun. A.N.T.

Galicia ou o Consello Económico e Social" engade. De igual xeito se en 1991 non existía nunha empresa pública, nos presupostos de 1998 figuran até 15 Sociedades Públicas, cunha dotación presupostaria de 22.232 millóns de pesetas. Estas empresas adicanse desde a asistencia sanitaria (MEDTEC) até a busca de petróleo nas costas galegas (Gasioli S.A.).

"Sen contemplar os altos cargos dos centros hospitalarios, algúns incluso con contratos blindados, esta é a realidade da Administración—comenta Ansia. Vese claramente como a pirámide estreítase por abaixo e engorda por arriba. Crianse simplemente Subdireccións xerais ou xefaturas de servizos para colocar a militantes do PP, sen

embargo postos tan necesarios como subalternos ou auxiliares administrativos, son amortizados para despois cubrilos através de asistencias técnicas con empresas privadas".

Os directores do INEM pasan a designarse libremente

A última denuncia sobre o aumento dos postos de libre designación afecta aos Directores das Oficinas do INEM, que antes da transferencia de competencias figuraban como postos a cubrir por concurso de méritos e que agora a Xunta de Galiza nomea a dedo. A CIG contextualiza a decisión "nunha reconversión que só se entende baixo o prisma do interese por controlar

caciquilmente todo o aparato administrativo".

Ademais dos 12 directores das oficinas de emprego da Coruña, os 3 de Lugo, os 4 de Ourense e os 10 de Vigo, tamén os 16 directores de albergues e residencias de tempo libre son nomeados de xeito discrecional.

"Estas modificacións na forma de cobertura dos postos significa un paso máis na politización de Administración en postos onde é necesaria a imparcialidade política, a obxectividade e a transferencia na xestión" sinala Ansia, que neste sentido dúbida sobre a limpeza nas convocatorias de selección de persoal para a Xunta de Galiza que se fagan a través do INEM, e en xeral en todas as contratacións. ♦

Altos cargos usan os vehículos oficiais para facer viaxes particulares

En contra da lexislación vixente, levar aos altos cargos até aos seus respectivos domicilios ou desprazalos en viaxes particulares forma parte das funcións que na práctica desempeñan os coches oficiais da Xunta. Esta utilización irregular do servizo de automóbiles da Administración ven de ser denunciada pola CIG perante a Comisión central de Coordinación de Parques Móviles.

A central sindical pon de manifesto que o despilfarro e o abuso no uso de coches oficiais faise "disparatado e sen ningún pudor no transporte de altos cargos aos seus domicilios particulares". O director xeral de persoal na Consellería de Educación, Xaime García, o de Obras Públicas, Emilio García

Gallego, o tamén director xeral, neste caso de Industria, Xaquín del Mor Crespo, o secretario xeral Manuel Barreiro Barbeito e o director xeral da Función Pública, Xaquín López Rúa, son desprazados en coches oficiais desde os seus respectivos domicilios na Coruña. Asim mesmo o propio membro da Comisión Central de Coordinación de Parques Móviles, Paulo Figueroa Correo, é transportado ao concello de Vedra e hai que ir buscar e a levar todos os días a Lugo ao director xeral de Centros e Inspección Educativa, Severino Somoza.

Coches camuflados

A non utilización de distintivos oficiais en todos os vehículos do parque móbil da Xunta é outras

das irregularidades que sinala a central sindical. Pesie a que existe un acordo parlamentario sobre a rotulación co anagrama das consellerías, na Xunta existen coches oficiais que non a levan e que son utilizados por altos cargos para facer viaxes que non teñen estricto carácter oficial. Sen o distintivo pasan desapercibidos e non poden ser controlados.

Outra anomalía é a utilización da garaxe de San Caetano para gardar vehículos particulares e con estacionamento dentro do recinto durante as 24 horas do día. "As autorizacións que se dan son repartidas con criterios de amiguismo e os máis favorecidos polos permisos son asesores e persoal de confianza dos conselleiros", sinalan. ♦

Os viticultores do Ribeiro sinalan que só colleitarán a metade do ano pasado

Ainda que a vendima comezará normalmente a mediados deste mes, os viticultores do Ribeiro saben que esta campaña van colleitar a metade da produción en relación a anos anteriores nun ano que se prevé escaso para todas as denominacións nun 60%. A explicación estaría nuns meses de primavera máis frios do normal. Ademais dos problemas para mercar uva pola escasez, os prezos das mesmas subirán. Os sindicatos agrarios cifraon as perdas económicas en máis de dous mil millóns de pesetas e solicitan medidas especiais por parte da Xunta para axudar aos produtores a afrontar as perdas. ♦

A contaminación ambiental de Guitiriz pode ter orixe na central das Pontes

Unha contaminación ambiental que afecta ao municipio de Guitiriz en Lugo está a provocar que gran cantidade de árbores, especialmente carballos e castiñeiros sequen. Os produtos das hortas tamén aparecen cubertos con polvo branco e a colleita de patacas tamén se viu afectada nalguns lugares. Os viciños sospeitan que se trate de deposicións de xofre con orixe na central de As Pontes. O lignito utilizado na central ten gran concentración de xofre que ao entrar en contacto co vapor de auga da atmosfera transfórmase en ácido sulfúrico. Nunha moción presentada no concello por *Alternativa Independente* solicítase que o goberno municipal demande da consellería de Meio Ambiente unha investigación sobre as causas e os efectos que pode ter para persoas e animais esta contaminación que, cun carácter similar afectou na primavera e o verán pasado a varios municipios da Terra Cha. ♦

Denuncian a restrición de competencias do valedor do cliente nas caixas de aforros

Malia que a figura do Valedor do Cliente establecease na lei das caixas de Aforros de Maio de 1996 e sinalábase que sería nomeado en doce meses, a Xunta aínda ven de publicar no DOG en Agosto o regulamento desta figura. O parlamentario do BNG, Xesús Vega, sinala que o feito de que sexa determinante a Xunta de Goberno da Federación Galega de Caixas de Aforros no nomeamento e cese do Valedor non garante a súa independencia. Por outra parte, o deputado nacionalista critica que non sexan competencia do valedor "as reclamacións dirixidas a entorpecer ou dilatar o exercicio de calqueira dereito da caixa frente ao cliente". ♦

SAÚDE



A Iniciativa Lexislativa a prol da sanidade pública está a piques de alcanzar as quince mil sinatura precisas.

A.N.T.

A Plataforma pola Sanidade Pública
recolle sinaturas para unha Iniciativa Lexislativa Popular

Critican que o proxecto de Ordenación Sanitaria afonde na privatización

◆ P. CASTRO

O texto do Anteproxecto de Lei de Ordenación Sanitaria elaborado polo goberno galego está a provocar as críticas de distintos sectores sociais, profesionais, políticos e sindicais. As liñas de actuación que define para regular o sector tenden cara unha progresiva fragmentación do sistema público, á privatización dos servizos e á potenciación das fundacións, segundo denuncian. Os profesionais, alén de advertir sobre a desregulación e flexibilización do personal que vai provocar a súa posta en marcha, subliñan o perigo que terá sobre a saúde pública á vista de que se primarán os beneficios fronte aos criterios clínicos.

Coincidindo co comezo da campaña de recollida de sinaturas da Plataforma en defensa da Sanidade Pública, en demanda dunha lei que regulamentara os servizos da rede sanitaria galega, o goberno do PP elaborou un anteproxecto de lei que desde distintas instancias xa se califica como "oportunista". Enténdese que se trata de minimizar o impacto da Iniciativa Lexislativa Popular que se presentaría logo de facer entrega das 15.000 sinaturas necesarias para a súa tramitación no Parlamento.

Con esta iniciativa, distintos sectores sociais, políticos, sindicais e profesionais trataban de chamar a atención sobre a necesidade de adoptar medidas que garantirán o mantemento dun servizo público de saúde, universal e cuns criterios definidos de calidade. A presentación do anteproxecto elaborado polo goberno galego non só condiciona os contidos da proposta da Plataforma senón que modifica substancialmente os principios que se trataban de defender através da Iniciativa Lexislativa Popular.

Trátase, segundo o responsable de CIG Saúde, Xoán Cons, dun

texto "ambíguo e confuso" no que se establece un modelo de organización que lonxe de artellar e asegurar a funcionalidade do sistema acaba por solapar unhas instancias por outras. Os tres eixos de funcionamento serían o Sistema Galego de Saúde, a Rede Pública Galega de Asistencia Sanitaria e o Servizo Galego de Saúde.

Na vez de establecer as condicións de ordenación e de xestión do sistema, o texto relega a un desenvolvemento futuro, através de decretos e regulamentos, a organización do sector, co que "se salva o escollo formal do parlamento cunha habilitación xeral e permanente a favor do goberno galego, para organizalo como lle veña en gana", sinala Cons. O anteproxecto, ademais de prescindir do deseño dunha estrutura territorial elimina as Areas de Saúde até o de agora existentes e non afonda nos dereitos dos usuarios, que aparecen esparsos ao longo do texto.

Tampouco se teñen en conta sectores que terán unha grande importancia no futuro, como o socio-sanitario, ao que non se fai referencia. Desde a CIG enténdese que este "silencio clamoroso" é indicativo de que se opta polo abandono deste subsector desde a política sanitaria pública.

Privatización

Ao longo do conxunto do texto promóvese a privatización dos servizos, tanto através da incorporación directa da iniciativa privada no sector, como polos principios que se defenden, de cara á súa fragmentación e desmembración. Xoán Cons asegura que se trata de potenciar a flexibilización e desregulación da xestión e do funcionamento dos centros públicos, á vista de que estes aspectos son os que se tratan de forma máis extensa na Lei.

Prímase a creación de "outras estruturas con criterios de xestión ou funcionais para a prestación

dos servizos de atención primaria ou especializada", foméntase o financiamento através de aportacións de entidades ou particulares e mesmo establécense "o tratamento igualitario entre centros públicos e privados na concertación". Ao tempo déixase aberta a "xenérica opción polo sistema de fundacións ou sociedades públicas para os centros públicos futuros", habilitase a oferta de constitución de cooperativas privadas aos facultativos dos centros públicos con garantía de concertación con eles e prevese a transformación dos actuais centros sanitarios públicos en "Establecementos Públicos Sanitarios" con personalidade xurídica propia, nos que o seu réxime será regulamentado por decreto.

Para Xan Antelo, responsable de Sanidade de CCOO, o feito de que se abran de tal forma as portas á privatización provocará a "completa desvertebración do sistema público". Como exemplo lembra o caso da Fundación Hospital Verín, os seus problemas de funcionamento e a incapacidade de control sobre a súa xestión, tanto económica como médica desde instancias públicas, como o propio Parlamento galego.

Do punto de vista profesional e asistencial, Xoán Cons subliña que será o criterio económico o que defina as decisións, fronte ao clínico, através de "contratos de xestión, concertos, pactos de actividade, incorporación de novas técnicas, protocolos diagnósticos e terapéuticos".

Malia os aspectos laborais non quedar prefixados no texto, a privatización dos centros conllevará, ao entender do responsable sindical da CIG o "incremento da discrecionalidade" ao aumentar o sistema de libre designación para os postos de coordinación. Ao tempo, omítese calquera referencia á posíbel regulamentación laboral e profesional ao non prever a elaboración do Estatuto do Personal do Servizo Galego de Saúde. ◆



A Consellaria do Chamusco

Roberto L. Blanco di nas páxinas de LA VOZ DE GALICIA que ao ritmo de 200 novos lumes diários, non se pode pensar en coincidencia continuada de casualidades. "Como en anos denanteriores, o goberno optou pola explicación conspirativa. Con doses distintas de prudencia rubiron a ese carro os conselleiros de Meio Ambiente e Política Territorial, de seguro temendo unha eventual fusión dos seus departamentos nunha nova Consellaria do Chamusco. Pero foi o presidente quen deu o Do de peito: 'Ninguén no PP provocou directa ou indirectamente un lume, e a ver se os demais poden dicer o mesmo'. O que equivale a acusar ao BNG e ao PSdeG de estaren dalgun xeito tras dos lumes. Esta é unha imputación tan extraordinariamente grave que quen a fai debería aportar probas de contado; se non o fai así, como non crer que se trata só dun xeito irresponsábel de descargar o fardel dos milleiros de ferrados de monte queimado que lle tocan?". ◆

Desertan os cregos

Os cregos do Estado son os que máis desertan en toda Europa, no medio dun debalo xeral do que informa LA VANGUARDIA. "Das 5.572 baixas en todas as diócesis europeas entre 1979 e 1995, 1.470 corresponden a sacerdotes españois. Este período comprende case todo o pontificado do polaco Wojtyla e os datos aparecen nun amplo informe estatístico da Santa Sede sobre a evo-

HECTOR BREEZE THE EXPRESS



BENVINDO OUTRAVOLTA VÍTOR.
NON CHIE IMPORTARÁ QUE
CHE PAGUE EN RUBLOS?

lución das vocacións sacerdotais na Europa. A renuncia dos sacerdotes españois significou case a terceira parte das 5.572 baixas voluntarias rexistradas en todas as diócesis europeas. Superan amplamente a Italia, o país que conta co maior censo de sacerdotes. Se cadra hai que atribuir estes abandonos aos cambios sociolóxicos rexistrados en España durante os primeiros anos da democracia, pero non pode esquecerse que o ministerio sacerdotal cae en todo o continente despois do Vaticano II. O que preocupa agora ao Vaticano e o constante aumento da idade dos cregos. En 1995 a idade media dos sacerdotes era de 57 anos e un de cada tres ten máis de 65. Salienta o caso de Franza que nos últimos 16 anos perdeu o 37% dos seus cregos. Italia perdeu case o 9% dos seus cregos desde 1979 a 1995 e todos os países de Europa experimentan descenso. A única excepción é Polonia, onde hai un repunte dos cregos se ben é un dos países nos que a secularización é máis elevada". ◆

A política da última salvaxada

A lexislación inglesa contra atentados, secundada polo goberno de Dublin sementará inxustizas, di o semanario AN PHOBLACHT nun comentario editorial. "os gvernos de Londres e Dublin cometen un erro grave ao utilizaren a traxedia de Omagh para impor unha lexislación que eles mesmo recoñecen que é draconiana e repesiva. A ninguén lle cabe dúbida de que a aplicación desta nova norma producirá abusos e inxustizas a eito. Un dos obxectivos do proceso de paz e dos acordos de Venres Santo foi superar enfrontamentos, repesión e inxustizas. Parece como se Dublin e Londres o esquecesen. Os últimos trinta estan sementados de abusos das forzas armadas en Irlanda e Inglaterra. Os Seis de Birmingham, os catro de Guildford, os Sete de Ballymurphy, Nicky Kelly e Don Leary son algúns dos nomes que nos deixaron para lembranza amarga do que aconteceu cando o Estado opta pola represión. A forza do povo, a enerxía da opinión republicana e o progreso político son as armas máis efectivas e razoábeis para aillar aos elementos responsábeis de accións armadas e facer inofensivas as súas decisións. A identidade da opinión entre os gobernos británico e irlandés é unha pésima noticia. A falla de xuízo das decisións políticas destes últimos días aparece comprensibelmente escurecida pola bomba de Omagh. As sementes de inxustizas futuras venñen de cair ao rego e agora dictan o ritmo do que os comentaristas chamarán en tempos a política da última salvaxada. A nosa obriga é restablecer a primacia da política e do progreso político, como camiño único para a paz duradeira". ◆


Cláudio Quintillán

Portavoz de CIG-Forestal

'Cos incendios necesítanse menos bombeiros e policías e máis prevención'

♦ H. VIXANDE

O PORTAVOZ DA CIG-FORESTAL, CLÁUDIO QUINTILLÁN EXPLICA NESTA ENTREVISTA AS IMPLICACIÓNS QUE TEN A POLÍTICA FORESTAL DA XUNTA DE GALIZA, Á QUE CITA COMO CAUSA DA EXTENSIÓN DOS INCENDIOS FORESTAIS POR MOR DUNHA FALTA DE ORDENAMENTO DOS USOS DO MONTE QUE EVITEN OS CONFLITOS QUE PROVOCAN O LUME.



H.V.

Tras esta onda de lumes conselleiro Carlos del Álamo anunciou que se duplican as partidas para extinción, que opina?

Despois de aparecer esa información na prensa, publicouse un desmentido. Hai unha economía do lume que ten como efecto perverso provocar a necesidade de que o sistema se perpetue porque hai mobilizados recursos que dan de comer a moitos sectores. Daquela, se aumentamos os recursos contra o lume, ao tempo criamos unha economía arredor dos incendios aínda máis monstruosa. Entroques, habería que montar unha economía da inexistencia do lume, que mobilice intereses para que non haxa incendios. Parellamente hai que atacar as causas do lume, que si se coñecen e que a Xunta ten codificadas até un número de dezasete.

No campo da extinción, cal é o seu modelo?

Nós criáramos un corpo estábel de 1.800 traballadores especializados fixos discontinuos que traballasen con flexibilidade de Xaneiro ou Febreiro a Outubro ou Novembro. O seu traballo sería a extinción pero tamén as la-

bores de prevención durante o inverno. Esta prevención, que consiste na preparación do terreo, non é máis que contención. Outra cousa sería abordar a ordenación do monte para determinar os seus usos e facer verdadeira prevención.

Pódese falar de causas estruturais do lume?

Antes dos anos cuarenta o lume só se empregaba no monte para realizar labores agrícolas, pero a partir dese momento prodúcese a expropiación do monte en mancomun e o lume adquire unha característica de ferramenta de loita como protesta ante a usurpación. Desde ese momento até os meados dos setenta e principios dos oitenta, o 90% dos incendios nacen en monte comunal, era a forma de expresión dun conflito. Cando nese momento é devolto o monte en mancomun, desaparece o conflito, pero a esas alturas o lume xa está consolidado entre a poboación como ferramenta de loita. Contodo persisten algúns problemas, como o do deslinde. Posteriormente o 90% dos lumes nacen en propiedades particulares porque aparecen novos conflitos nos que se emprega a vella arma do lume.

Que novos conflitos?

Basicamente danse enfrontamentos entre distintas actividades como a agricultura, a gadería, a selvicultura ou a caza, que moitas veces son incompatibles ou que teñen unha compatibilidade que hai que delimitar, pero que non se fai. Hoxe non hai ordenación do monte que consensue en comarcas, lugares e parroquias os seus usos. É necesario acordar entre todos os afectados a utilización do monte porque temos unha política forestal que está de costas ás necesidades da poboación.

Que responsabilidade ten a Administración?

A Xunta di que non ten que ser intervencionista, pero o monte, aínda que sexa privado, é un ben social que hai que xestionar ordenando o territorio, delimitando os usos e promulgando unha lexislación sobre repovoación de cada zona sen permitir superar uns límites de especies de crecemento rápido, que son as que se benefician do lume. O monte hai que ordenalo desde un punto de vista político, desde a vocación de facer país. Hai medi-

das que non teñen coste como asesorar aos propietarios. De feito hai personal suficiente, o que sucede é que a Administración desperdicia recursos humanos xustificándose a si mesma por meio da burocracia.

E como consecuencia o monte está abandonado.

O país ten tres millóns e hectáreas e dous son monte. Diso seiscentas mil son monte en mancomun, pero só un tercio está atendido. O millón catrocentas mil hectáreas restantes privadas tampouco están atendidas. Sobre a atención ao monte, cabe dicir que que só a Organización Galega de Comunidades de Montes e contadas excepcións teñen unha política racional. De todos xeitos, por razóns ecolóxicas non todo o monte ten que estar coidado, pero ten que haber zonas que si o estén.

Pero hai cartos.

Hai situacións delirantes. Por exemplo, hai unhas subvencións comunitarias para traballos no monte e as empresas do sector van á caza dos montes abandonados para animar aos seus propietarios a acollerse a estas

axudas, que son tan altas que por si pagan todos os traballos. No caso da repovoación, ademais hai unhas primas de mantemento durante cinco anos, pero ao rematar este tempo, ningún paga os labores de roce e o monte queda outra vez abandonado e pode ser de novo vítima das lapas. Por esta razón, en cinco anos a política forestal actual podería fracasar estrepitosamente. En realidade é culpa dunhas subvencións que orientan o esforzo de forma oportunista e que non obrigan aos propietarios a recabar fondos para manter as explotacións.

Até que punto hai unha política privatizadora e que incidencia ten?

A Xunta está dando ás comunidades de montes motivos para rescindir os contratos de xestión para que se encarguen de facelo as empresas privadas, que son as que máis se inclinan polas especies de crecemento rápido.

Hai incendios pero non hai resultados nas investigacións policiais.

A política forestal non pode estar fundamentada nos bombeiros e na policía, pero hai que investigar as causas sospeitosas e para iso está a policía autonómica. O que sucede é que non hai unha brigada específica e os policías con frecuencia ven interrompido o seu traballo para realizar investigacións noutro campo. Por outra banda, máis que foron detidas máis de trecentas persoas, non se realizan investigacións complementarias para descubrir tramas. Moitos grandes lumes nunha serra comezan nunha pista con tres ou catro focos. Eses incendios son sospeitosos pero non se resolven. Hai concellos onde o lume é cíclico e sempre conforme a unha pauta. Iso indica por unha banda que as actuacións preventivas teñen que ter unha dirección determinada segundo cada caso e pola outra que é fácil localizar a orixe.

Polo que di, coñécese as causas dos incendios, por que non se atallan?

Porque van directamente contra os intereses da Administración. Se entendemos que as razóns dos incendios están na falta de ordenamento do monte, o feito de delimitar os seus usos significaría por freo ao despovoamento do rural creando as circunstancias para que a xente quede no agro ou mesmo que retorne. Pero deste xeito hai que criar servizos para esa poboación e son caros, por iso se fomenta a concentración nas grandes urbes. Eis esta a consecuencia do abandono do monte. Nun plano menos estrutural protéxense os intereses de empresas afíns.

Que implicación teñen as celulosas.

Hoxe hai excedentes de eucalipto en Latino-américa que Celulosa emprega para forzar á baixa os prezos cando suben aquí. En realidade hai eucalipto a esgalla, pero mal atendido. Reducindo a cantidade actual de eucaliptos pero explotándoos racionalmente, daba de sobra. Pero non sucede así, quen planta eucalipto non o coida. Entroques, Celulosa si coida as súas plantacións. ♦



Nunha semana arderon tres pallares no concello de Chantada



LEDO

Unha noite salvou de arder a médio lugar

Chicho, un can no servíciu contra incendios

► A. EIRÉ

"O Chicho, foi o que salvou de arder ao lugar, pero el non aparece nos periódicos. Por favor, saca ti ao meu can. Pon o que fixo", decíame María Lamas, unha meniña de sete anos, vestida de primeira comunión, o 28 de Agosto. A noite anterior, todo Riopedroso andara en bulina polo incendio dun pallar.

O Chicho é un can lebreiro que non vai de caza porque de pequeno non o levaron ao non haber xa lebres e, agora, non sabe traballar. Ao Chicho nunca lle fixeron moito caso no lugar de Riopedroso. Todo o máis un "cala oh, xa está ben de ladrar". Pero aquela mañá, o Chicho andaba dun lado para outro recibindo, el que é bastante túzaro, aloumiños sen parar. Era o único que estaba ledo, dándolle ao rabo e subindo pola xente arriba. O Chicho, que sempre está preso, semellaba o xefe dunha tribo en pé de guerra. Unha auténtica guerra contra o lume.

Algunha xente, na confusión do momento, espírase na vez de vestirse. A Teresa do Sanpedro sacou o camión e saiu até o patín nua como veu ao mundo hai máis de setenta anos, mentres o seu fillo Modesto berraba por ela. Máis de un baixou descalzo e voltou a casa e saiu sen calzarse de novo. Cada un puxo encima o que puido, ou nada, e saiu liscando para a Eira de Riba. En menos de dez minutos todo o lugar estaba a traballar na imposible extinción dun incendio.

As lapas alampeaban polas trabes de carballo, a porta recén pintada consumíase como volvoreta que se achega a unha vela. Os balaustres parecían fachóns sopladados por Eolo e os rolos de herba un cadro do purgatorio con pavesas humanas que non se gastan por máis que ardan. As muxicas de lume saen disparadas cara o ceo perdéndose

máis alá da claridade, como foguetes de estrelliñas diminutas, e van cair terroríficamente a non se sabe onde, prendendo novas fogueirías ao pouco tempo.

O lume excita e, ao mesmo tempo, apampa á xente cunha atracción fatal. No médio daquel rebumbio, de ais, lamentos, medos, tensións incontroladas..., a xente non paraba de moverse. Deseguida apareceron metros e metros de mangueras conectadas a billas das casas e a motores de pozos artesanais.

Unha noite de fermentia

Despois de salvar un coche que estaba aparcado á porta do pallar, só bulía unha idea por todas as cabezas: "hai que evitar que pegue nas casas". Quen deu a orde? Quen tomou a decisión? Non se sabe. Pero todos traballaban nunha mesma dirección: auga aos tellados. Impedir que pegue nos voadizos de madeira e tamén no hórreo que hai á dereita. Ao pallar era imposible valerlle, nen a nada que estivese dentro: todo el era unha fogueira pavorenta.

Xa sobra xente para traballar pegada ao lume e vaise retirando a unha distancia prudencial cando se decata que non se pode facer nada e que a misión é vixiar que non prenda nas casas. Pero todos siguen ollando fixamente cara o lume entre abrazos, apertadas e confidencias. A solidariedade síntese entre os viciños como nunca se sentiu desde hai moito tempo, nen tan sequer nos enterros. Non hai novos nen vellos, mulleres nen homes: están eles, os de Riopedroso e o lume. Era unha fermentia de traballo, no que non importaba a idade, a pinta (certamente chusca dalgun), o calor, as molladuras ou o relente da noite.

Unha parella da Garda Civil non tardou máis que vinte minutos en chegar. E a xente preguntábase: "os bombeiros onde están". Os

teléfonos celulares chamaran á vila de Chantada pero ninguén aparecía. O cabo da Garda Civil facía xestión pola súa banda. Souvose que ia sair unha motobomba do servíciu contra incendios da Xunta que estaba traballando en Palas, a máis de trinta quilómetros. Chegou a brigada, esboirado do cansancio despois dunha noite enteira de traballo. A carroceta quedouse sen gasoil. Pedírono a Protección Civil pero non chegou en toda a noite, nen nunca. Ali non apareceu ninguén deste servíciu que, tres días antes, se desplegaba fachendosamente facéndolle a corte a Juan Pardo e impedindo mesmo que os fotógrafos se achegasen a menos de catro metros.

Tamén se pediu, despertando ao alcalde, unha paleadora do concello para que carrexase terra, pois decidiuse que era o millor xeito para impedir que as faiscas saisen disparadas como morteiros dunha guerra certa e mortífera que o lume lle declara a un lugar que ia comezar ese mesmo día a festa. O alcalde dixo que logo viña e chegou a unha do mediodía.

Xa antes de chegar a brigada forestal se chamou ao Xesús do Ferreiro, que leva máis de doce anos traballando no servíciu contra incendios da Xunta, por se era preciso algun entendido no caso de que pegase o lume nas casas, pois sempre e bó ter a alguén que esteña afeito a enfrontarse con ese nemigo que fai a cobardes destemidos e a valentes cunicas. Chegou coa cisterna en menos de dez minutos. Serviu á motobomba que estaba sen combustible e, logo, de xeito artesanal fíxolles un trasvase de gas-oil.

Ardendo dous días

As dúas horas a herba seguía ardendo (asi estivo dous días) pero o perigo xa pasara para as casas e mesmo as faiscas eran moito máis pequenas. O recinto da noite xa mollara a terra polo

que aparecían as lapas nas eiras acaroadas con máis dificultade. O único que se podía facer era botarlle auga aos rolos da herba para que, coa chegada do calor, non avivase a candeia. De día as muxicas non se ven, fuxen e non se sabe onde prenden o lume. As cisternas dos viciños fixeron o traballo.

E no médio da tensión aparecía o humor. O Modesto esmendrellábase de risa cando como estaba a súa nai nua na cima do patín. O Amancio propoñía levar os cepos que estaban a arder ao forno para así non ter que quentalo para os asados que se ían facer de ali a unhas horas. Había quen falaba de traer uns turriscos e uns chourizos e asalos. Quen se rexoubaba das pintas estralafárias que tiñan todos...

E dúas preguntas constantes. Unha, onde están os servícius contra incendios de concellos como Chantada? A outra, insistente e cintilante como as brasas: como prendeu, quen, por que, cando....? Non se sabe.

Os ladros insistentes do Chicho, amarrado na Eira de Pena, alertaron á Irene. Non é que O Chicho non ladre. É un can ladrador e bastante espaventoso, pero aos cans hai que entendedos e, a Irene, en vela pola enfermidade do Vicente, pareceulle un ladrar distinto e saiu á fiestra a ver que pasaba. O que viu foi unha claridade arrepiante. Comezou a berrar polo Teté, o veciño de enfrente: "arde o pallar do Cubano, arde o pallar do Cubano, acudide veciños, arde o pallar do cubano!"

Todo o lugar permaneceu en vela toda a noite. Só a María ficou dormida ou, secadra, soñando co día da súa Primeira Comunión. Cando leu os periódicos enfadouse moito. Falaban da Garda Civil, do servíciu contra incendios da Xunta, un pouco dos veciños, pero nada do seu can, O Chicho. Agora queda, en parte, remediado. ♦

Quéixanse do impago de expropiacións por parte do Ministerio de Fomento

Do pago das expropiacións pola mellora da estrada 540 entre Lugo e Ourense, os viciños afectados non saben nada desde hai catro anos. Daquela, en 1994, o Ministerio de Fomento, abonara unha parte, aproximadamente o 10%, da compra que fixara o prezo en 450 pesetas o metro. Cando os viciños requiren as cantidades -alguns casos son varios millóns de pesetas- á demarcación de Estradas de Galiza, a resposta é que están aprobados os pagos pero non están dadas as ordes para abonalos. Os viciños critican a demora e a conseguinte perda de valor dos cartos. ♦

Na Fonsagrada seguen esperando pola reelectrificación

Viciños de Ortigoso, Lamas de Campos, Penamaria e San Cibrao de Trapa na Fonsagrada seguen esperando que a Consellería de Industria e a compañía Begasa dispoñan dos 26 millóns de pesetas necesarios para a reelectrificación dos seus lugares. Igual que acontece nestas aldeas e segundo denunciou o BNG no Parlamento, as empresas eléctricas están a cobrar aos usuarios, nomeadamente do meio rural, por unha tensión de 220 vóltios cando algúns casos suministran menos de 170. Na iniciativa preguntábase tamén en que data ten pesado rematar a Xunta o Plano Mega, de Mellora Eléctrica de Galiza, posto en marcha hai unha década. ♦

O PP de Vilaboa aproba a urbanización do polígono no que prevé instalar a empacadora

A oposición ao Goberno municipal de Vilaboa, BNG, PSOE e PIE presentará unha nova querrela criminal no Xuzgado de Cangas e un novo contencioso ante o TSXG ao considerar ilegal o acordo polo que o PP aprobou en solitario, no pleno o Xoves 27, o proxecto de urbanización do polígono de Bertola, onde está previsto que se instale a empacadora. Axentes antidistúrbios da Garda Civil desaloxaron o pleno que foi suspendido durante quince minutos e que continuou posteriormente a porta pechada. Os viciños desaloxados exixían a axilización dos expedientes presentados en distintos xulgados pontevedreses contra a empacadora. ♦

COMARCAS

O concello de Foz envia lixo sen compactar a Cerceda Oposición viciñal en Barreiros á empacadora da Mariña

◆ B.R.L.

Os alcaldes de dez concellos da Mariña luguesa decidiron o pasado día 19 de Agosto que a primeira empacadora da comarca, integrada no plano Sogama, será instalada no concello de Barreiros. Os viciños e a oposición municipal cren que se escolleu o lugar menos acaído para a súa construción, nun dos máis transitados accesos por estrada á bisbarra, próximo á ría de Foz e sen que se dispoña de terreos nen de estudo de impacto ambiental.


O plano Sogama, vixente desde Xaneiro do 1992, contempla a instalación de empacadoras —denominadas ecoplantas— por todo o país, nas que se almacene e compacte o lixo que logo se queimará na incineradora de Cerceda. O plano contemplaba a instalación de dúas destas estacións de transferencia de residuos na Mariña luguesa. Os alcaldes da Mariña veñen de decidir a ubicación dunha desas dúas empacadoras en Barreiros, onde se están reproducindo os episodios de rexeitamento social que provocara a instalación de ecoplantas en varias vilas galegas.

O emprazamento escollido para a construción da planta é o triángulo formado polos lugares de Pozomouro, Cruz do Lobo e A Espiñeira, enmarcado por tres estradas que comunican os concellos costeiros da Mariña central e occidental co centro da provincia. Os viciños de Barreiros, que xa protagonizaron unha concentración e recolleron máis de 1.300 sinaturas en contra da empacadora, temen que a construción da planta produza problemas de salubridade ambiental, devalue as súas propiedades e influa negativamente na afluencia de turismo.

Digna Irlímia é propietaria do restaurante *O Asador*, a uns poucos metros do lugar no que se pretende instalar a empacadora, e asistiu o Mércores, 26 de Agosto á concentración diante do concello que convocaron a comisión viciñal e a asociación de comerciantes da localidade, apoiada pola asociación de viciños de San Cosme, o BNG e o PSOE comarcal. Digna, como moitos viciños, acusa ao alcalde, Manuel Díaz Pedrosa, que "mentres a ESO e os servizos sanitarios van para os concellos grandes accede a que nos traian a empacadora".

Visita a Ribadúmia

Manuel Díaz insiste en que a planta non prexudicará o medio ambiente, resolverá o problema do lixo da Mariña e creará postos de traballo na localidade. Na pasada semana o alcalde organizou unha visita ao centro de transferencia de Ribadúmia á que non asistiu nengun dos viciños, que opinan, como Xesus Seivane, presidente da aso-



Xosé Mª García Rivera, alcalde de Foz.

ciación de comerciantes de Barreiros, que "a planta destruírá máis empregos dos que pode crear porque neses terreos o concello prometera construír un polígono industrial".

A oposición municipal, formada por tres concelleiros do BNG, considera que o enclave elixido para a construción da planta "non é o máis aconsellábel" e atribue a escolla de Barreiros, e non de localidades como Foz, Burela ou Ribadeo a que "o noso é un concello rural no que o custe político para o PP vai ser moito menor". António Veiga, un dos tres concelleiros nacionalistas, denuncia a situación medioambiental de Barreiros "onde até hai pouco se estiveron realizando vertidos das fosas sépticas nas praias e no río" e que o lugar no que se pretende construír a planta nen sequer cumpre os criterios fixados pola Consellería de Medio Ambiente para albergar un centro destas características, "nen está o máis achegada posíbel ao maior centro de produción de residuos sólidos urbanos, nen distanciada das vivendas".

Alternativas a Sogama

Nunha comarca na que só tres concellos non están gobernados polo Partido Popular só Foz tentou desmarcarse do plano Sogama durante o goberno de coalición entre PSOE e BNG, propondo a creación dun vertedoiro controlado. Os socialistas botáronse atrás, e o pacto de goberno crebrou rematando con calquera posibilidade de que na Mariña se chegase a un acordo mancomunado para a xestión do lixo que pasase pola reciclaxe. Xoán Moreira Pinto, voceiro do BNG en Foz denuncia que "o concello leva máis de un mes e medio transportando lixo sen empacar a Cerceda tres veces á semana, co custe que iso supón". Pinto afirma que "a rendabilidade económica que procuraba Sogama perigaba se Foz se desmarcaba do plano", cre que o PP "presionou politicamente para que iso non sucedese" e que agora acelera a construción da empacadora en Barreiros "porque o problema do lixo na comarca é a cada paso máis grave".

Segundo o BNG do Porriño cambiouse a lista de expropiados de xeito irregular Denúncian o desvío do río Louro para salvar unha propiedade

◆ A. ESTÉVEZ

Cando a oposición pediu un pleno extraordinario no concello do Porriño para que a equipa de goberno se posicionase a favor de aplicar orde no caos urbanístico da vila, o PP, con doce representantes fronte a cinco, votou en contra. Á vista está o crecemento desordeado da vila, cunhas normas urbanísticas do ano 1966, pensadas en pleno desarrollismo para diascentas mil persoas nunha vila na que o censo ronda os 16.000 habitantes. A recuperación do río Louro presúmese como un paso cara á mellora da vila pero o desvío do seu cauce para salvar unha propiedade en construción ven de ser denunciado polos nacionalistas do Porriño como un trato de favor cara aos contrutores da vila.

O proxecto de paseo fluvial polo Louro corre présa despois de que se aprobase o proxecto por unanimidade nun pleno municipal do ano 1995. Está incluído dentro do plano de saneamento integral do río, que afecta aos concellos do Porriño, Mos, Salceda e Tui. A Confederación Hidrográfica do Norde elabora o proxecto de pa-

seo e o encargado de executar as expropiacións precisas é o concello, aínda que tiveron que ser aprobadas pola Xunta.

Os concelleiros nacionalistas detectaron que o paseo afectaba a unha propiedade na que un construtor, Salvador Martínez Alfaya, tiña previsto edificar, para o que solicitara unha licéncia municipal no ano 1992. A licéncia outorga un ano para iniciarlle a obra e tres para rematala. Até este ano, cando se ven de aprobar a cesión de terreos para a recuperación do río, non se comezou a edificar. O aparelador do edificio é o segundo tenente alcalde do concello Manuel Novás Medín. No proxecto realizado pola Confederación Hidrográfica o edificio non ia poder ser levantado xa que boa parte do solar viase afectada pola expropiación. Tanto os nacionalistas como a propia Confederación instaron á equipa de goberno a que dera por caducada a licéncia. Pero finalmente foi a Confederación Hidrográfica que fixo a modificación do proxecto, alegando "causas técnicas", polo que a obra non se verá afectada.

Para salvar o obstáculo, segundo explica o voceiro nacionalista Raul Francés, cambiouse o proxecto, desviando o curso do río, e a lista de expropiacións, no que se refire á cantidade de metros a expropiar aos viciños. "Desde o concello reiteráronsenos que o paseo non afectaba a este solar e insinúan que, en todo caso, hai unha solución. Despois comprobamos que xa preveran a solución, facer a Confederación Hidrográfica que cambiase o curso do río no proxecto do paseo. Non é xustificábel porque a construción non é unha vivenda familiar, senón que se van vender pisos e, incluso, o construtor tivo unha paralización desde o concello porque a obra non se estaba acoñecendo ao concedido na licéncia. É inconcebíbel que se cambie o curso dun río e un proxecto de paseo de 200 millóns de pesetas para erguer unha construción que non é prioritaria socialmente", comenta Raul Francés.

Os nacionalistas reseñan a irregularidade que supón entregarlle á Xunta unha lista de expropiacións e executar outra diferente e, por esta razón, están estudando posíbeis ilegalidades no proxecto. ◆

XII Feira do Moble de GALICIA 1998

A Estrada, do 5 ó 13 de setembro



Mobles • Carpintería de madeira, metálica e plástica • Cociñas e Sanitarios • Iluminación • Textil Fogar • Cristalería • Artesanía e Complementos • Informática • Bricolaxe • Antigüidades • Maquinaria • Madeiras • Forestal


Industria paga unha modernización que só beneficia á compañía Telefónica leva a rede dixital ao rural pero non soluciona os problemas dos teléfonos sen fio

⇒ H.V.

Segundo a Consellería de Industria, o 90% das cincocentas centraliñas da Telefónica no rural xa dispoñen de acceso á Rede Dixital de Servizos Integrados, o que permite aos usuarios que o demanden e cumpran determinados requisitos dispor dos servizos avanzados que dá a compañía. Porén, a Telefonía Analóxica Celular, os populares teléfonos sen fíos do rural, seguirán sen contar no mundo das modernas comunicacións. A Xunta pagou unha parte da liñas, o que permitirá á Telefónica fortalecer a súa posición no mercado diante da liberalización das telecomunicacións.

A Xunta de Galiza é o principal benefactor da Telefónica na Galiza. Desde chegar Fraga ao poder, e sob a excusa da modernización, pagou parte dos investimentos en infraestruturas que a compañía realizou no país, aínda que nos máis dos casos estes investimentos non foron tan modernizadores como a Telefónica e a Administración aseguran. O caso do rural é significativo, xa que nas zonas de difícil orografía a Xunta pagou unha Telefonía Analóxica Celular, TAC, que desde o principio se sabía que non servía para as modernas transmisións que a sociedade actual precisa.

Agora a Xunta ven de financiar en parte outro investimento que beneficia máis á Telefónica que ao propio rural. Trátase da instalación até as centraliñas das liñas da Rede Dixital de Servizos Integrados. En teoría isto permitiría, ademais da dixitalización da rede, permitir a chegada da RDSI aos domicilios dos usuarios, pero só será cando paguen a correspondente conexión. En calquer caso, o acceso non será posíbel para aqueles clientes titulares de liñas servidas con TAC, xa que



O acceso á Internet seguirá a estar vedada aos usuarios que teñen os TAC (Telefonía Analóxica Celular). A.N.T.

a capacidade da banda non permite unha transmisión en condicións. Nestes casos, será previsto a substitución da telefonía por rádio pola fixa, coa instalación dunha liña de RDSI até o domicilio do cliente. Deste xeito, a Xunta terá pagado os investimentos dúas veces, a primeira para a instalación da TAC no meio rural e a segunda pola RDSI tamén no rural para aqueles casos que precisen

dun acceso con calidade aos servizos avanzados de telecomunicación.

Precisamente no momento de instalar os TAC a Xunta facía fincapé no reto da modernización do campo, pero ao tempo dotaba ao rural dun sistema de comunicación que impedía esa modernización através do acceso a redes que poderían mellorar a produtividade do agro. ♦

A Xunta paga á Telefónica a ampliación do mercado

Segundo a Xunta, nun plano plurianual que foi de 1994 a 1998 investíronse 11.340 millóns de pesetas para converter en dixitais todas as centrais telefónicas do país. Deses cartos a Xunta aportou 3.288 millóns. Segundo as mesmas informacións, foron substituídas 272.000 liñas analóxicas por dixitais e se instalaron 9.628 accesos básicos ás liñas da Rede Dixital de Servizos Integrados (RDSI).

Coa popularización das liñas de RDSI en todo o territorio, a Telefónica abre un novo mercado coa axuda da Xunta. A Administración autonómica está a proceder a subvencionar ás pequenas e medianas empresas para a instalación de liñas RDSI. Sen embargo, a Telefónica non procede a substituír as liñas normais por RDSI, senón que instala unhas novas deixando operativas as antigas, de modo que queda am-

pliado o servizo e parellamente a facturación por liña.

O antigo monopólio procede á modernización porque, coa liberalización das telecomunicacións, a lei obriga á Telefónica, como operador preponderante, a dar acceso en condicións ao servizo básico de telefonía, o que nestes momentos supón favelo através dunha rede dixital que facilite as conexións sen dificultades. ♦

Máis lumes

MANUEL CAO

A eficacia do custoso aparello antilumes montado pola Xunta de Galicia está a verse seriamente cuestionada neste verán de 1998 debido a unha serie de circunstancias concorrentes que facilitaron a recrudescimento da actividade incendiaria dos diversos axentes que pululan arredor dos bosques galegos. Tales factores son, entre outros, a relativa eficacia anterior na supresión dos lumes que facilitou o medre continuado de árbores e plantas, as altas temperaturas deste verán e a permanencia dos factores estruturais que fixeron que noutros tempos a actividade incendiaria fose tan importante. Así, á destrución forestal con finalidade de aproveitamento gandeiro ou madeireiro súmase a utilización dos lumes como medio rápido e barato de limpeza de terreos susceptíbeis de recalificación urbanística como ocorre nas proximidades das principais cidades e vilas costeiras inzadas de complexos urbanísticos de mellor ou peor gusto arquitectónico.

Son múltiples e diversas as causas dos lumes sendo necesario analizar polo miúdo as características estruturais de cada unha das zonas da nosa xeografía para coñecer cales son as causas e consecuencias dos lumes e os seus beneficiarios e perjudicados. Está claro que case todos os incendios son provocados directamente pola man do home e que a eficacia do aparello actual antilumes, sendo estimábel o esforzo e a adicación das persoas que o compoñen, aparece lastrada pola ausencia dunha política de prevención e coidado continuado do monte galego e, sobre todo, pola inexistencia dunha función social e económica que se ha de asignar consensualmente para os nosos bosques entre propietarios públicos e privados, grupos políticos e asociacións de todo tipo que teñan interese lexítimo e influencia real na xestión actual e evolución futura da nosa riqueza forestal e paisaxística.



‘Ven sendo hora de que a política antilumes se transforme, co apoio da sociedade, nunha política integral para o monte galego’

As políticas de conservación e mellora do medio natural han de abraxer todos e cada un dos eidos nos que se manifesta a acción política e de goberno das diversas administracións públicas. Do mesmo xeito que a sensibilidade ecolóxica en xeral está, ou debería estar, introducida hoxe en cada unha das institucións e actuacións dos axentes sociais e políticos a preservación da nosa riqueza forestal e a xestión do monte só é posíbel se existe un acordo de base dunha maioría social representada polos seus portavoces naturais. Podemos observar que a problemática dos incendios afecta a case todos os países do mundo sendo complicado de resolver debido a que a acción illada ou non de pequenos grupos pode botar polo chan o esforzo conservacionista de varias xeracións de persoas. A implicación da sociedade na conservación da natureza é imprescindible para acadar resultados positivos.

En particular, en Galiza, ven sendo hora de que a política antilumes se transforme, co apoio da sociedade, nunha política integral para o monte galego sendo o actual goberno de Xunta o principal responsable por incapacidade para dialogar e consensuar coas organizacións sociais e sectoriais e cos representantes políticos os medios xurídicos e o sistema organizativo e financeiro para facer efectiva a conservación dos nosos bosques. ♦

Cinco peóns da construción da Coruña tiveron que voltar de Canarias ao non cumprirse as condicións laborais asinadas

Denúncian o fraude dun traballo en Lanzarote xestionado pola ETT Laborman

⇨ A. ESTÉVEZ

Ian para ano e meio pero, ao final, só permaneceron uns días en Lanzarote. Trátase dun grupo de traballadores da comarca da Coruña que, através dun anuncio na prensa no que se pedían peóns e oficiais de primeira, foron traballar na construción ás Canarias, coa promesa dun bon salario, manutención e aloxamento. A mediados de Xullo, asinaron un contrato coa Empresa de Traballo Temporal *Laborman* na Coruña, polo que ian traballar na construción. As presas fixeron que o contrato só o asinasen os traballadores e se enviasen a Canarias para formalizalos. Ao chegar allí, as condicións laborais eran ben diferentes.

Os once traballadores atopáronse coa sorpresa de que a empresa usuária da ETT, *Construcciones Buenaventura Repor S.L.*, ofrecía unhas condicións ben diferentes das acordadas con *Laborman*. Se acordaran un salario mensual, de 170.000 pesetas, ali o empresario preten-



dia rebaxalo; se tiñan un horario acordado, Buenaventura pretendía que traballasen a destallo. Ademais, o aloxamento non tiña as condicións requiridas —non había auga corrente nen luz— e, tras queixarse, o empresario da construción aloxounos nun complexo hosteleiro da súa propiedade. A manutención corría pola conta dos propios traballadores.

O fraude fixéronno público en rolda de prensa o Xoves 27 de Agosto na Coruña dous dos afectados, Tomás García e Xosé María Mantiñán, e un representante da CIG, Paulo Carril. Cinco dos once traballadores voltaron o 31 de Xullo para Galicia cando o empresario canario obrigounos a abandonar as habitacións que ocupaban. Presionaron a *Laborman* da Coruña

para que lles remitise cartos para mercar o billete de avión de volta. Catro deles conseguiron, alomenos, non ter que desembolsar cartos para o retorno, outro traballador tivo que pagar o billete e o resto quedaron en Canarias, á procura dun traballo que lle amortice o desprazamento.

Desde o punto de vista legal, non se pode denunciar a ETT, segundo explican na CIG. "O contrato de aquí só estaba asinado polos traballadores e non tiña a validez necesaria. A complexidade na que se moven as empresas de traballo temporal fai que sexa difícil denunciar un fraude deste tipo", sinala Paulo Carril, quen engade que "a ETT tiña que ter tomado cartas no asunto e que fose a delegación nas Canarias quen solucionase as denuncias dos traballadores". O representante da central nacionalista sinala que este feito insírexe no funcionamento das ETTs "que se adican ao tráfico de man de obra que, polo mesmo traballo, ten unhas condicións máis precarias e menor salario".

Dous obreiros mortos na construción en Cerdedo e Narón

Varios accidentes laborais tiveron lugar durante a última semana, dous deles co resultado de dous obreiros da construción mortos. Un traballador de Vigo, de 22 anos, morreu o Luns 31 de Agosto ao caer da uralita do pavillón polideportivo de Cerdedo, no que instalaban unha cuberta. Ao día seguinte, no polígono As Lagoas, de Narón, outro traballador, de 39 anos, falecia ao caer sobre o seu corpo unha mampara metálica de nove toneladas de peso. O xulgado de Ferrol investiga o accidente e a posibilidade de que non se tomasen medidas de prevención. Outros tres obreiros, en Tomiño, cairon dun tellado o Martes 1 e un deles atopábase en estado grave.

A CIG solicita unha reunión para analizar a poboación de sardiña

A central nacionalista CIG ven de solicitar unha reunión na consellería de Pesca para analizar a situación da poboación de sardiña, na que están presentes os sectores implicados na captura deste peixe. A reunión pídesse días despois que desde o Instituto Oceanográfico de Vigo se alarmase pola escasez desta especie.

O director do Instituto, Alberto Gonzalez Garcés sinalou que os estudos recén levados a cabo amosan que non hai sardiñas nas costas galega e portuguesa do Atlántico e nas costas do Cantábrico polo que engadiu que era unha problema a tratar non só pola frota galega, senón tamén en Portugal e no Norde do Estado.

Máis de mil pescadores voltan polo paro biolóxico de Marrocos

A frota galega que traballa na captura de cefalópodos no banco canario-sahariano e no mauritano está chegando estes días a casa polo paro biolóxico de dous meses decretado por Marrocos e Mauritania. Máis de mil traballadores, a grande maioría doa comarca do Morrazo, estarán os vindeiros dous meses sen cobrar cando, ademais, sinalan que a campaña foi un desaste economicamente. Os pescadores están convocados pola *Asemblea de Traballadores en Loita* para o día 10 de Setembro coa fin de acordar medidas e solicitar axudas económicas mentres dure o paro.

O acordo pesqueiro con Marrocos remata no mes de Setembro do vindeiro ano.

Os nacionalistas demandan aclarar que intereses se agachan detrás do negocio do lume

O BNG pide reformas no aproveitamento forestal para evitar incendios

⇨ P.C.

A falta de planificación dos usos do chan e unha non axeitada política de aproveitamento dos recursos forestais, agrícolas, gadeiros e cinexéticos son as causas fundamentais que están a provocar, segundo o BNG, a proliferación dos incendios. Desde a formación nacionalista veñen de presentarse dúas proposicións non de Lei através das que se solicitan medidas dirixidas a modificar as políticas aplicadas nos últimos anos polo Goberno do PP no agro galego, cunha nova definición e ordenación de cultivos, a prohibición da reforestación con eucalipto, a intervención pública da madeira queimada para evitar a especulación, a promoción da repovoación con especies autóctonas e un cambio na política de subvencións que asegure a limpeza dos montes.

Os incendios forestais, alén de provocar importantes perdas económicas, demostran, segundo o deputado nacionalista Emilio López Pérez, o fracaso da política forestal aplicada polo goberno do PP. Para pór fin á proliferación de lumes o BNG entende que habería que elaborar un novo modelo de ordenación do territorio e unha nova planificación para o aproveitamento dos recursos, non só forestais, senón tamén agrícolas e gadeiros.

A primacia dos intereses económicos privados nas políticas desenvolvidas pola Administración, de cara á obtención de beneficios

a curto prazo, conlevo a promoción da repovoación con especies como o eucalipto e o piñeiro e a potenciación do abandono dos usos agrícolas e gadeiros.

Ainda tratando de favorecer o aproveitamento forestal fronte a outros usos, as políticas desafiadas adiaron o artellamento de liñas de investigación que percuraran a mellora das especies madeiráveis ou do desenvolvemento dos montes. O Goberno do PP "nen sequer ten reclamado as competencias sobre a recollida e control da xenética das especies autóctonas", sinala o parlamentario do BNG, "e tampouco se teñen feito análises nen estudos dos ataques de fungos que están a sufrir as castiñeiras e os carballos. Non se está a rexenerar nen a conservar nengun soute. Xa non falemos de especies de tanto interese como o teixo ou o buxo, totalmente esquecidas".

Para corrixir estas eivas e virar as liñas de actuación de cara a unha maior protección e promoción dos montes propónse facer un inventario de toda a masa xenética, tanto das especies madeiráveis como das arbustivas. Ao tempo, demánda-se un incremento dos orzamentos destinados ao Centro de Investigacións de Lourizán para que conte cos medios económicos e humanos necesarios para reforzar o seu labor investigador no campo da silvicultura e que extenda a súa área de actuación a todo o país.

Política de subvencións

A limpeza dos montes é outro dos elementos fundamentais para evitar que se produzan incendios. Pero as liñas de subvención abertas pola Administración non aseguran o mantemento das superficies destinadas á explotación forestal. Até agora estes cartos destinábanse exclusivamente á repovoación e unha vez cobrados os montes quedaban abandonados. Para evitar esta situación o BNG entende que habería que asegurar subvencións por un mínimo de dez anos, e non cinco como se viu facendo até o momento. Ao tempo sería imprescindible que estas axudas se condicionaran á limpeza previa e mantemento das áreas repovoadas.

Co incremento do número de incendios púxose de manifesto, segundo Emilio López Pérez que "é un erro dicir que a política contra incendios non ten nada que ver coa política forestal, vai intimamente unida, ao igual que a ordenación do territorio ou a ordenación e planificación da nosa agricultura e gadeiría". A ausencia de medidas eficaces de prevención provocan o fracaso e a perda dos investimentos que se destinan á extinción.

Como se viu sinalando ao longo do verán, moitos son os intereses que se agachan detrás dos lumes. Por iso, para evitar calquera tipo de "manobra especulativa", demánda-se a intervención pública da madeira queimada e a prohibición do uso urba-

nístico ou industrial das áreas queimadas que teñan aproveitamento forestal. Estas medidas restrictivas terían que ir necesariamente acompañadas dunha nova definición e ordenación de cultivos que tivera en conta a prohibición das repovoacións con especies pirofitas nas áreas degradadas polos incendios e a promoción da reforestación con especies autóctonas.

Comparecencia de Carlos del Álamo

Para explicar as medidas adoptadas desde a Administración en materia de extinción de incendios, o conselleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo, ten solicitado a petición propia a comparecencia na cámara. Desta comparecencia, López Pérez subliña a necesidade de que "nos rinda contas moi precisas do negocio do lume".

O grupo parlamentario nacionalista espera que o conselleiro xustifique os acordos asinados con empresas intermediarias para levar a cabo os labores de extinción, control do lume, quen elabora o plano INFOGA, por que se traen medios de Polónia ou canto cobran os helicópteros cada vez que saen. Ao tempo exixen a profesionalización destes servizos e que se aclaren as débedas adquiridas por estes traballos con empresas como GIO ou os intereses que teñen nos montes entidades como Silvanus, por entender que obtención importantes beneficios coas superficies queimadas.

DEPORTE - ESPECTÁCULO

Unha desputa inútil cando comeza a Liga

Celta e Deportivo puxan pola supremacia

◆ PUCHEIRO

O empate sen goles no primeiro partido da Liga, celebrado o 30 de Agosto en Balaidos, non veu aclarar nada, pero Celta e Deportivo encaixáronse nunha desputa tan disparatada como inútil: reclamar a súa particular supremacia no fútbol de Galiza.

Cando remate a Liga de Fútbol, os resultados poñerán ás equipas no seu lugar na táboa. A equipa que quede primeira poderá reclamar a súa primacía no fútbol-espectáculo galego. É polo tanto inútil que xogadores, directivos, xornalistas e siareiros da Coruña e de Vigo alenten unha nova polémica sobre que plantilla sobrancea sobre a outra. Para iso se xoga a competición, para determinar o lugar que lle corresponde a cada quen. Elemental.

Certamente semella que o Celta sae con máis folgos, polo visto en Balaidos o Domingo, e por estar en competicións europeas despois de 24 anos. Pero a pretempada do Deportivo tamén lles fai acubillar grandes esperanzas aos seus siareiros, directivos e medios de comunicación. Pero, xa se sabe, as expectativas, as intencións, os lanzamentos publicitarios para conseguir máis abonados ou vender máis xornais ou espazos publicitarios, se non se corresponden logo coa realidade, perden a maior parte da efectividade e até se poden voltar na contra dos promotores.

Dirimir a supremacia dunha equipa ao comezo da tempada é unha patochada porque se crean enfrontamentos inúteis e, a longo prazo, negativos para ambos clubs porque fomentan a división dos siareiros arredando de ambos e dous campos (como está a ocorrer ultimamente) aos afeizoados menos apaixonados e máis radicais. Uns porque non queren trifulcas, outros porque saben que non lles van permitir.

Non vale de nada remontarse á tempada pasada como fan algúns celtistas, cando o Celta superou claramente ao Deportivo, ou á cativa historia recente como fan os deportivistas, cando non se poñen a sopesar toda unha historia que, sexa cal sexa, para todos os siareiros o seu club tena gloriosa, como se encargan de pór de manifesto a maioría dos seus himnos.

Perxudicial para Celta e Deportivo

A rivalidade é imprescindible nas competicións. Pero o fútbol da Primeira División non vai poder subsistir coa sublimación das competicións como elemento dinamizador das masas. A esencia das Ligas de Fútbol está, e vaine estar cada vez máis, no espectáculo para poder sobrevivir nos niveis orzamentarios nos que se moven as empresas deportivas a cada máis de espectáculos. A competición unicamente vai quedar reservada para o reclamo externo.



As preferencias do público decídense ao longo da competición.

A.N.T.

É tamén cativo de miras centradas sempre a confrontación directa, a rivalidade, no opoñente máis próximo. Un Celta e un Deportivo que pretendan facerse cun lugar nos grandes do espectáculo futbolístico deben de procurar que os seus contrarios-referentes sexan Madrid e Barcelona. A historia recente do Deportivo demostra que só así é capaz non só de criar unha identidade propia, senón de competir polos espectadores e as equipas referentes estatais.

A competencia pola captación

dos espectadores, centralizada sobre todo polo Madrid e Barcelona, cobra cada vez máis importancia, pois xa non se trata tanto só de conquistas aos cidadáns de Vigo ou a Coruña ou mesmo da Galiza Sul ou Norte, senón de lograr que, cada vez máis xente siga os partidos através das televisións dixitais. Nos próximos anos as televisións e a publicidade, tanto indirecta como directa, van ser a maior fonte de financiamento dos clubs. E a puxa vai estar en función dos espectadores.

A desputa por unha primacía ta-

mén sería chusca, senón fose dramática desde a súa propia concepción propagandística, cando falan de fútbol galego e só dous xogadores desta nacionalidade saltan ao campo. A supremacia das equipas de fútbol galego habería logo que medira, para ser consecuente, tendo e conta cantos xogadores galegos forman nas suas alineacións e plantillas. Secadra poderíalles dar o maravilloso resultado dun Athletic de Bilbao: con xogadores só de Euskadi vai disputar a *Champions League* europea. ◆



De traballador na recollida de lixo ao servizo de sumidoiros (II)

O obxector de conciencia Xosé Luis Faro Fernández xa protagonizou esta mesma sección no anterior número (ANT nº 845) ao ser destinado polo alcalde do concello de Mondariz, Xan Reboreda, ao servizo de lixo. Despois de que os grupos da oposición, BNG e PSOE, denunciásen no Valedor do Povo e nos

meios de comunicación o caso de Xosé Luis, o alcalde buscou un novo destino: agora adicase á limpeza dos sumidoiros da vila, como se pode ver na fotografía.

Reboreda que asegura que foi o obxector quen pediu o destino na recollida de lixo, sinala que só está colaborando e que non ocupa nengunha praza laboral. Xosé Luis Faro solicitou unha praza en conservación do medio ambiente, que non en recollida de lixo nen na limpeza de sumi-



doiros. Actualmente está traballando coa Brigada Municipal de Servizos e Obras, que se ocupa dos sumidoiros, e está integrada por mozos que cobran máis de cen mil pesetas atendendo a un contrato laboral mentres el non ten salario ao estar facendo a Prestación Social.

Os grupos municipais socialista e nacionalista denuncian que "volve a ocupar un posto de traballo, que a actividade que desenvolve nada ten que ver coa que solicita por escrito e que a actual ocupación é aínda máis perniciosa para a súa saúde, debido á soriase (afección da pel) que padece".

Mentres o alcalde popular acusa á oposición dunha campaña por estar próximas as eleccións municipais, os denunciados chamaron reiteradamente á oficina de inspección da PSS na que non lle dan resposta e levaron o caso á Consellería de Xustiza e á inspección de traballo da Seguridade Social. Pensan que a actitude de Reboreda amosa "o seu máis sincero desprezo tanto á legalidade vixente como á dignidade humana". ◆

A profesionalización do exército multiplicará os gastos militares, segundo a ANOC

A Asemblea Nacional de Obxección de Consciencia matizou as declaracións do ministro de Defensa, Eduardo Serra, relativas ao gasto militar, que fixo con motivo da presentación do proxecto de profesionalización do Exército español. Máis sinala Serra que no ano 2003 destinarase o 1,35% do PIB ao Exército, un dos orzamentos máis cativos en Europa, desde a ANOC reseñan que hai "gastos agochados" nos departamentos de Industria, Interior, Xustiza ou Sanidade que farían que o orzamento real para o Exército iría máis alá do 2,5% do PIB. A ANOC, que vai comezar unha campaña este mes para informar sobre a obxección, subliña que a loita antimilitarista non remata porque a mili obrigatoria sexa abolida senón que considera necesario que os fondos militares sexan destinados a outras fins como a creación de emprego. ◆

Convócase o Comité de Defensa do Monte, aberto a toda a sociedade

O vindeiro Luns 7 de Setembro ás cinco da tarde a CIG convoca a todas as forzas sociais en Santiago, no seu local de Entrepexegos, para pór en marcha o Comité de Defensa do Monte. Até o momento esta plataforma estaba composta exclusivamente pola Xunta e as Administracións públicas. Con esta iniciativa, na que se quer da cabida a organizacións políticas, culturais, ecoloxistas e de todo tipo, preténdese crear un fronte máis amplo que implique a todos os sectores da sociedade na defensa do monte. ◆

A Protectora de Animais de Portugal denuncia a morte dos touros

Os toureiros españois acudiron ás festas da localidade portuguesa de Barrancos, participaron nunha corrida e, finalmente mataron aos animais. En Portugal, a lei proíbe matar aos touros desde o ano 1928, pero os viciños de Barrancos apelan á tradición das súas festas. A Sociedade Protectora de Animais denunciara ante un xuíz de Lisboa o que ia acontecer en Barrancos pero, máis a presenza da policía durante as corridas, preferiu non evitar o sacrificio ante as "consecuencias imprevisíbeis". É moi probable que o debate chegue á Asemblea da República. ◆

ETA podería anunciar unha tregua unilateral nos próximos días

PNV e HB xa chegaron a algúns acordos mínimos

⇨ B. LAXE

Existen xa uns mínimos acordos entre peneuvistas e abertzales. Así o creñ diversas fontes consultadas en Euskadi por *A Nosa Terra*, aínda que ningún se atreve a afirmalo publicamente. A sensación que se respira nos círculos políticos bascos é que, neste mes de Setembro, posibelmente coincidindo coa convocatória do Foro de Irlanda, se poden producir novas relevantes, comezando polo anuncio dunha tregua unilateral por parte de ETA.

O Foro de Irlanda, que convoca a todos os partidos nacionalistas bascos, sindicatos e movementos sociais, pode ser o detonante que imprima un xiro importante á política de Euskadi, aínda que a coincidencia xeneralizada da maioría dos observadores é a de que o rouse xa se deu coas conversas que PNV e HB mantiveron todo este verán.

Rafael Díez Usabiaga, secretario xeral do sindicato abertzale LAB, afirma que de manterse a liña dun "frente nacionalista basco" que están a defender tanto PNV como HB e EA, "creariase unha onda político-social imparábel para o logro da paz e da liberdade deste pobo". O sindicalista afirma tamén que pode aparecer unha nova maioría política e social en Euskadi, de frutificar as conversas.

O sempre cauto *lehendakari*, José Antonio Ardanza, clausurou a quinta lexislatura do Parlamento Basco cun claro respaldo ás conversas que están a manter PNV e HB. Cun optimismo descoñecido, chegou a afirmar que a próxima lexislatura "pode ser a da paz". A existencia de avances descoñecidos tamén se puxo de manifesto nas verbas de Ardanza ao pedirles a PP e PSOE que sexan prodentes e non ridiculicen o proceso "porque descoñecen como están as cousas".

Ardanza recoñeceu que "cando unha dirección (como a de HB) estivo moito tempo provocando o enfrontamento é imposible que poda dar un rouse de 180 grados de repente". Ao mesmo tempo, o voceiro da executiva guipuzkoana do PNV, Juan María Juaristi, recalco que as presións que se están exercendo contra HB para que condene a violencia "dificultan a reflexión da propia organización abertzale".

O presidente de Eusko Alkatasuna, Karlos Garaikoetxea, pola súa banda, ratificouse na idea de impulsar para despois das eleccións do 25 de Outubro "unha fronte nacional vasca". Garaikoetxea considera que xa chegou a hora de unir a todos os nacionalistas nuns ideais comúns. En círculos do PNV e de EA as discusións xa están centradas se HB podería ocupar algunha consellería no futuro goberno nacionalista que prevén constituir en Euskadi ou sería unicamente un pacto con apoio parlamentario abertzale, mentres non se avanza nas negociacións con ETA. O primeiro paso sería o anuncio dunha tregua por parte da orga-



Joseba Permach, portavoz nacional de Herri Batasuna, nunha rolda de prensa.

nización armada. Voceiros do PNV e de EA expresan a firme vontade de lograr que ETA realice este anuncio cantos antes.

Desde a chamada *Terceira Vía*, na que participan movementos sociais e sindicais, comandada por Elkarri, afirman que eles seguen traballando e conseguindo avances significativos. Insinuando que publicamente deixaron paso ás organizacións políticas para non interferir nas eleccións.

Son significativos tamén algúns acenos que realizou o Vaticano reclamando a paz nun tono antes nunca empregado.

Reaccións do PP e PSOE

Se os nacionalistas falan dunha fronte común, ante o *frente español* (en palabras de Arzallus), desde o PP e PSOE tamén están a barallar a posibilidade dunha coalición de goberno dos partidos estatais no hipotético

caso de que as furnas llo permitisen no próximo Outubro. Ambos partidos móstranse nerviosos ao quedar superadas as súas estratexias políticas, que tentaron aferrollar no Pacto de Euzuria Enea, pola dinámica imposta polo PNV.

Desde o PSOE, Ramón Jáuregui, afirma que "a executiva do PSOE sospeita que PNV e HB preparan unha tregua táctica de ETA só para as eleccións, algo que beneficiaría ás dúas formacións". Desde o PSE tamén se afirma que xa existen entre PNV e HB "pactos que non son públicos". Pero, ao mesmo tempo non se queren desmarcar da dinámica que están a impulsar os nacionalistas. Así, no documento de programa electoral, os socialistas propoñen "sondear a ETA e ao seu entorno". Esta proposta deu lugar a unha importante diatriba no partido, coa intervención de Madrid. O secretario xeral, Joaquín Almunia mostrou o seu desacordo con este término, "aínda que non sexa interpretado como conversas". O certo é que agora o PSOE propugna que sexa o goberno central e o autonómico os que realicen eses contactos con ETA, no intento de sacarlle protagonismo á vía peneuvista.

O PP, pola súa banda, sigue criticando con dureza ao PNV, por máis que, desde círculos *helkides*, se sospeite que é "unha postura eminentemente electoral e de certos militantes e integrantes do goberno central", ao considerar que hai un apoio tácito ás conversas do PNV desde as máis altas instancias do Estado e da UE. ♦

G. LUCA DE TENA

Egin: o proceso como castigo

O xuíz Baltasar Garzón confirmou nun auto de 104 fólíos a prohibición de editar o diário Egin, co que se formaliza legalmente o primeiro caso de censura previa desde a morte de Franco.

O argumento de Garzón é comparábel ao que esgrimira o xuíz Bueren para encerrar en Carabanchel ao xornalista de Barbantes Pepe Rei, xefe da Sección de Investigación do diário Egin. Bueren fixo seu o lema *Rei apunta, Eta dispara* que aparecera en cartaces por todo o País Basco como parte dunha millonaria e inxuriosa campaña contra o periódico. Pero o xuíz da Audiencia non puido probar que existise delito nas informacións asinadas por Rei nen moito menos unha relación causa efecto entre o publicado polo diário e algúns atentados de ETA. A defensa de Rei demostrou que as noticias criminalizadas por Bueren apareceran antes ou ao mesmo tempo noutros periódicos e lembrou, sobre todo, que nun sistema de garantías legais, a información só é culpábel cando inxúria ou calumnia, o que non era o caso.


Garzón insiste agora na satanización do diário, pero non fai máis que volver sobre os siloxismos cos que fracasara Bueren. Noam Chomsky, que respaldara a defensa de Rei, recordaba a comezos desta semana que a liberdade de expresión existe nos Estados Unidos a partir da enmenda que recoñeceu ao Ku-Klux-Klan o dereito a expresarse. O Tribunal Constitucional, que defende coma o Supremo norteamericano a primacía do dereito de expresión, non tardará en dar a Egin a razón pero, no entanto, o proceso legal servirá, como denunciara Foucault, de castigo. ♦

A Garda Civil dispara contra un bote en Xibraltar

Segundo denunciaron as autoridades xibraltaresas, o pasado día 25 de Agosto unha parella de Gardas Civís dispararon contra unha pequena embarcación que se atopaba en augas territoriais británicas no Peñón de Xibraltar. Pola súa banda o Ministerio do Interior español ordenou a apertura dunha investigación en virtude da que asegurou que non se produciron tales disparos. O suposto incidente sucedeu despois de que, por terceira vez consecutiva, patrulleiras xibraltaresas hostigasen a pesqueiros andaluces que operaban próximos ás augas territoriais de Xibraltar. ♦

Marrocos ofrece a dobre nacionalidade a ceuties e melillenses

O goberno de Marrocos estuda ofrecer a nacionalidade dupla, española e marroquina, a todos os cidadáns das colónias españolas Ceuta e Melilla. A oferta tería como obxecto evitar os temores derivados da posibilidade dunha devolución a Marrocos dos dous enclaves coloniais. Sen embargo, as autoridades españolas lembraron que para ser posíbel esta opción é preciso ter asinado un acordo bilateral de dobre nacionalidade, que neste momento España só ten negociado cos países de Latinoamérica e Portugal. Con esta negativa España condicionaría máis aínda a posibilidade dunha devolución dos dous territorios. ♦



Sergio Marqués

O presidente de Asturias cumpria o programa do PP

O expediente que o PP abriu contra o presidente de Asturias, Sergio Marqués, recoñece que o goberno autonómico estaba a cumprir o programa electoral deseñado pola dirección do partido en Asturias. Como a acusación de incumprimento de programa non foi adiante, o expediente agora céntrase na descoordinación e o mal entendimento entre a Administración asturiana, a central e os órganos partidarios. Estas informacións poñen aínda máis de manifesto que a crise política asturiana ten a súa orixe nos enfrontamentos entre Marqués e o vicepresidente do goberno central, Francisco Álvarez Cascos, por controlar o partido en Asturias. ♦

8 DE NOVEMBRO, REFERENDO EN PORTUGAL

O PRÓXIMO NOVEMBRO CELEBRASE O REFERENDO A CONSULTA POPULAR SOBRE A DIVISIÓN ADMINISTRATIVA DE PORTUGAL EN OITO REXIÓNS CON AUTONOMIA. A CONSULTA É DUPLA: UNHA PERGUNTA SOBRE O PROCESO

MESMO DE REXIONALIZACIÓN E UNHA SEGUNDA SOBRE A INCLUSIÓN DO SEU TERRITÓRIO NA REXIÓN QUE LLES CORRESPONDE. ESTE É O SEGUNDO REFERENDO CELEBRADO EN PORTUGAL APÓS O 25 DE ABRIL DE 1974.

TESES CONTRA O ESTADO CENTRALISTA E A FAVOR DA REGIONALIZAÇÃO DEMOCRÁTICA

FERNANDO SANTOS NEVES

1. O "complexo anti-regionalista do Terreiro do Paço" e respectivos "intelectuais orgânicos" não é, propriamente, nem um "complexo de superioridade" nem um "complexo de inferioridade", mas, simplesmente, um "complexo de vistas curtas e tancas"; e confunde-se com um certo "espírito lisboeta" essencialmente provinciano e tribal, que, por sua vez, não deve ser confundido com o "espírito dos Lisboetas". Até porque e como e dos livros, não raro são os "lisboetas não originários de Lisboa" que são "mais papistas que o Papa" e constituem a "quintessência" do provincianismo anti-regionalista. A Regionalização não pretende criar mais (e mais pequenos e, por isso mesmo, ainda mais desinteressantes) "Terreiros do Paço", mas sim acabar definitivamente com todos eles.

2. É uma contradição histórica ser-se a favor da "União Europeia" e contra a "Regionalização Portuguesa", pretender-se "Europeu" (e, por vezes, até, "federalista") e pretender que a Regionalização é um "erro", mais ou menos "colossal".

A "União Europeia" é o princípio do fim de um certo conceito e realidade de "Nação", a que os saudosistas e conservadores se agarram (obviamente, sem a grandeza de alma de De Gaulle ou as tão nobres como anacrónicas razões antiglobalizantes de José Saramago ou a tão filosófica boa vontade de Eduardo Lourenço de "não querer tentar diabo!") e o princípio do princípio do novo conceito de realidade de "Regiões", as quais, paradoxalmente, são o resultado e a condição do incontornável e não necessariamente catastrófico fenómeno da "globalização societal (que não só económica) contemporânea".

A simultaneidade da data dos referendos sobre a "Europa" e sobre as "Regiões" poderá ter sido meramente factual e até, pelo que à Europa diz respeito, poderá o referendo ser considerado despropositado e inconstitucional, mas a simultaneidade é objectivamente de uma total coerência.

A Regionalização (que pode ser mais ou menos perfeita e conviria que fosse o menos imperfeita possível) é o fruto normal de duas linhas e duas lógicas que eu pensava já definitivamente adquiridas na Sociedade Portuguesa pós-25 de Abril: a linha e a lógica da "Reintegração Europeia" e a linha e a lógica da Democracia e do Desenvolvimento humano sustentado.

Quem não percebeu isto ainda não percebeu o "abc" do que está realmente em causa.

3. Embora, como concluía celebrada comédia de Hollywood, "Ninguém seja perfeito", não acredito que cidadãos inteligentes, cultos e empenhados como Mário Soares, Freitas do Amaral, Cunha Rego, Vital Moreira, Marcelo Rebelo de Sousa, António Barreto, Miguel Sousa Tavares e alguns mais sejam verdadeiramente contra a Regionalização. Têm mas é, como eu também, óptimas razões para não estarem de acordo com o processo em concreto, o mapa em concreto, a preparação ou a falta de preparação adequada, etc., etc., onde, na verdade, se cometeram "colossais erros" como, infelizmente, "colossais erros" se cometeram, por exemplo, no "Processo Revolu-

cionário do 25 de abril" e no "Processo Democrático em geral". Constituirão todas estas e muitas mais razões Razão Suficiente para que Pessoas que sempre lutaram contra todas as "unicidades" (sindicais e outras), contra todos os "centralismos" (mesmo "democráticos"), contra todos os "patrioteirismos" (mesmo que, às vezes, se denominem "tarefas patrióticas"), contra todos os "Portugais Únicos", todos os "Portugais orgulhosamente sós" de ontem e de hoje, façam agora campanha, sirvam de cobertura e votem contra a Regionalização, como se num eventual referendo sobre o "25 de Abril" e sobre a "Democracia", e por causa dos inegáveis e nada despidiendos erros destes processos, tomassem a decisão de votar "NÃO!?"

Á semelhança da Democracia e para repetir a fórmula Churchilliana, também a Regionalização será o pior de todos os processos e de todos os regimes para a Sociedade Portuguesa, mas só com a excepção de todos os outros.

4. A já famosa "primeira página" do Diário de Notícias que apodava a Regionalização de um "Erro Colossal" não foi mais (e continuará a ser até ao fim dos tempos e até à náusea, porque, à falta de outros argumentos, o refúgio dos antiregionalistas vai ser este argumento de autoridade, literalmente caído do céu!) que um aproveitamento colossal de uma "colossal desatenção momentânea" de Mário Soares.

Doutor Mário Soares, glosando uma frase célebre, já reparou de que lado Lhe vêm os maiores e mais substantivos aplausos? A Sua justa consagração histórica de "Pai da Democracia Portuguesa" veio-Lhe de outras lutas e contra outros inimigos (os fascistas, os colonialistas, os totalitaristas) e em nada aumentará com esta "colossal desatenção" e estes intermináveis "colossais aproveitamentos!".

Palavras cheias de sabedoria e bom senso são as que escreveu o actual Presidente da Assembleia da República, Dr. Almeida Santos, (Diário de Notícias, 5 de Julho 1998): "Mário Soares fez a viagem do sim para a não. Ao contrário de mim... Cavaco Silva também foi um grande entusiasta da regionalização, prometeu-a em todos os programas de governo, prometeu-a nas campanhas eleitorais e obteve votos a partir dessa promessa. Depois arrependeu-se e nunca disse por que motivo se arrependeu. Quase tenho prazer em me colocar no pólo oposto... O PSD fez "regiões" -as coordenadoras regionais- que têm poderes e custam mais dinheiro do que custará uma futura região administrativa. Ainda por cima, os órgãos dessas "regiões" são nomeados a dedo, não são legitimados democraticamente. Sendo democrata, não posso deixar de preferir regiões com órgãos democraticamente legitimados".

5. "Não deixa de me espantar", escreveu (Público 7/06/98) uma excelente alma, portuense e portista (António Barreto, a quem, por afinidade, poderia juntar outra não menos excelente alma e não menos excelente portuense e portista, Miguel Sousa Tavares: "Vos quoque, Bruti?") "que os três ou quatro autarcas, que, há anos, não conseguem construir o Metro

do Porto, queiram regionalizar o País inteiro!".

Quem sabe, caro António Barreto, se esses autarcas querem regionalizar o País precisamente para poderem construir o Metro do Porto e para que outros possam construir os seus "Metros simbólicos" no Algarve, nas Beiras, no Alentejo e até... na região de Lisboa?

E, já agora e humor por humor, quanto a semelhanças com o seu inventado monstro "Ocapi" (Público 1/07/98), o tal "bicho que tem pernas de Burro, rabo de Zebra, corpo de Girafa, pescoço de Cavalo, cabeça de Vaca e cornos de Vitela", não me parece ser tanto o caso das regiões, que ainda não existem, mas antes o caso do bem real Estado Centralista que eu designei por LEVIATÃO, e que, numa próxima vez, não me repugnaria designar, com a devida vénia, OKAPI!

E também já agora, porque não seguem todo o bom exemplo e todos os bons argumentos pró-regionalização desse outro ilustre portuense e portista que dá pelo histórico nome de Carlos Magno?

6. "Mas há mais", escreveu ainda (Público, 2/07/98) outra excelente alma, Eduardo Prado Coelho: "Quando se passa para a administração local, mais de 52 por cento dos funcionários apenas têm a quarta classe ou menos. Somente seis por cento têm a licenciatura. Pergunta-se: quem vai administrar as regiões administrativas? Eles?".

De novo, não será que a pergunta é outra: para que tal estado de coisas não volte a acontecer e deixe de acontecer, demonstrado que ficou até à exaustão a inoperância do regime centralista actual em termos de educação e desenvolvimento, não se torna urgente mudar de rumo, por exemplo, com a Reforma da Regionalização Democrática?

Uma implacável resposta a tal pergunta acaba de ser dada no seu implacável estilo por Pedro Santana Lopes (Diário de Notícias, 6/07/98): "O meu argumento principal a favor da Regionalização é que não é preciso haver mais provas. Basta ver ao que esta organização administrativa nos conduziu, em termos de diferenças dentro de um país tão pequeno, para se demonstrar que o modelo está esgotado. Quando as pessoas falam no reforço dos municípios, isso é uma desculpa, um pretexto. Este modelo não serve".

Retomando as palavras finais de Eduardo Prado Coelho no artigo antes citado: "O drama é o País e o País é o drama". Para não se acabar de vez com o País, tente-se acabar com o drama, através da Regionalização Democrática!

7. Os anti-regionalistas militantes (género M. Villaverde Cabral, V. Graça Moura, J. César das Neves, Alfredo Barroso, Maria João Avillez e outros "Portugueses únicos que tais") estão obviamente a tomar os seus desejos, medos e interesses por realidades ao anunciarem como certa a vitória do "Não" no referendo sobre a Regionalização. Não ter nem apresentar mais que desejos, medos e interesses (mesmo que insistente e diletantemente apregoados) como argumentos não me parece que seja suficiente para convencer o Povo Português (que so-

fre, na pele, os malefícios do centralismo do Terreiro do Paço) nem para vencer, designadamente, o Partido Socialista e o Governo (que fazem da Regionalização ponto de honra da sua honra e do seu programa) ou o Secretário-geral e o Primeiro-Ministro Eng.º António Guterres, o qual não hesitou em declarar a criação das Regiões Administrativas como a "Reforma do Século" e em proclamar, na Assembleia da República (30 de Junho de 1998): "A nossa Sociedade tem de ser a Sociedade da descentralização e da Regionalização, repito, da Regionalização contra o Centralismo".

8. Aliás, repetindo o que muitas vezes e em muitos lugares tenho dito e constitui um elementar acto de justiça, o Eng.º António Guterres foi o primeiro "político lisboeta" que falou do Porto e do Norte de uma maneira lúcida e não provinciana quando, publicamente e ainda antes de tornar-se Primeiro-Ministro, afirmou que o desenvolvimento e o protagonismo daquela cidade e daquela região não eram nem contra a unidade de Portugal nem contra a grandeza de Lisboa, mas sim o resultado de potencialidades únicas numa perspectiva transfronteiriça europeia e condição *sine qua non* para que o Porto não deixasse de ser aquilo que, não obstante toda a miopia centralizadora de anteriores governos, realmente e reconhecidamente é, a saber, a Capital de todo o Noroeste da Península Ibérica. Maximalmente saudável e maximalmente promissor é também verificar que tal discurso, que quando comecei a utilizar era olhado como simples provocação, se vai tomando o discurso oficial do Governo de Portugal e do Governo da Galiza.

9. As únicas alternativas, neste momento e sem prejuízo de correcções essenciais, designadamente no mapa concreto das regiões, (porquê, por exemplo, não ter adoptado o mapa das cinco regiões, ou, para a Região Norte, não ter aceite o belo e significativo nome de "Região do Norte Atlântico, etc., etc.) são ou votar a actual proposta de Regionalização Democrática ou manter e consolidar o actual *statu quo* do Centralismo Estatal Leviatânico. Tudo o resto não passa de ideologia, literatura e defesa mais ou menos inconsciente de interesses estabelecidos e faz inevitavelmente lembrar as palavras cruéis do filósofo Alain: *quando alguém diz que não é de direita nem de esquerda, já sei que é de direita e conservador*.

O exército dos anti-regionalistas, sendo embora heteróclito e apresentando algumas surpresas de alguns ingénúos úteis, não deixa de ser essencialmente formado (verbalizando o óbvio, Fernando Gomes *dixit*, com grande desespero de quem se sentiu visado) por gentes da direita, pelos nacionalistas de antigamente e por aqueles que pensam estar a defender os seus privilégios.

Mesmo se, como cândidamente escreve uma das mais aguerridas antiregionalistas, Maria João Avillez, definindo-se a si própria e a todos os seus, "ninguém sabe do que fala quando fala de regionalização" (Expresso, 11/07/98).

Com grande lucidez e dignidade e quase pedindo desculpa pelo facto, o Prof. Vieira de Carvalho confessa (Diário de Notícias de 26/7/98) que a única razão porque não

(continua na página seguinte)

Mandela considera a reunión un momento histórico para o seu país

O Cúmulo dos Non Aliñados réunese en Suláfrica e tenta pechar de vez a crise do Congo

► M.A.

Líderes de case 100 países en vías de desenvolvemento no mundo reuníronse os días 2 e 3 de Setembro en Durban, Suláfrica, no XII Cúmulo dos Países non Aliñados. Apesar da mínima atención que lle prestaron os medios occidentais a este encontro, a relevancia das súas decisións políticas contra o reparto desigual e as secuelas do colonialismo, son postas de actualidade coa guerra que se libra a poucos centos de quilómetros no Congo democrático do presidente Kabila.


Fidel Castro, Yaser Arafat, a maioría dos presidentes africanos e así até completar unha nómina de case cen dignatarios mundiais, debaten en dous días un documento que máis alá das formalidades diplomáticas, debe supor a rehabilitación do espírito aberto en Bandung (Indonesia) en 1955) e revalidado no primeiro cúmulo do Movemento dos Non Aliñados celebrado en Belgrado en 1961.

A lóxica da guerra fría marcou durante anos estas reunións, pero os documentos finais, péis a súa contundencia, foron abeirados pola lóxica da política marcada polas grandes potencias na ONU. A presenza de Kofi Annan, e o seu relativo distanciamento do hexemonismo americano, poden supoñer un relanzamento para este movemento que naceu ao calor das independencia africanas e a queda do imperialismo en Asia e Medio Oriente

A idea dos non aliñados é que as relacións internacionais se baseen nos principios de non discriminación entre os grandes e pequenos estados e que se produza un maior reparto da riqueza económica global, dos avances na información e na comunicación, o desarmamento nuclear, o respecto á soberanía e ás integridades territoriais. Son algúns dos principios dos non aliñados que subsisten adaptados a unha realidade na que, segundo relatou Mandela, o Movemento ten que simbolizar a democratización e o dereito ao desenvolvemento dos países atrasados.

Paz no Congo

A guerra no Congo foi un verdadeiro condicionante do proceso de preparación do Cúmulo,



O presidente suláfricano Nelson Mandela.

HANS GEDDA

porque Suláfrica, verdadeiro país líder na zona desque Mandela encabezou a democratización, puxo verdadeiro interese en que se liquidase a guerra mesmo antes do comezo do Cúmulo. Aínda que se conta coa presenza de Kabila en Durban, Eduardo dos Santos e Robert Mugabe, presidentes de Angola e Zimbabwe, países que saíron en defensa do presidente da República

Democrática do Congo, fixeron acto de presenza e participarán nun mini-cumio paralelo en Durban para tratar a crise que organizou Kofi Annan como secretario da ONU.

A guerra do Congo revitalizou o eixo anti-colonial que se formara nos anos 70 polos denominados países da Liña do Frente, que atacaran *in situ* as determinacións imperialistas que mantive-

ron o sul do Continente en guerra continua durante case dúas décadas e o rexime do apartheid en Suláfrica.

A paz é precisa para estes países emerxentes como condición imprescindible para o desenvolvemento no século XXI, que o Cúmulo dos Non Aliñados quer definir como "Século de África", un continente pária entre os condenados da Terra. ♦

A UNITA expulsada do Goberno de Angola por incumprir os acordos de paz

O presidente José Eduardo dos Santos ven de expulsar do Goberno aos catro ministros e sete viceministros da Unidade Nacional para a Independencia Total de Angola, UNITA, que dirixe Jonás Savimbi. A medida será firme mentres a UNITA non aclare a súa posición a respecto do protocolo de paz de Lusaka, asinado en Novembro de 1994.

A guerrilla da UNITA retomou as armas, violou a Constitución e provocou a morte de máis de 650 persoas. A consecuencia desta decisión, Angola atópase ao borde da mesma guerra que durante 19 anos enfrentou á UNITA co Goberno do Movemento Popular de Libertación de Angola, MPLA, que dirixe José Eduardo dos Santos. ♦

Alemaña confirma que a fábrica de Sudán só producía medicinas

Un informe da embaixada alemá en Sudán cuestiona o ataque realizado por avións norteamericanos contra unha fábrica en Sudán o pasado 20 de Agosto (na mesma acción as forzas dos Estados Unidos tamén atacaron Afganistán).

Os EEUU xustificaron o ataque asegurando que a fábrica producía armas químicas, pero os informes alemáns, ademais de desmentir esta información indicando que só producía medicinas, puñan de manifesto que a operación militar perseguía amedoañar ao Sudán antes que castigar a supostos terroristas. ♦

O caso Lockerbie será xulgado nun país neutral

Nen os Estados Unidos nen o Reino Unido serán sede do xuízo polo caso Lockerbie, que estes dous países promoven contra dous cidadáns libios acusados de pór a bomba que o 21 de Agosto de 1988 fixo explotar un avión da Pan Am que voaba sobre a localidade escocesa de Lockerbie, causando a morte de 270.

Malia que está demostrada que non hai implicación dos encausados e que Libia pediu a celebración do xuízo nun país neutral, Estados Unidos fixo do atentado unha causa e someteu a Libia a un bloqueio desde 1992.

Agora recoñécense as demandas libias —aínda que levarán o proceso xuíces escoceses con lexislación escocesa— e estúdase o levantamento do embargo. ♦

INTERLINGUA TRADUCCIONS S.L.



Traducción directa e inversa e interpretación: galego, inglés, francés, alemán, italiano, portugués, ruso, español, etc.

Traduccions técnicas e xuradas.

Rúa Santa Marta 38 Baixo 36202 Vigo. Teléfono e Fax: (986) 43 52 59

Librería especializada en Muller, Cultura galega, Literatura, Economía e sociedade alternativas. Papelería ecolóxica.

Triunfo, 1 - 36202 VIGO. Tfno e Fax (986) 43 37 68



Tinamos un problema e xa está solucionado

J. M. Aznar

Romai inaugurara o verán pasado un ascensor en Laxe e neste mes de agosto veu presidir a posta en funcionamento doutro elevador en Cabanas. Un ministro debe estar á beira do seu povo, di o betanceiro. Lerroux tamén inaugurara hai 64 anos a alameda de Mondariz e xustificárase con palabras parecidas. Máis que co povo, Lerroux o que estaba é de **veraneo**, coma Romai.

Cos fondos do *Feder*, o Eixo Atlántico derruba barreiras físicas entre Galiza e Portugal. Pero nen os diários de Porto se venden ao norde do Miño nen os galegos pasan ao Sul. A televisión portuguesa só chega até o Miño. Agora, con *Via Digital* os fronteirizos poderemos ver a televisión viciña por **satélite**. Pagando, claro.

Coa fichaxe de Albert Vilalta, a maiores de Piqué, os de Aznar presumen de terlle roubado dous dianteiros titulares a Pujol. Os comentaristas de Madrid calculan que a este paso, no ano 2085 o nacionalismo catalán **disolverase** por falta de canteira.

De camiño para o Milénio Centralista, o PP terá que atopar un discreto posto de masaxista para **Vidal-Quadras**, que só mete goles na própria porteira.

Incendios e responsabilidades

Levamos moitos anos cun problema, un problema que xa todo o mundo sabe que é totalmente intencionado. Tanto as enquisas proporcionadas pola administración, como o sentido común de todos nós, así como, as múltiples evidencias que se detectan dende hai mais de 15 anos, indican que os incendios están provocados. Isto xa vai tempo que o sabemos todos, pero a pregunta é, ¿Quen provoca ises incendios? Ata vai un par de anos diciáse nos que eran os labregos que facían queimas incontroladas, que eran os irresponsables que ian a facer churras-cadas aos montes, etcétera... pero a moitos de nós xa nos falaban as xentes dos nosos pobos das "pasadas" de avionetas por riba dos montes antes de producirse incendios polo sur de Galiza e xa nos íamos enterando do achádegado de artefactos incendiarios, algo que indicaba unha clara planificación que denotaba uns intereses moito mais ambiciosos que os que podía ter un simple paisano despistado ou con gañas de lle facer dano a un veciño. Non é novo isto, pero o inconcebible é que tiveran que pasar tantos, tantos anos para que os responsables institucionais se decaten de tal feito.

Aínda deixando patente a miña falta de probas, eu teño a firme convicción de que os incendios están reportando beneficios económicos a alguén, que organiza, planifica e paga para que se provoquen. ¿Quen son os beneficiarios?, evidentemente eu non podo dicilo, pero o que me parece increíble é que cós miles de millóns que leva gastado a nosa administración, os centos de persoas detidas polas forzas de seguridade, e os anos que levamos con iste problema, dita administración aínda non saiba os motivos de fondo reais dos motivos polos que un 99% dos incendios son intencionados.

¿Hai motivos escuros e poderosos intereses para que non se saiba quen queima o monte? ¿A lexislación existente non permite a investigación para coñecer os verdadeiros culpables?, ¿Existe lexislación pero a administración galega non sabe/quere aplicala?, ¿Os medios e forzas de seguridade non souberon/quixeron investigar as causas reais de por que os mais de 300 detidos queiman o monte?, ¿Os xuíces non queren/saben aplicar as san-

¿Hai motivos escuros e poderosos intereses para que non se saiba quen queima o monte? ¿A lexislación existente non permite a investigación para coñecer os verdadeiros culpables?



cións correspondentes aos detidos por incendiarios?

Xa sexa porque o noso parlamento non fixo as leis precisas para solucionar o problema, ou o departamento correspondente da Xunta non soubo facer o seu traballo por medio de campañas de concienciación, de 'prevención' e de determinación dos motivos reais durante máis de 15 anos (a solución non pasa por exercer unicamente de apagalumes, así tan só estaremos perpetuando o problema), ou as forzas de seguridade non "dan unha" nas labores de investigación, ou os xuíces non aplican as sancións que corresponderían. Pero dende logo ao meu parecer hai unha responsabilidade a iste despropósito de mal funcionamento por parte dalgunha institución. Non me creo que os galegos sexamos 'xeneticamente' incendiarios e a sociedade galega non pode seguir financiando a inoperancia dos responsábeis das institucións neste tema. ♦

CAMILO REGUEIRO
(SANTIAGO DE COMPOSTELA)

Outro obreiro que cae do tellado

Miguel Ángel Correa Solla, con tan só 22 anos, morreu mentres realizaba o seu traballo.

Cando ocorren este tipo de desgracias, parece como se todo o mundo estivese dacordo en lamentarse de tan desafortunado accidente. Parece como se todos estes feitos estivesen nas mans da casualidade, do infortúnio ou da mala sorte.

Como algo instintivo aparece a necesidade de xustificar o ocorrido, e para tal fin, vanse facendo razonamentos e preguntas tales como:

—A inexperiencia puido ser o motivo da caída mortal do traba-

llador, —comenta un dos encargados—, xa que descoñecía os lugares onde podía pisar con firmeza no tellado en construción.

—O alcalde de Cercedo lamenta o accidente mortal e di —"Quando ocorre un suceso de estas características no sabes como reaccionar por que nos afecta a todos directamente"—.

Ata o próprio periódico comeza a noticia escribindo —"El peso del trabajador, un joven vigués de 22 años, hizo que cediese la urallita en la que se apoyaba"—.

Por favor! Ata cando imos seguir con tanta mascarada diante dos accidentes. Ata cando imos calar, cada unha das partes implicadas, as nosas responsabilidades nos accidentes. Ata cando imos agachar a cabeza para non ver que se nos están morrendo os compañeiros por falta de medidas de seguridade.

A todos os que están relacionados co accidente quero dicirlles algo:

Aos compañeiros de Miguel, ante as declaracións que aparecen na prensa, dicirlles que é necesario esixir as medidas de seguridade na realización do traballo e facer uso delas. E se isto supón un problema para a continuación do contrato, buscar os

mecanismos para facer que se cumpra a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Ao señor encargado que, a inexperiencia non pode ser causa de mortandade. Que existen unhas normas de seguridade específicas para os traballos en altura e non fan distincións entre oficiais ou aprendices. Como pode dicir que por ser oficial xa se sabe onde se ten que pisar sobre unhas superficies fráxiles? Sabe que existen "cabos de vida", nos que teñen que ir ancorados os cintos de seguridade? Sabe que existen sistemas de colocación de tablóns para que se reparta o peso sobre a superficie do tellado e así evitar que esta rompa?

Ao señor alcalde, que non basta con lairse do desgraciado accidente. É responsabilidade do Concello que as obras públicas que se realicen no mesmo estean levándose a cabo nas condicións de seguridade que existe a Lei de Prevención de Riscos Laborais.

Aos señores do xornal, que non me parece que estean aportando nada positivo cando na redacción da súa crónica destacan que a causa da caída do traballador foi o seu peso. Evidentemente, se non pesase non podería cair. Os accidentes non ocorren en función das condicións físicas dos traballadores, xa que, as normas de seguridade están pensadas de tal xeito que protexan aos que pesan moito ou pouco.

E á empresa contratada polo concello, así como á subcontratada, dicirlles que, ata cando van seguir na súa cabezonería de que se aforran cartos non aplicando as medidas de seguridade, ata cando non se darán conta de que invertir en seguridade é Necesario, Positivo e Rendibel. ♦

MIGUEL PÉREZ GONZÁLEZ
(VIGO)

Egin

As 4,00 h. da madrugada do día 15 do pasado mês de Julho, 300 policías capitaneados polo Juíz Baltasar Garzón, (cumha ordem de registro sua na mam), ocupavam a sede central de Hernani e tudas as delegacións de Egin e Egin-Irratia em Euskal Erría. A entrada da policía, foi brutal, forçando portas com palancas e emprendendo a a mazadas com quanto atopavam ao seu passo nas dependências, destruindo maquinaria e enseres, com agresores físicas a vários dos traballadores, que nesse momento ainda estavam dentro, pois acavavam de rematar a sua jornada laboral. Os policías procederom ao requisição e registro judiciário-policia de toda a infraestrutura informatica, (arquivos, material audio-visual, discos duros, ficheiros de clientes e subscritores), e administrativa-económica, (actas de juntas da direcçom, datos de empresas colaboradoras, publicidade), que sacavam em grandes sacos.

Como consequência da clausura, a totalidade dos/as traballadores/as de Egin jornal e Egin-Irratia ficarom sem em-

prego, sem a mínima protecção dos seus direitos laborais. Apresentada polos trabalhadores, a correspondente demanda ante as autoridades do INEM para se acolher às ajudas económicas e sociais por desemprego, foram-lhes denegadas, ficando todos/as eles/as no máis absoluto desamparo económico, situação na que ainda hoje permanece.

Tudas as reclamações interpostas até agora polos advogados/as dos trabalhadores/as para reclamar os subsídios de desemprego e cobertura da Seguridade Social, (que por justiça e leis laborais lhes pertencem), foram rejeitadas polas autoridades laborais do INEM, aduzindo estes que a perda de emprego dos trabalhadores/as nom tem relação com matéria laboral, negando a realidade de que constitúe umha subspensão da relação contractual por razões de causa maior e, já que logo, por circunstâncias totalmente alheas á vontade dos trabalhadores e, (neste caso concreto), também do empresário, (Art. 51.1 do Estatuto dos Trabalhadores).

Estes factos representam nom só um atentado contra as máis elementais liberdades democráticas senom um fragante incumprimento da normatividade político-jurídica do Estado espanhol, um Estado ao que o Juiz Garzón e o Ministro Mayor Oreja, (gestores directos da repressão contra os trabalhadores/as de Egin), pertencem e representam. A saber:

1º) Violação dos direitos fundamentais à livre expressão de ideias, e à sua livre produção, (CE. Art. 20.1, apartados "a" e "b").

2º) Violação do direito dos cidadãos a comunicar e receber livremente informação verdadeira por qualquer meio de difusão, (CE. Art. 20. 1, apdo. "d").

3º) Violação do direito fundamental ao trabalho, (CE. Art. 35.1: Artigos 22 e 23.1 da Declaração Universal de Direitos Humanos).

4º) Violação das garantias de protecção social e económica do desemprego por causas que som completamente alheas aos/as trabalhadores/as, (CE. Art. 41; Art. 23.3 da Declaração Universal de Direitos Humanos).

5º) Violação das garantias que deve oferecer o Estado para a livre difusão e recepção da informação polos cidadãos, (Tribunal Europeu de Direitos Humanos; Art. 10.1), que diz que em nengum caso se suprimirão estes direitos nem se clausurarão nengum meio de comunicação, sem que existam causas objectivas que demonstrem que atente contra a seguridade do Estado, a integridade territorial, a seguridade pública, a proteccion da saúde ou a moral, a proteccion da reputação ou dos direitos alheos, a defesa do ordem e a prevençom do delito. (Tribunal Europeu de Direitos Humanos; Art. 10.2).

Independientemente destas vio-

lações de direitos fundamentais reconhecidos polas leis dos Estados e dos Organismos internacionais, mediante a aplicação do artigo 129 do Código Penal vigente, (artigo novo, que nom tem correspondência legal com nengum artigo do anterior Código Penal de 1973), e dos 515 e 520, (que contemplan a clausura de empresas por diversas irregularidades económicas, pertença a bandas armadas e de associação ilícita, entre outras), o Ministério do Interior e o Poder Judiciário espanhol, tratam de criminalizar por todos os meios a Egin para que a opinião pública a considere como umha empresa fraudulenta com fins anti-sociais e delictivos, para pôr umha cortina de fume às autênticas causas, (políticas), que determinam a actual repressão.

O Juiz Garzón e o Ministro do Interior, que dim pertencer a um Estado "Democrático y de Derecho", actúan hoje de igual forma que actuava, (em 24 de Novembro de 1971), o Ministerio da Governaçom franquista, quando procedia à subspensão definitiva de inscriçom no registro de empresas jornalísticas, (e à clausura), do jornal "Madrid", aducindo falsas razões de tipo económico-empresarial, quando era de público conhecimento que a causa real daquela clausura era a linha editorial deste jornal, objecto de dúzias de sançom económicas, censuras e que, (três dias antes do feche definitivo), publicava um artigo no que criticava-se ao Governo qualificando-o como grupo de monicreques às ordens de Franco. Como é sabido, as dependências do jornal "Madrid" foram finalmente dinamitadas pola empresa Cavosa o 24 de Abril de 1973, e os/as 300 trabalhadores/as da sua plantilha ficaram na rua, no total desamparo económico e social.

De outro lado, nom se pode se-

parar a actual repressão, e tentativa de criminalização contra Egin, com a que está a ter lugar contra todas aquelas alternativas políticas, ou movimentos sociais, que nom entrem polo aro da submissom ao ordenamento jurídico e político espanhol, ou que nom se prestem a fazer apologia do mesmo. E, pola trajectória e honra profissional, (que nos consta), dos/as seus trabalhadores, nengumha destas cousas pode esperar nunca o Governo espanhol de Egin. Os últimos passos dados polo Governo espanhol, estão claros, e a repressão contra Egin há que entendê-la como parte deste processo de criminalização e tentativa de desmantelamento organizativo de Independentismo em Euskal Erria.

Som vinte e um anos, os que passaram desde que o 29 de Setembro de 1977 saia á rua o primeiro número de Egin. Os/as trabalhadores/as galegos/as que escrevimos nas suas páxinas e que contactamos directamente com os/as trabalhadores/as de Egin, hoje sentimos imenso orgulho de que as nossas escritas em Egin formem parte, (já de forma definitiva e inseparável), dumha mesma luita na prática comúm contra a opressom dos nossos Povos. Mas, a voz de Egin é algo que, (máis umha vez), os "ignorantes", os "fêridos e duros", os "imbéciles e escuros", nunca serão capazes de entender. Por isso, os/as trabalhadores/as, que, (hoje como ontem), fam possíveis projectos como o de Egin, merecem, hoje máis que nunca, (no nome da luita pola liberdade), do nosso máis profundo respeito, gratitude e solidariedade.

Agora, (como sempre fam os inimigos do Povo Trabalhador), tentaram de intoxicar, dividir, classificar, incluso confrontar, com tratos, (repressivos, laborais e políticos), distintos: e ante isso nom há outra resposta que a Unidade e a Solidariedade dos/as Trabalhadores/as, cousa ista da que tanto sabem, por praticá-la sempre, os/as companheiros/as de Egin. ♦

RAMON MUNTARAZ, JOAM CARLOS RODRÍGUEZ ANSIA, JOAM LÓPEZ PÉREZ, CARLOS VÁZQUEZ CASTRO

A fame

Rigoberta Menchú di: *a mellor man que nos poden botar é que nos quitan a do pescozo*. Onde así falou foi no contexto dun foro no que se trataba de ver como axudar a desendebedarse aos países endebedados. Nen o mellor hermeneuta diría máis en 14 palabras. O silêncio dos *comisarios* dos ladróns de luva branca foi abrouxante. Tirou a dar esta sábia intitulada. Con cargas de profundidade.

Os colegas *cultos*, sen embargo, levaban posto en papeis longos parlamentos adornados de elipses e metáforas. Os emisários dos *fiadores* de sabre en alto aplaudíanos magnánimes a cada pausa. Eran vítimas de estrangulamento e queixábanse,

si, pero con modais. Que máis podían pedir aqueles *mandados* da barbárie. Que máis.

Rigoberta non levaba escrito nada. Nada de nada. Daquela non aprendera sequer a petear cos dous dedos no teclado dunha Olivetti igual que as galiñas peteiran grao a grao. Nin falta facia. Dixo todo en 14 palabras.

Ela, autodidacta, pero pola Universidade da Vida "*Doctora Honoris Causa*", sabia moi ben da diametral distancia entre aqueles *delegados* das multinacionais e ela, embaixadora veraz do povo raso. Tan segura estaba do que falaba como nós o estamos de que nen Osama Bin Laden é o inimigo antagónico real da Casa Branca (hai dous dias era o seu principal aliado desde a banda de Kabul ata a banda de Riad) nen Mónica Lewinski caso raro entre millonários: o vicio élle connatural. Ata polos monos se fan fornicar. Jacques Brel: *Les bourgeois*.

Todo é relativo no campo da metafísica. Faltaría máis. O que pasa é que á hora de apandar co critério implacábel da praxe, demasiadas cousas resultan absolutamente non tanto. Demasiadas.

Unha. O inimigo acérrimo das soberanias nacionais: as metrópoles. Gandhi. O inimigo antagónico verídico da burguesía: o proletariado. Marx. As clases: existen. Adam Smith e David Ricardo. Probas palpexábeis: o Norte e o Sur, A Celsa e Puerto Banús, Mario Conde e o Lute. Basta. Enumerallas sería árduo.

Duas. A fame é negra. E non filla da pertinaz sequia. Tampouco castigo divino nengún do máis alá. Están ben identificados os pais naturais no máis acá: o secular saqueo colonial e o predador afán de lucro do capitalismo selvaxe.

Tres. A *propiedade é roubo*. Proudhon. A *plusvalía é forza de traballo non remunerada*. Marx. O PIB multiplicouse entre nós por 15 nos últimos 20 anos e os salarios subiron un 20% menos que a produtividade. Datos oficiais. Non hai voltas que darlle: hai que poñerlle o axouxe ao gato.

Marx morreu, *polo nabo*. E se certa fora a trola, habería que resucitalo, como a Lázaro. ♦

XESUS REDONDO ABUIN (SANTIAGO)

Piqué inventou un novo código centrista para nomear o nacionalismo sen se contaminar: "o chamado problema territorial". A "unidade de destino dos povos de España" de Ramiro de Maeztu admitia cando menos a existencia dos chamados povos.

Cando o rabo da bolsa anda alto, é un éxito do capitalismo popular, ricos e non tan ricos gozan vendo como lle inzan os cartos; co rabo da bolsa entre as pernas, é o aforro popular que pasa por momentos delicados.

NBA é a inscriçom de camisetas e gorras dos rapaces nos parques galegos. Estes dias a liga da NBA está a un paso da bancarrota e ameaza con non comezar o campeonato. En Los Angeles, por exemplo, os nenos levan unha camiseta que di "NBA, paga o que debes!".

Mohamad Backri, único actor palestiano no teatro xudeu de Xerusalem, pasouse ao nacente teatro árabe para o que non hai cartos nen locais senon rexistos, censura e toque de queda, Backri prefere a vitalidade deste teatro marxinal a estreir **Valle** en hebreo con 80 millóns e Fraga roncando no palco arrodeado de caciques.

"**Eu** sou um homen do Sul/ eu sou um african man/ um south american man/ miséria continental/ miséria que o Norte traz/ a fome com a morte vem/ a fome não vem da paz", di Milton Nascimento en *Planeta Blue*. ♦

A ALDEA GLOBAL

está aberta ás vosas colaboracións, débense incluír o nome e apelidos.





Os textos non deben exceder as 45 liñas.

Agora tamén pode dirixir os envíos para esta sección polo correo electrónico: antpcg@arrkis.es

Envíos a:
A ALDEA GLOBAL
A NOSA TERRA

Apart. 1.371 36200 Vigo
ou através do Fax:
(986) 22 31 01

TEXTOS PARA O ENSINO NA ESO



Para máis información chame ao teléfono 986 433 830 ou ao fax 986 223 101

A NOSA TERRA AS-PG

A NOS

A
'A
te

É u
lido
edici
país
elas
que
critic
barg
blie
de l
dos
zón
a cr
se d
bros
leito
de g
do p
cada
ña,

O cr
de s
trar
tom
espe
Fern
ca de
apre
naxe
Mán
gran
dant
da c
cinc
decá
bren
lle d
ben
para
nun
respo
Inve
sibe
ción,
de q
mech
o fan
de d
por c
Todo
non
moit
clan
sua l

Pouc
da no
si, as
mest
intri
agarr
que
quen
cada
fio m
criton
que o
ria".
a ser
resist
Fern
expl
xuve
moral
ga ac
núnc
non é
impu
bro.

Sete xornalistas

XOSÉ ENRIQUE ACUÑA

Na rua Tabernas tomaron unha decisión que canto máis se pensa máis importancia pode acadar. Acostumados a que foran necesidades editoriais ou as apetencias dalgun académico a xeito de dereitos de autor o que abenzoara a nominación, o deste ano —sen que se poida excluir tampouco o apuntado— ten outro aire. Falamos de novo do Día das Letras Galegas e a xenerosa, sorprendente e alentadora opción por Roberto Blanco Torres.

Tai ser pois o ano de Blanco Torres e o momento de Xacinto Santiago, Johán Carballeira, Xoán Xesús González, Xaime Quintanilla, Vitor Casas e Manuel Lustres Rivas. Todos eles asasinados nas razias do 36 e posuidores da memoria do heroico xornalismo federal, da prensa forxada entre o libre pensamento e o obreirismo.

O de Lustres, emigrante serodio tan achegado de sempre ao primeiro Basilio Álvarez, nas páxinas viguesas de *La Concordia* e do *Faro*. O do axitador auriense Xacinto Santiago con pluma en *La República*. O de Quintanilla na etapa ferrolana de *El Correo Gallego* e das súas aventuras marxistas e galeguistas. Tamén a de Vitor Casas que inundou pensamento e acción en *A Nosa Terra*. Do Johán Carballeira de *El Pueblo Gallego*. O do canteiro, antes que avogado e xornalista, Xoán Xesús González co compostelano *El País Gallego*. En diferentes banderías e en distintas cabeceiras durante anos perfilaron o máis moderno do xornalismo galego dotándoo, ás veces contra consignas empresariais, dun compromiso democrático que non foi alleo ao trágico fin das súas vidas.

A figura de errante combate de Blanco Torres centrará sen dúbida o protagonismo principal. A convicción da súa traxectoria e a súa recoñecida integridade moral merecerá libros e publicacións. E neles será preciso contextualizar tres décadas de xornalismo coa certeza e evidencia de que nestes sete xornalistas existiu a teima de cambiar a historia.

Con eles voltarán aqueles periodistas animadores de loitas agrarias e políticas. Os que abriron columnas e seccións aos sindicatos obreiros, e os que a trascordo de propietarios e editores colaban, defendían e normalizaban a lingua galega. Os mesmos que non se estudan nas facultades galegas de xornalismo. E aqueles dos que aínda está sen facer a súa arriscada e atrancada historia. ♦

Agustin Fernández Paz


'A literatura xuvenil ten que deixar de ser invisíbel para críticos e adultos'

♦♦ CARME VIDAL

É un dos nosos escritores máis lidos. Os seus libros repiten edición a cada pouco, tanto no país como nas línguas —entre elas todas as da Península— nas que está traducido. É un dos escritores máis lidos e, sen embargo, non ten o empaque público dos que venden milleiros de libros e consiguen o engado dos lectores. Entende que a razón se debe, en boa parte, a que a crítica e os circuitos literarios se desentenden abondo dos libros indicados tamén para os lectores máis novos. Agora ven de gañar a primeira convocatória do premio *Raiña Lupa*, convocado pola Deputación da Coruña, coa novela *Cos pés no aire*.

O crego de Macondo de *Cien años de soledad* cando quería demostrar aos Buendía que deus existía tomaba unha cunca de chocolate espeso e levitaba. Por iso Agustín Fernández Paz escolleu *Unha cunca de chocolate* como lema para se apresetar ao concurso, en homenaxe calada á novela de García Márquez. O argumento é, como grande parte da súa obra, inque-dante. Un home ve pasar a súa vida con monotonia, tinxida dun cincento sen emocións. Un día decátase de que levita, e o descubremento altera a seguridade que lle dá a rutina. De se facer público ben podería rematar nun hospital para ser examinado ou mesmo nun programa de televisión para responder ao *más extraño aínda*. Inventa así todos os artilluxios posibles para controlar a súa levitación, pero de seguido se dá conta de que non é quen de adiviñar os mecanismos e os indicadores que o fan erguerse no ar. Non é quen de descubrir en que momento e por que se vai levantar do chan. Todo muda cando percibe que non é o único, que hai outros moitos que tamén, de maneira clandestina, tentan controlar a súa levitación.

Pouco máis se sabe do arranque da novela premiada. Mantén, iso si, as constantes da súa obra: a mestura do cotiá e a fantasía, a intriga mantida até o fin que agarra ao lector e un final aberto que fai que as personaxes busquen unha nova traxectoria en cada un dos maxins que siguen o fio marcado no comezo polo escritor. E tamén un "rio soterrado que corre por debaixo da historia". O río neste caso é o dereito a ser diferentes e o respecto e a resistencia das minorías. Agustín Fernández Paz receita a mensaxe explícita na literatura infantil e xuvenil, a lección enchida de *moralina* que atrapalla e empalaga aos lectores. Non por iso renuncia "á carga moral, escribir non é gratuito, ten que existir un impulso ético debaixo de cada libro. As máis das veces os libros



P. BERGANTIÑOS

nacen dunha vontade de intervir, na medida que se pode facer desde a escrita, dando incluso obras de claro compromiso deliberadamente militante".

Como o *levitador* da novela, Fernández Paz pula porque a literatura infantil e xuvenil deixe de ser invisíbel. Nun bo momento de creación e edición, a pexa continua a ser o compartimento estanco ao que se relega tanto a libros como a escritores. "Falo da necesidade dunha ollada crítica que nos mire doutro xeito e abandone o paternalismo e a secundarización, non hai crítica nen sequer tería onde expresarse. Non é habitual que se reseñen libros infantís" apunta e, como xa son moitos e algúns moi bos, comenta que comeza a haber, entre os maiores, quen cuestiona se non se estará a perder algo por non pegar nos libros que están a ler os novos. E abofé que perde. Tamén recibe Agustín Fernández Paz de cando en vez un aviso de consello para que publique algun dos seus libros en coleccións de adultos. A súa esmerada escrita, o coidado dos textos e as his-

tórias ben tramadas tiran para ser lidas en todas as idades. El renuncia á indicación por dúas razóns: a primeira porque entende que non se pode baixar a garda da calidade en nengun tipo de obra e ese non pode ser o criterio de clasificación e a segunda, porque ás coleccións infantís e xuvenís acceden os máis novos e tamén os maiores "desprexuízados".


"Unha das motivacións que temos os que escribemos literatura infantil é o sermos conscientes nun momento dado da caréncia que había. Entendiamos que o contexto, as referencias tiñan que estar no cotiá aínda que ás veces sexan tamén universais". Refírese así aos comezos dos oitenta, cando a literatura para a mocidade comezou a xurdir con forza no país, despois dun valeiro só salvado por agradecidas individualidades. Do universalismo no que fala —que non contradi unha obra ancorada no país— dá tamén boa medida o ben recibidas que son as súas obras fóra e repite así unha das súas reivindicacións. "Aspiro a que á literatura infantil galega lle pase o que á catalana, que as

editoriais estén pendentes dos catálogos para atinar no que hai que traducir. É un reto no que as editoriais e a Administración teñen moito que dicir para que a nosa obra sexa tratada en xusta correspondencia" sinala, unha vez pon tamén sobre a mesa que "hai moita obra exportábel. No nivel non temos nada que envexar a ninguén".

Manter os textos na man

Son moitos os borradores que desbota para que a escrita saia fluída, para ser lida con facilidade pero á vez garde calidade e manteña un estilo coidado. Para facer novos lectores ás veces hai que ter conta dos barroquismos e a sintaxe enrevesada, matinar que o experimentalismo en exceso non se converta en cancela pechada para quen, ás veces, se encontra cun dos primeiros libros da súa vida. A premisa é manter aos lectores co libro na man até o fin e que mesmo despois fagan propia a historia e den vida ás personaxes. Ten así recibido cartas nas que hai lectores que continúan o relato e mesmo lle envían unha segunda parte. "O que é terríbel é intentar potenciar a lectura con textos que caen das mans, tanto por seren malos como dificultosos para a idade, ten que ser un proceso no que hai que ir subindo chanzos. Hai que buscar libros que fan lectores. Pode ser un concepto difícil de definir pero de contado son quen de elaborar unha lista dessas leituras".

O proceso invírtese en moitas ocasións. Estamos aínda nas primeiras xeracións que se encontran na escola coa literatura galega, despois de tantas nas que os cativos comezaban a ler autores de fóra do país e nunha lingua distinta á súa. Voltéase así a tradición, e son os pais os que herdán os libros dos fillos. Afirma así Fernández Paz que escribir literatura infantil e xuvenil en galego "é un factor para a normalización importantísimo que mesmo non se ten analizado na profundidade que se debía. Ás veces hai adultos que len os meus libros via os seus fillos e falan comigo. Vexo como é unha maneira de que se acheguen ao galego aínda que moitos deles polo de agora non o falen. Estar comprometido na normalización lingüística foi unha das razóns que me levaron a escribir, por ver que non había material para recomendar aos rapaces". ♦



■ A voz de Rosa Cedrón no último disco de Mike Oldfield

Safu a venda o Luns 31 de Agosto o disco *Tubular Bells III*, de Mike Oldfield, que conta coa colaboración de Rosa Cedrón, cantante e violoncelista do grupo *Luar na Lubre*, que interpreta un dos temas, *The inner child*. Con este disco, Oldfield pecha a triloxia da que leva vendido preto de vinte millóns de copias, segundo as cifras da compañía Warner. No anterior disco do músico inglés, os *Luar na Lubre* xa lle prestaran o seu tema *O son do ar*, composto por Bieito Romero. ♦

■ Morre a escritora portuguesa Wanda Ramos

Morreu o Domingo 30 de Agosto en Lisboa a escritora portuguesa Wanda Ramos, quen visitara con frecuencia Galiza. Ademais de colaborar na revista *Nordés*, unha das súas novelas máis celebradas, *Litoral*, está ambientada na Costa da Morte galega. Preocupada pola recuperación da memoria histórica e cunha obra que afonda na procura da identidade, Wanda Ramos escribiu poesía, novela e realizou numerosas traducións polas que foi premiada. Outra das súas novelas, *Precursos (do Luachimo ao Luena)*, fora recoñecida co premio da Asociación de Escritores de Portugal. ♦

■ Preparan a rodaxe da película Blanca Madison

A produción galega *Blanca Madison*, que será a primeira fita do director Carlos Amil, comezará a rodar no mes de Novembro en localizacións da Coruña e Pontevedra. Seleccionada con outros trece proxectos no programa europeo *Media I*, no que participan produtores de Portugal, Gales, Bretaña e Galiza, conta cunha axuda da consellería de Cultura e do Instituto da Cinematografía e as Artes Audiovisuais. O argumento da película, que conta coa música de Nani Garcia, xira ao redor dunha cantante que regresa á cidade atlántica na que pasou a súa nenez e na que voltan as paixóns do pasado que poden rematar en vinganza. ♦

■ Caldaloba gaña o premio SonsFolk 98

O grupo da Terra Cha, *Caldaloba*, foi o gañador do concurso *Galicia SonsFolk 98*, organizado por varios concellos e a consellería de Cultura e que se celebrou o Venres 28 de Agosto pola noite en Redondela. Os outros grupos que competían eran *Código de Barras*, *Arz-Hais* e *Zuncurrundullo*. ♦

■ Festival Freixo Rock para os grupos noveis

Durantes tres días, 11, 12 e 13 de Setembro, e con *Vomito*, *Dr. Calypso*, *Contradança* e *Os Ciprians* como cabezas de cartaz, desenvólvese o *Freixo Rock 98*, que organiza a peña viguesa do mesmo nome e no que colaboran varios locais da cidade. Para entrar págase unha colaboración de cincocentas pesetas en rifas e outras cincocentas se se quer acampar no lugar dos concertos, detrás da capela de San Xoán no Freixo en Valadares, onde tamén haberá instalado un mercadoño. ♦

O Venres 11 actúan *Vomito*, *K.G Ben*, *Schizophrenia*, *Podridos*, *Knock-Out*, *Nenos da Revolta*, *O Pequeno Baltimore* e a *Gran Ramera*. O Sábado suben ao escenario *Dr. Calypso*, *Oxtiax ke te pariu*, *No hay manera*, *Cachequito*, *B.C. Rocks*, *Keltoi!*, *Zancadilla* e *Na'Haliel*. A festa folk ten lugar o Domingo 13 a partir das doce do meiodía con *Contradança* e *Os Ciprians*. ♦

■ Celébrase unha nova edición do Intercelta da Coruña

Do Mércores 26 ao Sábado 29 de Agosto celebrouse no Coliseum da Coruña o Festival *Intercelta 98*. Abriuse cos porriñeses de *Na Lua* para dar paso nos días seguintes a *Berrogüetto*, *Shooglenifty*, *Altan*, Xosé Manuel Budiño, que convidou ao escenario a Mercedes Peón e a Jacky Molard, e as bandas de Alan Stivell e Donal Lunny, esta última producindo á cantante Sharon Shannon, que actuou como convidada. O día 28 un colectivo de xóvenes gaiteiros da Coruña desplegaron unha pancarta no Coliseum durante unha das actuacións para reivindicar unha escola de música tradicional para a cidade coa fin de que se imparta a aprendizaxe de instrumentos e de canto. ♦

■ Mostra de Teatro no Barco

A Mostra de Teatro do Barco de Valdeorras chega á súa 11ª edición do día 4 ao 7 de Setembro na Casa da Cultura da vila. A *Factoría Teatro*, con Dorotea



Dorotea Bárcena de *Factoría Teatro*.

Bárcena e Alfredo Rodríguez, acude ao Barco con *A Casa de América*, de Edward Thomas, *Teatro do Morcego*, con Celso Parada, representa *O Lazarillo de Tormes*; *Druída Danzá* sube ao escenario con *Drama de mulleres*, baseada en *La casa de Bernarda Alba*, de Lorca, e *A Odissea de Homero* é a montaxe que presentan *Monicreques de Kukus*. ♦

■ Exposición de humor en Ribadeo

Abriuse o Martes 30 de Agosto a mostra de humor que a asociación *Francisco Lanza* organiza na vila de Ribadeo coa peculiaridade de encadrar viñetas e colocalas nos trinqués dos establecementos comerciais que colaboran coa iniciativa. A mostra, *Un país con humor*, está aberta até o 15 de Setembro e a asociación quer editar unha guía para que os interesados saiban onde se atopan as viñetas. O ano pasado a mostra contou coa presenza de Xosé Lois O Carra-bouso e este ano contan cunha conferencia de Xaquín Marin. ♦

■ Fernández del Riego recibe o premio Casa dos Poetas

O premio Celanova *Casa dos Poetas* foi entregado a Francisco Fernández del Riego o Luns 31 de Agosto nun acto no que estiveron presentes Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas e David Otero, entre outros escritores. O alcalde de Celanova, Antonio Mourino, entregoulle a del Riego o galardón, instituído polo Padroado Curros Enríquez. ♦

Aires do Meu Lugar

Suso de Toro

'Enterro na calor'

TOCA A CAMPÁ A MORTO neste serán polo val agrario; alá diante os autos brúan baixo o sol pola estrada cara as praias, os rapaces do lugar baixan cara á ribeira coas toallas ao lombo... Un mal día para morrer, mal momento para un funeral, non hai contexto axeitado.

O VERÁN, O TEMPO DO CORPO. Os corpos sometidos ás vellas fatigas do traballo baixo o sol e ás novas canseiras do deporte e a praia, eses destragos placenteiros de enerxías; sometidos ao descanso atordoador da sesta, ao embrutecemento das comelladas e bebedelas da festa e o domingo, e a apertura ao sol. O verán, corpos abertos.

UN GRUPO DE VELLAS QUE NON PRECISAN DA SESTA xogan á baralla debaixo dun cuberto. Teñen por costume xuntárense alí os de varias portas, xogan e parolan. Pouca xente fai iso xa, cada un fica na súa casa e xa case ninguén entra na casa do veciño. A virtude da sociabilidade, da boa veciñanza.

Case todas as virtudes naceron da necesidade, ese reunirse na beira do camiño ven de que as casas eran pequenas, hoxe quen máis quen menos meteulle un ou dous altos e construíu o que puido, que o cemento é un mundo de barato a como era, e todos queremos facer ver que non precisamos de estar no camiño.

A necesidade é o que crea a solidariedade, a fartura o egoísmo; carallo, mellor que haxa fartura. Agora que se houbese fartura e unha pouca solidariedade era mellor. Hai que matinar en como recrear as virtudes, que sexan voluntarias e non obrigadas.

TODO CAMBIA, ESTA ALDEA POR COMPLETO. Antes a aldea era unha unidade de produción pesqueira ou agraria, agora é un lugar no que vive xente, uns do campo e outros non: electricistas, empregadas, fontaneiros, profesores... As leiras que antes eran cobizadas pola boa condición para labrar están a campo e son cobizadas polos herdeiros para especular. Cambiou a vida da xente tamén, e para ben. Que nesa casa morreu unha meniña de pura desnutrición hai anos e agora os rapaces comen igures; esa vella aínda garda o loito, hoxe gárdase moito menos tempo, mais vai baixa coa nora e os netos ata a areia; e ese vello que lambe nun xelado "Frigopie" de nata salvouse hai uns meses dun infarto que uns anos antes xa o tiña mandado para a pataqueira (e como siga a comer xelados...) ♦

DE TODOS XEITOS SE UNHA COMUNIDADE, SE UNHA ALDEA DUROU TANTO quizais atope o xeito de reconfigurarse e seguir adiante. Quizais nunha nova volta da historia haxa xente que volva criar aquí ovellas, vacas, botar millo ou outros cultivos. O único certo é que non se sabe.

En todo caso alguén morreu esta tarde, cambian as circunstancias da vida e tamén as da morte, agora que o que é morrer seguimos a morrer todos cando nos chega a hora. ♦

Leituras

Niccoló Machiavelli en galego

Título: A mandrágora.
Autor: Niccoló Machiavelli.
Tradución: Luisa Villalta & Francisco Pillado.
Editorial: Laivento, 1998.

Á parte de autor de *O príncipe*, Niccoló Machiavelli (1469-1527) foi poeta, historiador e novelista. Se os seus ensaios históricos dan comezo á modernidade neste campo, ao ser dos primeiros en usar un "materialismo histórico" *avant la lettre*, con *O príncipe* nace o materialismo político, que surge directamente do materialismo histórico dos seus diversos *Discorsi*, interrompidos debido á reflexión que o conduciu a escribir a súa obra máis coñecida, a que deu nacemento á palabra, infamante, de "maquiavelismo". Nos *Discorsi* Maquiavelo é republicano, mais cando se dá conta que na conxuntura italiana do comezo do XVI é imposible unha restauración republicana, é cando se torna para o "príncipe". ¿Oportunismo político? Nen de lonxe. Simplemente, o nacemento do momento maquiavélico ¿Que é o "momento maquiavélico"? Isto foi ben explicado hai case dous anos por Miguel Abensour no excelente *La démocratie contra l'état. Marx et le moment machiavelien* (Presses Universitaires de France, 1997). O momento maquiavélico é o redescubrimento da política. Redescubrimento que permite, segundo Abensour, afirmar que a democracia se enfrenta sempre ao estado.



Niccoló Machiavelli segundo o pintor Santi di Tito.

Tomando como punto de partida un texto pouco usado de Marx, *A crítica do dereito político de Hegel*, redactado en 1843, Abensour albisca o esbozo dunha "verdadeira democracia". Contrariamente ao que se pensa e cre, continua, Marx non cesou de interrogarse apaixonadamente sobre o ser mesmo da política. Esculcando a especificidade desta invención colectiva (nunca invención dunha vanguarda esclarecida e esclarecedora), enxergaría claramente que a emancipación luta sempre, a fin de contas, contra o poder estático, contra o poder do estado. En oposición ás respeitábeis autori-

dades que declaran nos anos 30 do século pasado que a era das revolucións se fechou definitivamente, Marx pensa que nos enfrontamentos futuros se oporán a "verdadeira democracia" —que manifesta a autonomía do político reabilitando a vida cívica e instaurando unha república sempre nova— e, doutra parte, o poder do estado, que fixa e entorpece as creacións colectivas. Esta intuición de Marx, penso que tirada directamente de Machiavelli, foi rapidamente agachada.

O materialismo histórico, no propio Marx, vai recusar a idea dunha política autónoma e reser-

valle só un papel secundario, derivado, dependente. A continuación, a rápida transformación do marxismo en dogma simplificador e ríxido (tanto por parte da II como da III Internacional) acabará por esborrallar este momento —maquiavélico. Serán, porén, dous homes á marxe dos aparatos partidarios, un por estar nos cárceres de Mussolini, Antóni Gramsci, e o outro no exilio, perseguido polos nazis, Max Horkheimer, quen nos anos trinta reivindicará Machiavelli desde dous puntos de vista, ou dúas posicións, diferentes. Gramsci, nos apuntes sistemáticos e constantes que lle dedica nos *Quaderni del carcere* fai unha analogía que lle permite converter o "novo príncipe" no partido ou intelectual colectivo. Horkheimer fai del o inductor ou creador da modernidade política, en *Machiavelli e a concepción psicolóxica da historia*. Logo, achamos, o pensamento marxista non italiano deixou demasiado de lado a Machiavelli, caíndo ás veces nun economicismo cuxa raíz marxiana é de abondo discutíbel.

Mais hoxe non queremos falar de Marx, nen do Maquiavelo político. Hoxe tráenos aquí a publicación, ¿por vez primeira?, en galego dun texto do florentino, unha obra teatral: *A mandrágora*, en versión de Luisa Villalta e Francisco Pillado. Á parte da mencionada, Machiavelli escribiu tres obras teatrais máis, *Clizia* (unha imitación de Plauto), *O asno de Ouro* e a fábula misóxina *Belfegor*. Se estas tres obras non pasan de ser puros divertimentos literarios, *A mandrágora* é quizais a obra teatral máis conseguida da literatura italiana do XVI, e quizais de todo o Renacemento italiano, (Pasa á páxina seguinte)

conta de libros

Viaxe pola maxia galega

Hai seres fabulosos como os ananos, o alicornio, o diaño burleiro ou a dona dos pés de cabra que povoan relatos e lendas que se contan no país. Na *Guía da Galiza Máxica*, Vitor Vaqueiro recupera estas historias de encantamento "irremediavelmente prisioneiro da lenda e do relato fabuloso, talvez desde o día do seu oitavo cumpleaños, no que os seus pais o agasallaron coa edición de *As mil e unha noites*, de Galland". Divide o seu traballo, editado en Galaxia, en dúas partes: *A ollada maravillosa*, que corresponde a aspectos xerais do país, e *O lugar da lenda*, con tradicións localizadas nun lugar concreto. ♦



Aventuras do príncipe Tanis

Quen é Tanis I, O Mocos? É o príncipe Estanislao, herdeiro á coroa do reino de Sofrovia, que o día que cumpre dezaoto anos asiste á súa festa vestido cun frac vello e unha colección de imperdibles. Os meios de comunicación dividense entre os que cren que é un xesto para a galería e os que se alporizan pola indumentaria do mozo. As aventuras de Estanislao, máis coñecido como Tanis I, desde que é coroado até que atopa unha moza que lle gusta son relacionadas por Manuel Lourenzo González neste libro que Xerais edita dentro da colección Merlin. ♦



O máis básico da xenética

Daniel Soutullo, despois de escribir libros como *De Darwin ao ADN* ou *La eugenesia*, presenta *Os xenes e o futuro humano*, dentro dos brevarios de Laivento. Trátase de explicar os conceptos básicos da xenética, que poden servir ao lector para entender todas as noticias que aparecen a cotío nos medios de comunicación e que fan referencia aos adiantos na investigación xenética e nas súas consecuencias. ♦



Despois do campo de extermínio


Julia Flores é unha uruguia que pasa polos campos de concentración da Arxentina de Videla para, ao cabo dos anos, rematar exiliada en Suecia. Quen é Julia? Di Fernando Butazzoni, o autor de *El tigre y la nieve*, escrito en 1986 e agora reeditado por Virus, que algun día se poderá revelar a verdadeira identidade da protagonista do libro xa que toda a trama está baseada en personaxes e feitos reais, que resultan arrepiantes. O humor empregado polo autor, xornalista de Montevideo, resulta do máis acedo. ♦



CRÓNICA


Unha intensa visión da China de hoxe á luz da China de sempre

Case unha década despois da caída do muro de Berlín, formalmente unha quinta parte da humanidade segue gobernada por un Partido Comunista con máis de sesenta millóns de membros. A partir desta rotundidade, Xulio Ríos ofrécenos un fidedigno retrato das múltiples contradicións que habitan no chamado "socialismo de peculiaridades chinesas".




A CHINA POR DENTRO
Xulio Ríos

NA MESMA COLECCIÓN



DOSINDA ARESES
PROSAS COMPLETAS



TERRITORIO OCUPADO
Fran Alonso
Fotografías: Manuel G. Vicente



Leituras

(Ven da páxina anterior)
chegando a afirmar algún autor que Machiavelli deu ao teatro do renacemento italiano a súa obra mestra. Á parte de todo isto, outros dramaturgos italianos baseáronse nesta obra do florentino para facer novas pezas teatrais, como por exemplo Luigi Pirandello, que en 1915 toma a trama da obra de Machiavelli para facer unha nova peza, *O home, a besta e a virtude*, non das mellores del.

A obra é autenticamente revolucionaria para o seu tempo, pola simplicidade da intriga (Micer Nicia, avogado tan rico como parvo, non vacila en botar á súa muller nos brazos do primeiro que chega para poder ter un fillo e en pór en perigo a vida daquel, xa que Nicia está convencido que o descoñecido

-de feito ama á muller do avogado desde o primeiro momento en que a viu- morrerá se ela inxire previamente unha posición de mandrágora. A virtuosa Lucrecia, empurrada ao adultério polo propio marido, coa complicidade do cubizoso Frei Timoteu, acabará por aceptar o amante, con gosto), pola virulencia do seu realismo crítico, pola exaltación da "verdade" dos sentimentos, e pola incomparable orixinalidade da linguaxe. Orixinalidade que radica na súa sinxeleza e no uso da prosa. Machiavelli debeu ser un dos primeiros autores dramáticos italianos en usar da prosa nos diálogos. Por outra parte ao non ser un teatro "poético" non basa a súa forza na "palabra", senón na trama, nas situacións dos personaxes. Na "brillantez". De certas cenas onde o diálogo

amosa a psicología dos personaxes (escena I, acto II; escenas III e IV do acto terceiro, etc.) e dá pé ao decorado. Uns personaxes vivos, que deben moito á novela picaresca española -Ligurio é o personaxe tipo do "pícaro"- mais que están tirados dos moradores da cidade de Floréncia; personaxes que Machiavelli tira da observación da vida cotidiana: eis a

sua grandeza como dramaturgo. Eis a súa modernidade. Por outra parte, o autor de *O príncipe* escribe unha obra cuxa representación é doada: abonda cun cenario vacío.

A *mandrágora* é unha das grandes obras da comedia teatral italiana, e a versión/adaptación de Luísa Vilalta e Francisco Pillado mantén todo o saber, o sabor e ritmo do orixinal permitindo unha doada transposición ao cenario. Transposición que nos agrada ver o máis axiña posíbel. Con todo, unha "pega": achamos que os tradutores deberon por un prólogo, aínda que tamén é verdade que é un exercicio saudábel achegarse a un clásico sen intermediarios. ♦

X.G.G.

O copdel



Fouce

Periódico labrego de información técnica e sindical

Nº 167. Agosto 1998. 300 pta.

Edito: Sindicato Labrego Galego.

En portada sublíñase que a recente aprobación do real decreto sobre a Modernización e Mellora da Competitividade do sector lácteo virá a agravar a situación do agro galego. Ademais de reseñarse a manifestación por un servizo de marcaxe público e gratuito, Margarita Prieto, coordinadora da Comarca da Terrá Cha, analiza a oposición a esta medida no artigo *A marcaxe dos xatos: un novo despropósito da Consellería*. Vólvese a incidir neste número sobre a necesidade de que a Xunta indemnice aos afectados polos danos causados pola fauna salvaxe e infórmase sobre as axudas para medidas forestais da Consellería de Meio Ambiente. Ademais o artigo de actualidade *Proxecto de Real Decreto de ordenación de explotacións Cuniculas do Ministerio* que vai ter gran repercusión sobre as granxas de coellos e *A cota en Galiza fica na mesma situación de déficit tras o reparto da miseria*. ♦

X.G.G.

conta de discos



As cancións das mulleres do 36

Título: Mujeres del 36 / Dones del 36.
Grupo: Maquis.
Edito: Tecnosaga.

As mulleres represaliadas a raíz do levantamento militar do 36

cantaban no cárcere e, non só cancións populares ou xurdidas no fronte republicano como *El paso del Ebro*, senón que da súa reclusión saíron composicións novas que inventaban nas celas. Rosa Zaragoza recolle estas cancións da testemuña de quen as cantaron e sufriron a condeza pola súa militancia, o grupo de mulleres chamado *Dones del 36*, poñéndolles música co traballo do grupo *Maquis*. As presas compuñan cancións como a que dicía "es la Pepa una gachí, que está de moda en Madr y que ti predilección por los rojillos". Era "pepa" a forma de chamarlle á pena de morte. As mulleres do 36 usaban estrofas populares nalguns dos seus cantos e as anarquistas berraban *Mujeres* sobre unha música de Louis Armstrong, para Franco estaba adicada *Generalsísimo*, e o *Pasodoble de la carcel*, que Rosa Zaragoza e o seu grupo acompañan co son das


tapas das olas e das culleres, é unha creación de dúas presas, Julia Vigre e Carmen Camaño, para un festival clandestino que se celebrou o 14 de Abril de 1945 nos lavabos do cárcere das Ventas. ♦



Música de tenda de larpeiradas

Título: TCR... a la parrilla.
Grupo: TCR.
Edito: Subterfuge.

Total Control Racing TCR, con este nome, o grupo barcelonés acada a velocidade das pistas de Scaletrix presentado o seu primeiro 7" con catro cancións entre a música dos sesenta e a revisión do punk. *He cambiado!!*, *Tengo que beber*, *Colección carcas tristes* e *Una de esas cosas* son os títulos na liña inxenua da música que pode sonar nas tendas de caramelos para cativos. Susi Wong, que pon a voz, Sveveva, El General Óptica, Kim Philby, Junior e Saturno 9 compoñen este grupo que tanto bebe da pachanga de Georgie Dann como dos Kinks ou das Romnets. A casa Subterfuge Records edita 500 copias en vinilo verde. ♦



InteresArte

Nº 2. Verán 1998. 800 pta.

Edito: Editorial Galaxia.

Director: David Barro.

Recórdase na editorial o acto de presentación da revista no mes de Maio no CGAC que neste segundo número inclúe as colaboracións de Fernando Casas, Alex Alonso Nogueira, X.M. López Vázquez, Xosé Fernández Fernández, Miguel Anxo Rodríguez, Xosé Luis Losa, Xan Rodríguez e Cristina Rodríguez Solla. O seu director David Barro entrevista a Torrente Ballester baixo o lema *Visión desde o balcón dos seus oitenta anos*, Ramón Castaño achégase até *Finisterre*, a segunda longametraxe de Xabier Villaverde e a obra de Inge Morath da man de Antón G. Borrazás analízase en *Fotografía*. Ademais de *Peggy e Gertrude, mulleres mecenas na arte do século XX* por Iolanda López, convértese en protagonistas desta volta o arquitecto Iago Seara, os artistas Jorge Barbi, Salvador Cidrás, Adolfo Schosser, o director do CGAC Miguel Fernández-Cid e o presentador da TVE Pedro Ruiz. Reséñase a *Bienal de Pontevedra* e a iniciativa da Sala Galán *En pé de pedra*. Entre outros artigos *A Guarda en Paisaxe con figuras* e *O mosteiro de Samos en Retratos a contraluz*. ♦

SUBSCRÉBASE A A NOSA TERRA

Nome Apelidos

Enderezo

Cod. Postal Teléfono

Povoación N.I.F.

Provincia País.

Suscríbome a *A Nosa Terra* (incluídos os *Cadernos de Pensamento e Cultura*) por un ano/semestre ao prezo de:

Galiza/Estado/Portugal 9.000 pta./ano 4.500 pta./semestre

Europa 10.920

América e resto do mundo 13.080

a) Subscricións para o Estado español

Talón bancario adxunto

Reembolso (máis 130 pta.)

b) Para o resto do mundo

Cheque bancario adxunto

Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.

PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETIN ADXUNTO.

Banco/Caixa de Aforros

Conta ou Libreta [] [] [] [] [] [] [] [] [] []

[] [] [] [] [] [] [] [] [] []

Titular

..... Nº Sucursal


Povoación Provincia

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA

ATENTAMENTE (SINATURA)

A INFORMACIÓN QUE PAGA A PENA TER



OPINIÓN

O TEATRO QUE NON SABE DE ONDE VEN, MAL PODE SABER ONDE QUER CHEGAR

G. LUCA
DE TENA



A raíz obscena e popular dos tipos da comedia da arte foi capada pola igrexa. Debuxos de Dario Fo para o Manual mínimo del actor.

O caso de Dario Fo recorda o doutros teatreiros de talento que escriben para o teatro pero non sobre xénero e entregados á escrita dramática, o traballo de actor ou a dirección, non atenden a edición crítica e a reflexión. Esfuerzo teórico que ten para o caso un valor acrescentado porque procede da experiencia de quen, como Fo e Franca Rame, navegan a contramano do teatro comercial e da cultura como arma de Estado. A Franca Rame débelle unha recopilación de comentários, cursos, conferencias e coloquios de Fo, material enorme debullado e ordeado neste manual editado por Iru que ten o valor dun ensaio sobre a situación do teatro e as causas remotas e próximas da crise que hoxe vive⁽¹⁾.

As notas sobre a Comedia da Arte que abren o volume son a clave do libro e unha irresistibel invitación á lectura. Dario Fo coida, como Carmelo Bene, que o tal xénero de máxia de funambulismo, de máscaras líricas e de danza coa que se adoita identificar a *Commedia* é unha capa de xarope encol dun teatro en esencia de diálogo e acción e xeito, polo que entra a ironía e a falla de respecto ao poder. Non só de pinchos, viraganchos, pasos de samba e máscara vive a Comedia da Arte, como quixo dar a entender por exemplo o Teatro Independente español dos 60, con contaxio evidente para a Centro Dramático. O autor do *Mistério Bufo* cita a Ferruccio Marotti para situar a Arlequin, que aparece nunha reseña de 1585 como *chulo emérito*, mentirán, vago, pinante, ladro, amoral, que baixa ao inferno e xoga a súa alma ao cubilete. O de comediante era un oficio no que había que ter a habilidade de inventar sobre a marcha todo un argumento ao que se lle pegaban morcelas e papaventos memorizados.

Nesta combinación de cara lavada e inventiva, azar e necesidade, os cómicos aprendían a capear o poder pero nunca deixaban de cercalo porque precisamente da ironía crítica tiraban o seu grande chamado popular. Por algo a Contrarreforma non deixou títere con cabeza. Carlos Borromeo, o xesuita elevado aos altares polo seu traballo censor, decía que o demo facía progresar o seu veneno por boca de comediantes. Dario Fo di que nunca lle fixeran gabanza máis grande á Comedia da Arte que no texto de Ottolelli, colaborador do inquisidor Borromeo: "Os cómicos non usan en todas as representacións as mesmas palabras senón que aprenden a substancia do texto e reinvéntanas a cada, adestrados dunha maneira libre, natural e graciosa con efecto de grande implicación do público e dese xeito natural encende paixóns e emocións que son un perigo enorme porque ensalzan a festa amoral dos sentidos, da lascívia e do desprezo das boas normas".

Tiña toda razón o Vaticano para desconfiar do teatro. Para Fo, o nome do xograr procede de *ciullare*, que ven sendo burlarse e gozar e folgar e procede de *ciullo* ou caralla e se cadra nos programas escolares da Democracia Cristiana prefiren explicar aos rapaces que ven de ceo. Acaso o autor non sabe que entre os teóricos de nós hai quen defende o misticismo da xograría. Os xograres teutóns chamábanse *carallo teso* e *Ruzante*, o máis grande entre os de Italia chamábase así porque en paduano, *ruzzare* ven sendo ocuparse coas bestas. *Ruzante*, fode-bestas.

Só os titiriteiros trascendidos a artistas merecen respecto do poder, pero un respecto letal. O autor de *Morte accidental dun anarquista* di que o teatro pode levantarse se procura a súa raíz popular, sobre todo na risa do povo que libera porque ensina a desconfiar do discurso demagóxico e se confía nos actores, non nos escritores "que pegan aos ministros coma as carrachas aos cabalos". Para o teatro é mortal a escolástica, a seriedade. Fo descobre alarmado a un académico de sona que lle conta que a tradición dos Maios é traxica. Non hai risa nos Maios italianos porque a Igrexa desmontou a personaxe do opositor cómico, o tolo que fai burla do recitado e que recuperan episódicamente os ácratas nos anos 20, o mesmo tolo que cola de matute Shakespeare no *Rei Lear* para revolver os conceptos da traxédia.

Loitar contra a artificialidade coa arma do próximo, do dialectal, do auténtico e a golpe de fabricar o te-

Lendo estas liñas do autor de máis éxito no continente é honrado preguntarse se o mal momento do teatro ven da anoréxia do público ou da censura do poder"

atro e o público ao mesmo tempo, con humildade, con inventiva, confiando nas ideas antes que na arte teatral, que non se sabe ben que cousa é, di Fo. Lendo estas liñas do autor de máis éxito no continente é honrado preguntarse se o mal momento do teatro ven da anoréxia do público ou da censura do poder, da neura do musolliTMianos coma Fraga porque non se vaian rir deles, que conduce ao límite absurdo de deturpar o sentido mesmo da institución pública criada para defender o teatro e o idioma.

Son transparentes os exemplos que o autor cita no libro sobre a necesidade de considerar o texto como unha proposta dialéctica que compre contrastar e polir á vista das reaccións do público. O teatro como pelexa a piña limpa que a forza de mendos acabe desconcertando á crítica.

Ainda que o *Manual Mínimo* leva a asinatura de Dario Fo, no traballo intervén tamén Franca Rame, non só na edición, senón nunha reflexión so-

bre o papel histórico das cómicas. Rame di que hai cincuenta anos as labregas da súa terra contaban, despois de deitaren aos nenos, historias irónicas de argumento sexual. A autora pregunta se haberá un arma máis eficaz que a obscenidade para desmontar a chantaxe que o poder meteu na cachola da xente. "Que grande invento facemos nacer culpábeis cun pecado por purgar!". Rame exalta a picardía popular (tan viva entre nós como lonxe do teatro) pero láíase de que moitas actrices confundan a representación do sexo coa vulgaridade.

Son intelixentes e claras as notas de Dario Fo sobre o uso da voz, a xestualidade, o ritmo, as transicións e a contextualización. Están integradas na súa recomendación básica de recuperar a tradición que reforza coa reflexión de Gramsci: "Se non sabes de onde ves, mal poderás saber onde queres chegar". ♦

(1) *Manual Mínimo del Actor*, Dario Fo. Edición de Franca Rame. Traducción de Carla Matteino. Iru (Guipurkoa, 1998).

DOCEXVINTEDOUS DOCEXVINTEDOUS

JOSÉ PINTO CARNEIRO
O ETRAÑO CASO DA RAPAZOLA QUE ENTROU POLO MEU DESPACHO ADIANTE


gotelo blanco

"Rafael Lema mergúllase nesta novela na outra beira, no lado salvaxe da vida".
O Correo Galego

"Pinto Carneiro recrea con moita ironía as atmosferas da novela negra, transgresora e irreverente, o que lle permite incrementar as doses de complicidade co lector".
El Mundo Galicia

DOCEXVINTEDOUS DOCEXVINTEDOUS

Cangas acolle o debate anual dos teatros galego e portugués na Mostra Internacional



Manuel F. Vieites é o presidente do Instituto Galego de Estudos e Investigacións Teatrais.

◆ MIGUEL CASTELO

A capital do Morrazo acollerá este ano o debate dos problemas máis actuais da escena galega e portuguesa, no marco da Mostra Internacional de Teatro de Cangas. As xentes do teatro de ambas beiras do Miño/Minho volverán-se xuntar por terceira vez nos Encontros de Teatro de Galicia e Portugal, *Teatragal 98*.

Esta terceira edición terá lugar na citada vila mariñeira entre os días 10 e 13 de setembro e

nela tomarán parte recoñecidos profesionais e estudosos de ambos os dous países.

Tendencias e correntes escénicas será o tema en torno ao que debaterán os diversos participantes, entre os que, ademais de especialistas, estarán os membros dos colectivos que ofrecerán as súas montaxes no devandito certame.

Organizado polo Instituto Galego de Estudos e Investigacións Teatrais, Ingat, o *Teatragal* constitúe, en palabras do

presidente da nomeada entidade, o escritor e crítico Manuel F. Vieites, o necesario anual punto de encontro e debate das cuestións que atinxen ao decorrer da escena galego-portuguesa.

As primeiras vangardas europeas, teatro e ditadura, o teatro independente, da trasvanguardia ás últimas tendencias e tendencias na escrita contemporánea son algúns dos aspectos a tratar nestas xornadas.

Entre outros, as xornadas con-

tararán coa presenza dos dramaturgos Raúl Dans, Roberto Vidal Bolaño e Abel Neves; do profesor Paz Gago, da Universidade da Coruña; de Jorge Listopad, da Escola Superior de Teatro e Cinema de Lisboa; Alberto Bocos, do Institut del Teatre de Barcelona; Francisco Pillado, investigador e escritor; José Antonio Hormigón, Secretario Xeral da Asociación de Directores de Escena de España e especialista no teatro de Valle Inclán; e dos directores Guillermo Heras, J. Silva Melo, Antonio Simón e Julio Cardoso. ◆


No Festival de Cine de Donostia competirá *Frontera Sur*, basada na obra de Vázquez Rial M. Naruse, T. Gilliam e A. Hopkins recibirán senllas homenaxes

◆ MIGUEL CASTELO

Un dos máis grandes directores do cinema xaponés, Mikio Naruse, será o protagonista da ampla retrospectiva que no marco da súa cadaxésimosexta edición ofrecerá o Nazioarteko Zinemaldia Donostia/Festival Internacional de Cine de San Sebastián. O anual encontro cinematográfico, que abrirá as súas portas entre o 17 e 26 de setembro, renderá asimesmo homenaxe ao director norteamericano, Terry Gilliam e ao actor galés, Anthony Hopkins.

Prácticamente descoñecido en Europa, Mikio Naruse é, con Mizoguchi, Kurosawa e Ozu, un dos catro grandes do cinema xaponés. O tratamento da vida cotián na clase media-baixa do seu tempo, cunha especial atención á figura feminina dentro dunha sociedade tradicionalmente conservadora, e unha coidada posta en escena fan de Naruse un cineasta moderno e de grande solidez, moi próximo ao seu compatriota Yasuhiro Ozu e como el alonxado das servidumes da moda. Falecido en 1969 aos 64 anos, Naruse deixou unha produción de 88 películas, das que unha boa parte estiveron perdidas. Actualmente figuran catalogados 40 títulos, os que xustamente comporán este ciclo retrospectivo sobre o mestre nipón que, en colaboración coa Filmoteca Española, organiza o certame donostiarrá.

Independente, heterodoxo e arriscado son, se cadra, os adxectivos que mellor definen a Terry Gilliam, un cineasta que aos 26 anos deixou o seu país, EEUU, porque non lle gustaba, para se instalar en Londres, onde vive e traballa desde 1966. A súa última realización, "Fear and Loathing in Las Vegas" (*Medo e desesperación en Las Vegas*), filme que ven de provocar



Á dereita, Anthony Hopkins, con máis de vinte e cinco anos na profesión é homenaxeado en Donostia. Pola súa parte, Federico Luppi protagoniza a fita *Frontera Sur* que se estrea na sección oficial do festival.

unha forte polémica ao seu paso polo recentemente celebrado Festival de Cannes, poñerá o ramo ao ciclo retrospectivo que ofrece esta edición número cuarenta e seis do festival donostiarrá. Tirado dun libro clave da literatura norteamericana dos 70, escrito por Hunter S. Thompson, a fita conta o descenso aos infernos da droga dun xornalista e o seu avogado e está protagonizado por Johnny Depp e Benicio del Toro.

Asimesmo, películas realizadas en solitario como "A besta do reino", "Os heróis do tempo", "Brazil", "As aventuras do Barón de Munchausen", "O rei pescador" ou "Doce monos", cos filmes pertencentes á etapa do colectivo Monty Python, xunto

con descoñecidos traballos realizados no campo da animación, comporán este ciclo.

Hopkins, o conxunto dunha carreira

O Premio Donostia Europeo 98, galardón que o festival concede ao conxunto dunha carreira profesional, irá parar este ano a mans de Anthony Hopkins. E será Antonio Banderas, compañeiro de reparto na última película, "A máscara do Zorro", quen lle faga a entrega.

Principalmente coñecido pola súa intervención na sobrevalorada "O silencio dos anos", de Jonathan Demme, pola que obtivo en 1992 o Oscar ao Mellor

Actor, Hopkins deixara xa constancia do seu talento interpretativo en traballos moi anteriores como "O xove Winston", "Unha ponte lonxana" e "Magic" (Richard Attenborough/1971, 1974 e 1978, respectivamente) ou "O home elefante" (David Lynch/1980).

Versátil e de grande forza creadora, Anthony Hopkins é un actor completo que, con especial dedicación ao cinema, conta asimesmo con notábeis traballos para a TV, como "Guerra e Paz", e rotundos éxitos teatrais como "Equus", estreada en Broadway en 1974 co unánime beneplácito da crítica. A súa ampla carreira está chea de diversísimas e espléndidas interpretacións, entre as que as de "Regre-

so a Howards End" (James Ivory/1992), "Drácula" (Francis F. Coppola/1992), "Lendas de Paixón" (Edward Zwick/1994) ou "Nixon" (Oliver Stone/1995) constitúen unha boa mostra.

O seu último traballo, "A máscara do Zorro", será presentado por el mesmo en San Sebastián. Nel, o seu director, Martin Campbell, axuntouno na ficción con Antonio Banderas. Hopkins/Don Diego, o vello Zorro e o seu sucesor no relato, Banderas/o Zorro novo: o veterán fidalgo aventureiro transmitíndolle os seus coñecimentos e habilidades a un tímido e iniciático raposo. Agora, o Festival de San Sebastián axuntaraos na vida real, na citada cerimonia de homenaxe ao prestixioso actor galés, o que, fóra de toda dúbida, ha ser un dos momentos máis agardados polo grande público na presente edición.

Participación galega

Asimesmo, entre os 18 títulos, procedentes de diversos países, que, dentro da Sección Oficial, competirán pola Cuncha de Ouro, están as producións españolas "Barrio", segunda longametraxe de Fernando León, autor da estimadísima "Familia", e "Frontera Sur", de Gerardo Herrero, filme que conta coa participación das entidades galegas Continental Producciones e TVG e do actor coruñés Manuel Manquiña, que comparte cartel con Federico Luppi, Maribel Verdú e José Coronado.

As acostumadas seccións, Zabaltegi e Made in Spanish, ou a programación do xigantesco (no aforo e na pantalla) e concorrido espazo do Velódromo de Anoeta, completarán o groso da ampla oferta desta nova edición do Nazioarteko Zinemaldia Donostia. ◆

Gaos, xunto a Bach, Mozart e Schubert

O compositor da Coruña é unha das figuras relevantes da historia musical do país

◆ ANDRÉS GAOS GUILLOCHÓN

O feito de que o selo alemán BMG (Berstelman Music Group), sen mediación nengunha, teña en conta ao compositor galego Andrés Gaos (1857-1959), nun disco comercial de música clásica ao lado de Bach, Mozart, Mahler ou Dvorak merece unha reflexión por parte do seu fillo menor, pianista, único que sobrevive e que leva o seu nome. O selo discográfico BMG xa lanzou en 1995 un CD con obras instrumentais do compositor, entre as que se incluían a sinfonía "En las montañas de Galicia", a encargo Orquestra Sinfónica de Galiza.

A idea do CD *Adagio* non era orixinal senón máis ben competitiva, pois diferentes empresas discográficas acostuman a agrupar os seus títulos clásicos de preferencia en discos con encabezamentos como *Adagio*, *Nocturno* ou *Música de ensañación*. O que se presentaba como insólito e novedoso era incluír nesta selección, xunto a compositores como Bach, Mozart e outros, a un compositor galego rara vez frecuentado fóra de Galiza e apenas difundido no panorama musical deste século. Gaos non figura en ningún dicionario musical ou enciclopédico comercializado nos centros internacionais de prestixio. De Gaos dicía en 1959 o director de banda e compositor Rodrigo de Santiago:

"...para nós é o mellor músico de Galiza, cuxas obras sinfónicas portadoras dun selo de universalismo moi ao día, non desmerecen xunto ás páxinas musicais destes últimos tempos debidas aos máis nomeados mestres".

É posíbel que un criterio semellante ao de Santiago teña impulsado á equipa de produción de BMG a decidir que Gaos figure xunto a eses monstros sagrados da música. Neste disco ofrécese páxinas de obras mestras da música como a famosa aria de Bach pertence á suite orquestral nº3, ou o adagio de Mahler, da súa sinfonía nº 5. A partitura de Gaos, *Impresión nocturna*, interpretada pola Orquestra Sinfónica de Galiza, data de 1937 e contén once minutos e meio de música. Causa maior perplexidade que a súa obra non fose fragmentada xa que é a máis longa das que ocupan este disco da BMG. Trátase dunha composición profunda e melancólica, non facilmente asimilábel na súa primeira audición e que debido ás súas características Gaos pediu que fose escoitada no seu velorio en Mar de Plata no ano 1959.

Do popular ao clásico

Se ben as colectividades galegas na diáspora caracterízanse polo seu apego aos ritmos populares nos que a gaita é o indubidábel centro de atracción, poucos teñen a decisión de aventurarse a unha música, que sen ser de nengunha maneira superior, si é máis elaborada e menos proclive ao cansazo das repeticións incansables. Referímonos á música clásica, que

cando recibe outros apelativos como *erudita*, *culta* ou *académica*, implica certa arrogancia e non favorece en nada á popularización do xénero. Gaos medrou xunto á gaita e foi sempre un incondicional admirador deste instrumento. Proba disto é que a súa primeira composición importante escrita, aos quince anos, é unha muñeira para violín con acompañamento de piano, onde o ointe cre escoitar o son dunha gaita en lugar do do violín que a está imitando. Este instrumento xamais foi tido en conta polos grandes compositores. Gaos, en troques, non logra evitar a súa sedución e desde os compases iniciais da súa sinfonía *En las montañas de Galicia* réndelle respetuosos tributo. Na evocadora "Fiesta de aldea" -como se titula o seu primeiro movemento- pode escoitarse simultaneamente co tambor, o persistente son do fagot que rememora o roncón da gaita, ao que se engade despois o son nasal do oboe para envolvernos nunha atmosfera de festa coa gaita como protagonista. Son precisamente o fagot e o oboe os instrumentos que Gaos emprega para imitar a gaita, limitada tecnicamente para formar parte da orquestra.

Para quen fan culto da música popular galega, sen esquecer a música celta que nestes últimos tempos acadou unha notoriedade sen precedentes, o seguinte paso cara ao clásico non significa un desafío para o ointe, senón máis ben unha simple transición sen maiores dificultades. Se como suxerimos, a elección recae en Gaos e concretamente na súa *Sinfonía Gallega*, é probábel que ninguén se sinta defraudado e que este pequeno esforzo véxase recompensado con inesquecibles momentos de nostalxia enraizados no folcklore galego, sempre presente nas creacións gaosianas. ◆



Andrés Gaos aos 81 e aos 15 anos. Máis ter desenvolvido case toda a súa vida fora da Galiza, a raíz popular está presente no seu traballo. Á esquerda, os programas dos concertos de Gaos en Berlín en 1910 e en Amsterdam en 1929.

O neno músico ao que lle botaban pombas

No ano 1895 Andrés Gaos viaxa desde o porto de Vigo até Cuba, México e Arxentina na que será a súa primeira experiencia como concertista en Latinoamérica e, tamén, o primeiro chanzo até conseguir a nacionalidade arxentina en 1935. O compositor e violinista naceu na Coruña en 1874 e, dez anos despois, xa acadaba premios nos certames musicais. Estudante no Centro de Ensino Musical na Coruña, a súa interpretación no Teatro Rosalia, daquela Principal, mereceu que o público ceibase pombas para amosar a satisfacción, como era costume daquela. Só tiña once anos. Os seus estudos de perfeccionamento en Madrid e o apoio da Deputación da Coruña abrironlle as portas dos conservatorios fran-

ceses e belgas, onde dá os primeiros concertos internacionais.

Na Arxentina e Uruguai adicase a ensinar música, actividade que se interrompe con frecuencia polos concertos que dá por toda Europa e, tamén na Galiza. Foi director dos concertos sinfónicos arxentinos na Exposición Universal de París en 1937 cando xa estaba á fronte da Banda Municipal de Bos Aires e actuaba como director convidado en París, Bruxelas, Milán ou Berlín. Sentía que as súas composicións non eran valoradas de abondo. Como exemplo, a súa sinfonía *En las montañas de Galicia* composta entre 1917 e 1919 non puido ser estreada até que gañou un premio do centro Galego de Bos Aires en

1953. Outras composicións correron mellor fortuna como *Impresión nocturna*, *Marcha Fúnebre*, *Amor vedado*, a comedia lírica *Los rayos X*, *Muñeira*, para violín, ou *Aires gallegos*, para piano.

A crítica, que recoñece a escasa difusión da súa obra, outorga á súa obra as máximas consideracións e como violinista sitúao á beira de Sarasate. Máis ter desenvolvido case toda a súa vida fora da Galiza, a raíz popular está presente no seu traballo. No ano que morre, 1959, escribe a canción *Rosa de Abril*, sobre un poema de Rosalía de Castro incluído en *Cantares Gallegos*, pensada para voz e piano. Unha rua e unha asociación da Coruña lembran na actualidade a este compositor. ◆

máis
PARA SOÑAR NA NOSA LINGUA

OS CONTOS DO TRASNO COMODÍN

hai moitos, moitos, anos
existiu unha princesa
máis bonita
cás flores na primavera.

Vivía preto da lúa,
na montaña máis alta e afastada,
nun castelo de pedra e palabras.

KALANDRAKA EDITORA

ANACOS

Un luxo áreo e acuático

BOROBÓ

Cheira a charamusca en todas as vilas das Rías. Arde a Barbanza dende o Iroite á Curota e máis acolá. Repétese novamente o espectáculo trevoncino que ten coma escenario a fermosa angra de Rianxo. Unha aeronáutica noria, incensante e inútil, eleva auga da mar arousana, pra tratar vanamente de extinguir o lume dos montes. Cos hidroavións e helicópteros *canxilóns* dista carísima roda pra apagar incendios.

Volve estar comigo de espectador Uriel, o anxo xordomudo e dialéctico, que é o individuo de máis dramática experiencia persoal en canto aos nosos fogos forestais. Pois como xa contei, hai anos, nun fabuloso *anaco*, Uriel foi engulido polas fauces dun hidroavión, cando estaba nadando xunto á Pena Romana. E ante o risco inminente de que o descargasen ca auga encol dun agro ardente, facendo un esforzo sobrehumano, berrou ¡socorro! que foi a primeira fala que dixo dende que nacera.

Agora di tamén *si e non, arrumbar, carallo, coño* e outras poucas palabras necesarias pra andar pola vida; semellantes ás tagalas que aprenderan en Filipinas os suboficiais carabineiros, protagonistas de *Los cuernos de Don Friolera*. Pero enténdome moi ben, por señas, cando falo con Uriel, seriamente, do previsíbel rexurdimento do marxismo... ou das queimas dos montes.

Dise xeito puiden entenderlle onte ao meu anxo dialéctico un pensamento moi axeitado, mentres mirábamol o ir e vir, sin pausa, dos helicópteros; levando penduradas isas cántaras de ferro que apenas cargarán unha pipa de auga salada. E lembrouse vagamente Uriel daquil antigo colega seu que vaciaba cun balde a inmensidade do Océano, para demostrarlle a Santo Agostiño a eternidade de Deus, ou algo así.

Xa que o anxo xordomudo non está moi forte en Teoloxía, pero quería dicir que é casi tan ineficaz intentar apagar o fogo dos

ardentes e extensísimos bosques cos caldeiros dos helicópteros, coma conseguir baldeirar os mares cun cubo de plástico; dado que hoxe o do anxo do Bispo de Hipona non sería de zinc.

Calcula Uriel que os helicópteros e, máis aínda, os hidroavións, consumirán nos seus innumerábeis voos, se cadra, tantos litros de gasolina coma quintais de auga botarán sobre a Galiza en chamas. Polo que parece un absoluto dispendio, unha auténtica dilapidación dos caudais públicos, o malgastar miles de millóns en barrís de petróleo pra regar os montes cunha cifra aproximada de bocois de auga de mar. Sen contar o que custan tales aviacións, o seu mantimento e as altísimas nóminas (están polas nubes) das súas tripulacións.

Avións que, por certo, non poden traballar pola noite, cando o fogo dos montes prende ou se aviva. Factores todos que fan a Uriel ser da opinión, cada ano máis xeral, de que os cartos da Comunidade, en vez

de escarallarse nese luxo áreo e acuático, estarían moitísimo mellor empregados nun verdadeiramente eficaz servizo de prevención de incendios forestais. Constituído polos miles e miles de homes e mulleres agora sin traballo no noso país; de todas as profesións e oficios: dende os avogados, médicos e boticarios (que nas *Cousas* de Castelao non estaban aínda parados), biólogos e psicólogos ata taxistas, albaneis e navegantes. Pois unha temporeada no monte non lle virían mal a ninguén, estando ben paga, coma Deus (ou Fraga) mande.

Terían, sinxelamente, que limpar de toxo os piñeirais xóvenes, utilizando a maquinaria máis nova e adrede. Pois Uriel sostén que son os que máis risco ofrecen, xa que logo baixo o arume, a pinocha, non medran as toxeiras por onde se estende o lume. Bastarían, *asegún* meu anxo dialéctico, dúas limpeza consecutivas pra que os nosos montes quedasen fóra de perigo da queima e Galiza deixara de arder, hoxe e mañán, de punta a punta. ♦

Que lé?

Daniel Pino
Vicente

'O mundo rural
está cheo de riqueza
narrativa'

A novela de Susana Fortes *Las cenizas de La Bounty, Apocalise dos condes galegos* unha novela en castelán de Sánchez Andrade que versionou ao galego Xavier de Co e o poemario de César Sánchez, *Evadne*.

Que libros recomenda ler?

Máis ben recomendaría reler o ciclo Homérico, *A Iliada* ou *A Odissea*, *O Quijote* e dos clásicos a tradución do *Fausto* que fixo Lois Fobio, unha peza maxistral e un esforzo cáseque cicloteo que non está a ser ensalzado como debera. Máis recente, calquera dos libros de Manuel Rivas e unha noveliña preciosa de Alberto Fortes que se titula *Amargas han sido las horas* e que ven de reeditarse.

Que historias pode atopar o lector nos relatos que ven de publicar baixo o título *Arredor do Lume?*

Son once relatos de historias que poderían ser contadas arredor do pote, unha especie de casino onde a xente se xuntaba nos meses de outono e inverno. Baixo a pretensión de contalas á maneira de como ali se facía, trátanse cuestións máis ou menos universais. Ao longo de cada unha das pezas vai xurdindo un novo relato transversal. É o do propio personaxe que evoca as historias e que vai cobrando vida. Interesábame especialmente lembrar o mundo de cando eu era neno, a cultura rural. Son cenários cheos de riqueza incluso narrativa.

Dalle moita importancia aos valores da ruralidade.

Basicamente somos o que somos porque procedemos dun mundo absolutamente rural. O noso país ten 30.000 entidades de poboación, unha por cada quilómetro cadrado. Ese feito xa nos define. Existe unha especie de denostación da orixes e sería un grande erro esquencernos do que somos. Debemos impregnar as nosas realidade urbanas co espírito da cultura e do mundo rural. Un neno sen televisión ten un léxico dez veces superior ao mellor dos estudantes urbanos. ♦

Escritor e urbanista. Forcadela (Pontevedra), 1943.

Obras: *Intento de elixia crítica* (poesía), *Vista os sabes ao chegar febreiro* (narrativa) e *O planeamento rural urbano* (ensaio).

CAMIÑO VELLO CON GOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

A Alma Veladora

O silencioso reloxo de sol, cando o ceo o permite, só marca as horas do día, nin sequera as pregoas. e cando non, permanece como un adorno inútil co seu espigón ou gnomon marcando o sur. Pola noite, como as persoas, el tamén adormece, e só a volta da luz lle permite volver á vida.

Pero as persoas non son obxectos, e para cando esa volta á vida ten que ser antes do amencer, está a Alma Veladora.

Cando Carne tiña que ma-drugar, nunca necesitou do despertador. Antes de deitarse razáballe á Alma Veladora, e á hora que lle correspondía, abría os ollos.

Do mesmo modo, cando o sono non lle daba chegado, invocaba os favores da Alma e ao cuarto ou quinto Painoso ficaba durmida.

Do que sempre presumía Carne era de non chegar tarde nunca a ningures por culpa do sono; e cando algún incrédulo a increpaba, a ver que fá pintar unha alma tocando diana ou cantando nanas polas casas da veciñanza, ela, aclaráballo axiña:

—As almas do purgatorio expurgan os seus pecados traballando polo ben da comunidade. Cada unha ten encomendado un labor, e a Alma Veladora está para axudar ao descanso e evitar a preguiza. E senón, ¿cómo fomos erguernos á nosa hora se non houbese unha almiña



que nos avisara?; porque isto dos despertadores é cousa de hai pouco tempo para acá.

Para demostrar a súa existencia, Carne contaba como a primeira vez que o home viñera da América, traendo consigo un reloxo despertador cos números fosforescentes e un monótono tic-tac que prolongaba a vela ata a desesperación, conseguira chamar o sono coa axuda da Alma Veladora, despois de varias oracións.

—Pero ás seguintes noites xa non me collían desprevida. En canto el se daba a volta, eu, ao primeiro Painoso, pechaba os ollos e durmía dun tirón.

Pero o caso máis claro de que a Alma Veladora existe, foi cando ao marido lle chegou o día de marchar de novo a gañar o pan.

—Antes de meterse na cama doulle corda ao despertador e púxoo para que nos despertase media hora antes de pasar o coche de liña. E ficou tan tranquilo.

Carne non as tiña todas consigo, preguntáballe con insistencia se o reloxo sería de fiar, se tocaría á súa hora; e el, moi seguro, dicíalle que os aparellos americanos non fallan nunca, e este ata esperta a un xordo.

Por se acaso, Carne, antes de

meterse entre as sabas chamou á súa Almiña Veladora:

—Xa sabes que o coche pasa ás oito.

Como todas as noites previas a unha separación, o matrimonio desvelouse en promesas, proxectos e esperanzas, ata que os corpos, cansos, foron adormecendo a altas horas da madrugada.

É á maña seguinte, cando xa o sol marcaba sobre o hórreo o amencer, o reloxo, por esas xogadas que a técnica nos fai cando menos o esperamos, despois dun "toc" xordo e inaudíbel, ficou en silencio, deixando no ar, como única proba de que estaba andando o monótono tic-tac ao que a parella xa se fora acostumando.

Os minutos pasaban, e o matrimonio seguía repoñéndose do desvelo da noite anterior, a perna solta, ata que, de súpeto, Carne acordou, mirou á mesiña e chamou ao marido.

—Andrés, dentro de dez minutos pasa o coche.

—Muller, ¿como non me esperatashes antes?

—Ela avisoume agora mesmo. E aínda estás a tempo.

Daquela chegou con tempo e el non perdeu a viaxe; pero hai agora un mes, a Carne falloulle o acordo e esqueceuse de rezar para que a Alma a despertase. ♦

Se o que quer é bailar durante tres días seguidos para despedir o verán, na praia de Sambil, en Vigo, ten lugar o Festival *Tempo de Cambio* durante o 4, 5 e 6 de

Setembro. Aínda que poida asustar a aparición de "só bacallau", o cartaz ofrece estilos variados dentro da música de baile. E se non que fan *Gwendal* no programa? ♦

Cangas

EXPOSICIÓNS

A Casa de Cultura de CANGAS acolle unha exposición fotográfica de Sebastião Salgado.



SEBASTIÃO SALGADO

Está aberta na Casa da Cultura a mostra do fotógrafo brasileiro Sebastião Salgado.

Carral

MÚSICA



A Asociación Xuvenil Mil e pico de CARRAL organiza un concerto no que participa, entre outros, o grupo Zenzar.

MIL E PICO

O Xoves 3 de Setembro ás 21,30 h, terá lugar na pista deportiva de Poleo o concerto organizado pola Asociación Xuvenil Mil e Pico e a Concellería de Cultura, no que participarán *Malarians*, *Xenreira*, *Zenzar* e *Bushdoctor*. Entrada de balde.

Celeiro

EXPOSICIÓNS

O MAR DE CELEIRO

Na Confraría de Pescadores está aberta a mostra de fotografía, composta por máis de 160 imaxes sobre a historia da vila.

A Coruña

EXPOSICIÓNS

MARIETA QUESADA

Na galería de arte *Marisa Rosado* encóntrase a mostra de pintura de Marieta Quesada.

OBELISCO

Na galería de arte *Obelisco*, abre, na primeira sala, a mostra de pintura *Sensaciónes de María Antoni Pascual*. Na sala 2 encóntrase a mostra *Os xogos transgresores da xeometría* de Manuel Izquierdo. E na sala 3 exhibese unha colección de debuxos de Laxeiro.

MANUEL GANDULLO

Na Biblioteca Pública *Miguel González Garcés* exhibese a mostra do pin-

Carteleira

A TRIBU DOS KRIPPENDORF. Despois de cobrar unha bolsa de estudos, un antropólogo utiliza á súa familia para inventar unha tribo e así evitar ser encarcerado por estafa. Comedia.

GODZILLA. A radiactividade das probas nucleares francesas provoca unha mutación nun reptil, que se converte nun xigante que ataca a illa de Manhattan en busca dun grande niño para os seus ovos. Filme de catástrofes e efectos especiais.

HORIZONTE FINAL. No 2047, un grupo de astronautas van en busca dunha nave perdida nun experimento para facer buratos no maligno... Resaca de *Alien* misturada con *2001 Odissea no Espacio*.

ARMA LETAL IV. No acostumbrado ton reaccionario de sempre, os policías interpretados por Mel Gibson e Danny Glover destas enfréntanse a unha máfia chinesa. Con epílogo apologeta do matrimónio.

PAJARICO. O último de Saura é un exercicio persoal, desigual no comezo, levantado polo labor de actores como Paco Rabal ou Juan Luís Galiardo. A historia dunha familia murciana, en varias xeracións, através da ollada dun neno na fronteira da preadolescencia, que nas vacacións coñece o amor, a morte e a nostalgia de futuro.

EXPEDIENTE X. Dous axentes do FBI que investigan a colocación dunha bomba descubren un complot para ocultar a presenza de extraterrestres. Baseada na serie de televisión.

SEIS DIAS E SETE NOITES. Un piloto maduro e unha executiva dunha revista enfréntanse a unha aventura cando o seu avión cae nunha

illa deserta. Tópico empalagoso cun Harrison Ford xa un chisco pasadizo.

INOCENCIA REBELDE. Original película, a meio camiño entre a realidade e a fantasía, na que a mente dunha nena idea unha historia máxica para fuxir da súa penosa situación familiar, nunha urbanización trasunto do mundo perfecto americano. Filme a xeito de conto infantil pero cunha clara mensaxe política.

ACARIÑANDO A MORTE. Filme que conta as intrigas ás que se ve sometido un policía de Nova York, atrapado entre súa amizade cun mafioso e o FBI, que quer detelo. Narración torpe e un chisco lenta.

ASASINOS DE REEMPRAZO. Un asasino con conciencia non leva a cabo un traballo que lle pediu a máfia chinesa, por esa razón é perseguido e ten que loitar pola súa vida. Película violenta e previsíbel.

HAMPONS. A historia dos bairros neiorquinos controlados polas distintas familias da máfia nos anos post-depresión do 1929, pero desta volta desde a perspectiva dos negros do Harlem. Como defenderse da invasión de Dutch Schultz. O *Holandés* e a necesidade de aliarse entre eles para evitar ser aplastados.

PERDIDOS NO ESPAZO. A familia Robinson é enviada ao espazo nunha misión para salvar a Terra, pero no camiño quedan perdidos. Versión da serie de televisión dos anos setenta.

MOITO MÁIS QUE AMIGOS. Unha moza namórase do seu compañeiro de piso e convídalo a facer de pai do seu fillo. El, que é gai, en principio acepta, pero co tempo a súa vida volve ao seu cauce. Comedia politicamente correcta. ♦



DONNA FERRATO

Na Sala de Arte de Caixa Galicia está aberta a mostra de fotografía de Donna Ferrato. Un conxunto de fotografías que denuncian os malos tratos que sofre a muller en todo o mundo.

FERNANDO VILLAPOL

O Martes 8 de Setembro ás 20 h, inaugúrase na Biblioteca Pública Provincial a mostra de obras do escultor Fernando Villapol.

Monforte

DANZA

BALLET REI DE VIANA

O Venres 18, ás 22,30 h, terá lugar na Praza da Compañía a actuación do grupo de danza do Ballet Galego Rei de Viana.

Ourense

EXPOSICIÓNS



ELISA ABALO

O *Ateneo* acolle, a partir do Xoves 3, a mostra de pintura de Elisa Abalo. Pódese ollar até o 18 de Setembro.

MARGA PRADA

A galería *Marga Prada* exhibe a colección de obras pertencentes aos seus fondos xunto coas novas incorporacións. Aberta até o 30 de Setembro.

Padrón

DANZA

BALLET REI DE VIANA

O Venres 4, ás 22 h, terá lugar na Praza de Macias a actuación do grupo de danza do Ballet *Rei de Viana*.

EXPOSICIÓNS

MIRADAS ARREDOR DA ARTE

Até o 15 de Setembro permanecerá aberta na Casa da Cultura, a mostra itinerante producida polo CGAC e composta por unha escolma de traballos das persoas que participaron nos cursos organizados polo CGAC.

MÚSICA

XEQUE MATE

O Sábado 5 terá lugar na Praza da Compañía a actuación do grupo de música folc tradicional, *Xeque Mate*.

Pontevedra

CINEMA

O GLOBO BRANCO

O *Cine Clube* proxecta O *Globo branco* de Jafar Panahi (Irán, 1995). Terá lugar o Mércores 9 ás 20,15



O Museo de Belas Artes da CORUÑA mostra a obra de Álvarez de Sotomayor do que podemos ollar a obra *Segador*.

tor Manuel Gandullo.

ÁLVARZ DE SOTOMAYOR

O Xoves 10 de Setembro, terá lugar no Museo de Belas Artes, a inauguración da mostra do pintor Álvarez de Sotomayor, un dos representantes da pintura galega do século XX.

TEATRO

FINISMUNDI CIRCUS

Do 17 ao 20 de Setembro

o *Teatro Rosalia Castro* acollerá a actuación do grupo de teatro *Mofa e Befá*, co seu espectáculo *Finismundi Circus*.

Lugo

EXPOSICIÓNS

ITALIA NA GUERRA DO 36

A responsabilidade do fascismo italiano no sublevamento militar espa-

ñol do 36 ámosase, con cartaces e libros, na galería *Sargadelos* baixo o título *Italia na Guerra Civil logo de 60 anos*.

MUSEU PROVINCIAL

O vindeiro Venres 11 de Setembro terá lugar, no Museo Provincial, a inauguración dunha mostra conxunta composta por Xoán Guerreiro, Manuel Quintana, Roberto González, Xurxo Martínez e Diego Casado.

O ballet galego *Rei de Viana* actúa o Venres 4 en PADRÓN e o tamén Venres, pero día 18, en MONFORTE.



En LUGO podemos ollar a exposición fotográfica de Donna Ferrato que ten por tema os malos tratos ás mulleres e crianzas.

Elisa Abalo mostra as súas pinturas no *Ateneo de OURENSE*.

h, nas instalacións do clube (Oliveira, 23-2ºD).

EXPOSICIÓN

FERNANDO CASÁS

Case unha decena de esculturas sobre madeira do artista Fernando Casás, exhibense na galería Anexo baixo o título *Agua*. Pódense ollar de Luns a Venres de 19 a 21,30 h, até o 15 de Setembro.

FISURAS NA PERCEPCIÓN

A Bial de pintura, *Fisuras na percepción*, composta por máis de vinte artistas, *Antoni Abad, Mónica Alonso, Carlos Barros, Alberto Carneiro e Dario Villalba* entre outros, está aberta no Pazo de Congressos. Aberta até o 20 de Setembro.

LINO MARTÍNEZ VILLAFÍNEZ

Abre no Museo de Pontevedra, edificio Sarmiento, a mostra antolóxica de Lino Martínez Villafínez. Tamén está aberta no Museo a mostra *Novos valores 98*. Pódense ollar até o 13 de Setembro.

Santiago

EXPOSICIÓN

RUTH MATHILDA ANDERSON

Derradeiros días para contemplar a exposición fotográfica de Ruth M. Anderson en SANTIAGO.



Mostra das fotografías que esta norteamericana realizou polas distintas comarcas da Galiza nos anos 20.

A IMAXE E O LABIRITO

O Xoves 3, ás 20 h, inaugurarase na Igrexa da Universidade a mostra *A imaxe e o labirinto*, composta por dez artistas cubanos dos noventa.

Convocatorias

CURSO DE APROXIMACIÓN AO TEATRO

A Agrupación Cultural *Alexandre Bóveda* convoca o curso de aproximación ao teatro que dará comezo no mes de Setembro e se impartirá os Sábados pola mañá durante tres meses. Maior información e inscricións no teléfono 981 244 335.

PRÉMIO ÁNHEL FOLE

A Fundación Caixa Galiza e o xornal *El Progreso* convocan a XIII edición do premio literario *Ánxel Fole*. Estabécese un único premio de un millón de pesetas. Poderán optar ao mesmo todas as persoas que o desexen, con traballos inéditos, de extensión mínima de cen follas e máxima de dúascentas, mecanografiadas a duplo espazo e por unha só cara, referidos a calquer aspecto da vida ou da obra de Evaristo Correa Calderón. Os orixinais presentaranse por cuadruplicado, baixo plica, no Departamento de Obras Sociais da Caixa Galiza, ou no xornal *El Progreso*. O prazo de admisión remata o 31 de Marzo de 1999. Maior información en calquer sucursal de Caixa Galiza ou no xornal *El Progreso*.

PRÉMIO DE ANTROPOLOXIA VICENTE RISCO

O Concello de Allariz e máis as Fundacións *Sotelo Blanco* e *Vicente Risco* convocan o IV Premio *Vicente Risco* de antropoloxía e ciencias sociais, dotado con 1.000.000 pta. Poderán concorrer ao premio calquer persoa que presente os seus textos en lingua galega, con-

forme á normativa vixente. Os textos presentados, ademais de seren inéditos e orixinais, han tratar do estudo do ámbito galego sempre desde o punto de vista da antropoloxía ou das ciencias sociais, tendo unha extensión mínima de cento cincuenta páxinas e unha extensión máxima de trescentas páxinas, tamaño folio, mecanografiadas a duplo espazo. De cada texto presentaranse seis copias antes do día 30 de Novembro do 1998, remitíndoas á Fundación Sotelo Blanco, apartado 2.096, 15.780 Santiago de Compostela. Cos orixinais, que irán precedidos polo título ou lema escollido polo autor, axuntarase un sobre pechado no que figure por fora o lema e que conteña o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como título do libro, indicando no sobre IV Premio *Vicente Risco*. Maior información nos teléfonos 988 440 001 ou 988 440 859.

PASO DA RAIÁ

A Vocalía de Cine-grupo de Estudos FIA e o Ateneo Ferrolán convoca o I Certame Bial de Vídeo *Paso da Raia*, co fin de promocionar, a través da arte audiovisual, a confluencia e o encontro da mocidade da Galiza e o Norte de Portugal. Poderán participar no certame todos os autores non profesionais de idades comprendidas entre os 16 e os 25 anos. Os traballos, inéditos e orixinais, poderán versar sobre calquer tipo de argumento sempre que garde relación co tránsito adolescente e coa iniciación da vida adulta. O formato requerido é VHS ou SVHS, cunha duración non superior aos 20 minutos. En galego ou portu-

gués. Admítense traballos individuais ou colectivos. O xuri concederá un primeiro premio de 150.000 pta. e un segundo de 75.000. Os traballos deberán presentarse no Rexisto do Ateneo Ferrolán antes do 30 de Setembro de 1998, remitindo dous sobres. O primeiro deles, co vídeo, levará na cuberta I Certame Bial Paso da Raia e o título da obra ou pseudónimo do autor. Na cuberta do segundo figurará o título da obra ou o pseudónimo do autor e no interior os datos persoais do autor. A dirección do envío é Certame Vídeo, Ateneo Ferrolán, Magdalena 202 1º 15.404 Ferrol. Máis información no teléfono 981 357 970.

CERTAME XORNALÍSTICO

A Asociación Neria e O Correo Galego convocan o III Certame Xornalístico. O tema, único, centrarase nas lendas da Costa da Morte. Poderán participar cantas persoas o desexen, establecéndose dúas categorías, unha absoluta e outra para estudantes. A extensión máxima dos traballos será de 3 follas mecanografiadas a dobre espazo e escritos por unha só cara. Na categoría absoluta haberá un primeiro premio de 100.000 pta, diploma e estatuíña conmemorativa. E na categoría escolar haberá diploma, estatuíña e lote de libros sobre a Costa da Morte. A data límite para a entrega de traballos é o 30 de Setembro de 1998. Remítanse por triplicado e polo sistema de plica ao Correo Galego, delegación da Costa da Morte, Eduardo Pondal, 6-1º D, 15.124 Muxia A Coruña. Maior información no teléfono 981 706 028.

XORNADAS DE BANDA DESEÑADA

A Casa da Xuventude e a Concellería de Cultura de Ourense convocan o VIII premio de Banda Deseñada, que se celebrará nas Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Do 2 ao 10 de Outubro terá lugar a inauguración das xornadas, o programa incluírá exposición e actividades relativas ao comic, incluíndo proxeccións cinematográficas, encontros e presentacións. Maior información na Casa da Xuventude (Celso Emilio Ferreiro, 27, 32.004 Ourense), ou no teléfono/fax 988 249 930.

J&B DE ECOLOXIA

Joven y Brillante J&B 98 convoca o premio de ecoloxía dotado coa cantidade de 2.000.000 pta. Poderán participar no premio todos os xoves con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos. O participante poderán presentar unha ou máis iniciativas. Cada unha delas describirase nunha breve e sinxela memoria explicativa, cos datos fundamentais e cos materiais técnicos ou gráficos precisos para a mellor comprensión do proxecto. As memorias orixinais e dúas copias remitiranse á secretaria de *Joven y Brillante* (Hermandades Bécquer, 6-6º d, 28.006 Madrid), especificando nome e apelidos da persoa individual ou responsable da equipa, fotocopia do DNI, dirección e teléfono. O prazo de presentación dos traballos remata o 30 de Outubro de 1998. Maior información no teléfono 902 180 000. ♦



20,30, o Sábado 5 ás 18 e o Domingo 6 ás 23 horas. *Ao caer o sol* de Rober Benton o Venres 4 ás 18 h, e o Domingo 6 ás 20,30. *Conflicto de intereses* de Robert Altman o Sábado 5 ás 23 horas. Música da sala Mulhollans fall, banda sonora orixinal de Dave Grusin. Prezo da localidade 400 pta. Abono para 5 fitas 1.500.

Vigo

CINEMA

LUMIERE

Neste mes de Setembro o Cine Clube Lumière programa as seguintes fitas: Luns 7 *Gummo* de Harmony Korine (USA, 1996), Luns 21 *Foraxidos* de Robert Siodmak (USA, 1946) e o Luns 28 *Despabilate Amor* de Eliseo Subiela (Arxentina, 1996). As proxeccións son acompañadas das curtametraxes producidas polos alumnos da EIS: *De donde llamas?* de David Breijo (Galiza, 1996), *Parodia Dixital* de Ángel de la Cruz (Galiza, 1996) e *Afonía* de Chema Gago (Galiza, 1996). Os pases son ás 20,30 h. no Auditorio de Caixavigo.

EXPOSICIÓN

OLGA CARASA, ANXOS BARREIRO E ISABELL LLORÉNS

Na Sala de Arte de Caixavigo está aberta unha mostra conxunta das pintoras Anxos Barreiro, Olga Carasa e Isabel Lloréns. De Luns a Sábado de 18 a 21,30 h, até o 15 de Setembro.

12 ANOS DA MESA

No café *Trincheira* (Irmandiños, 15) encóntrase unha

Fisuras na percepción é o título da Bial de Pintura de Pontevedra que se encontra no Pazo de Congressos.

G. ONSLOW FORD

O Museo do Povo Galego acolle, até o 6 de Setembro, a exposición do subrealista británico Gordon Onslow Ford. Organizada pola Fundación Granell, pódese contemplar de Luns a Venres de 10 a 13 e de 16 a 20 horas e os Sábados de 10 a 13 horas.

ADOLFO SCHLOSSER

O Centro Galego de Arte Contemporánea acolle até o 13 de Setembro a retrospectiva do escultor austríaco Adolfo Schlosser, composta por un total de 60 pezas e 17 debuxos criados entre 1976 e 1998.

CARLOS FRANCO

Na Casa da Parra exhibese a obra de Carlos Franco.



Continua no Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago a exposición de Adolfo Schlosser.

A exposición permanecerá aberta até o día 14 deste mes.

CINEMA

MULLERES FATAIS

Vense celebrando no Teatro Principal desde o Luns 31 o ciclo de cinema Mu-

leres *Fatais*. Ainda estamos a tempo de ver *A dama de Shangai* de Orson Welles o Xoves 3 ás 20,30, o Venres 4 ás 23 horas, o Sábado 5 ás 20,30 e o Domingo 6 ás 18 horas. *Baixos fondos* de Steven Soderbergh o Xoves 3 ás 18 horas. *Laura* de Otto Preminger o Xoves 3 ás 23 h., o Venres 4 ás



O escudo da Galiza deseñado por Castelao en insígnia ou chaveiro

Chaveiro:
Prezo 500 pta + 250 pta
de gastos de envío

Insígnia:
Prezo 200 pta + 250 gastos envío
Pagamento a meio de selos de correos (máximo de 100 pta.)
ou ingreso na conta de
Caixa Galicia
2091 0501
683040001024
Solicitaos ao
Apdo. 1371,
36200 de Vigo.





Un home íntegro

XOSÉ A. GACIÑO

Estiven na despedida a Claudio Movilla na Coruña, en 1987, cando ía presidir a Audieñcia Territorial de Sevilla. De ali marchou en 1989 -cando eu chegaba, a tempo de despedilo outra vez-, camiño de ocupar a presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Cantabria (até o ano pasado, que o nomearon maxistrado do Tribunal Supremo). Na derradeira despedida, o pasado 28 de Agosto, non puideron estar: foi algo íntimo entre Claudio e a morte, tan arbitraria e precoz (neste caso, como noutros que tamén me sacudiron a alma).

No recordo, a imaxe dun home íntegro. A sucesión de altas responsabilidades na administración de xustiza -máis polas carambolas das compensacións equilibradoras que por afinidades coas forzas no poder-, non afrouxou as súas firmes conviccións democráticas de home de esquerdas, nin o separou do compromiso cidadán, exercido con absoluta naturalidade, inmerso no seu entorno (como aquela etapa de presidente do Ateneo coruñés, que tanto contribuíu á concienciación cidadá na transición).

Cando marchou de Sevilla, tras dous anos de traballo intenso para poñer na hora democrática o relóxo mental dunha Audiencia maioritariamente reaccionaria, na homenaxe de despedida contou con adhesión (insólita noutras circunstancias) de dirixentes sindicais dos xornaleiros. Até a chegada de Movilla, os traballadores do campo andaluz só coñeceran a aplicación máis represiva da lei, cando os tribunais se pronunciaban sobre as súas mobilizacións. Foi o maxistrado galego, co apoio dos poucos xuíces progresistas, quen empezou a interpretar as ocupacións de terras como accións reivindicativas de protesta lexítima contra situacións de flagrante inxustiza.

Non foi xuíz estrela (por moito que Hormaechea lle tentara a seguir esa vía, cando tratou de converter en enfrontamento persoal o proceso que xulgou as súas irregularidades no goberno autonómico de Cantabria) pero, co seu maxisterio profesional e humano, súmase á constelación de bos e xenerosos que nos mantén cun certo grao de esperanza. ♦

A central de ecóxeneración de Allariz produce electricidade a partir da biomasa Á luz do toxo

♦ BELÉN REGUEIRA

Nas últimas semanas, ante o andazo de incendios forestais, repetiuse como unha ladaña que o toxo é gasolina, como xa demostrara aquel automóbil que funcionaba usándoo como combustible. Desde comezos deste ano funciona en Allariz unha central de ecóxeneración que é pioneira en Galiza na queima de biomasa -matogueira rozada no monte- para producir corrente eléctrica e auga quente.

No 1994 o concello de Allariz procuraba o xeito de remediar o abandono das superficies agrarias, culpábel da proliferación de matorral nos montes e indirectamente da proliferación de incendios forestais. Despois de considerar posibilidades como o uso de toxos e xestas na elaboración de compostaxe ou briquetas para queimar en estufas, os responsábeis municipais visitaron a central de ecóxeneración do municipio catalán de Sant Pere de Torelló e decidiron construír unha similar.

Dezaioito traballadores da central realizan traballos silvícolas no monte de Allariz e comezan tamén a facelo en concellos limítrofes como Rairiz de Veiga. A touza rozada e apilada en feixes é transportada á planta para realizar a súa combustión. O vapor producido no proceso acciona unha turbina que move as palas dun xenerador de enerxía eléctrica. A central de Allariz exporta unha media de 1.800 quilovátios por hora ao tendido de Unión Fenosa, que se encarga de distribuír a corrente eléctrica na comarca. A planta funciona 16 horas durante 250 días no ano e terá exportado, logo de que cumpra doce meses de funcionamento, máis de sete millóns de quilovátios. Resólvense, deste xeito, dous problemas, por unha banda o medioambiental e forestal e, por outra, o enerxético.

Xa existen en Galiza máis de



A central de coxeneración de Allariz leva varios meses funcionando.

MIGUEL VILLAR / Voz Noticias

trinta plantas de coxeneración pero a de Allariz é a única que usa a biomasa como combustible. Habitualmente empréganse materiais fósiles soterrados, derivados do carbón e do petróleo. A construción da planta de Allariz custou seiscentos millóns aportados a partes iguais por Allarluz, sociedade na que participan concello, empresas eléctricas e organismos públicos e subvencións procedentes dos fondos FEDER, Xunta e Ministerio de Industria. O obxectivo de Allarluz é, en palabras do xerente da central, Manuel Castro, "dar a coñecer" unha alternativa que polo de agora só é potencial, "aproveitar a biomasa que temos en desuso no monte".

Anguias, tomates e piscinas climatizadas

O proceso que se realiza na central que Allariz produce tamén grandes cantidades de auga quente, once toneladas cada hora, que o concello quer aproveitar para diversos usos. A medio prazo o excedente podería

usarse nunha piscifactoria de anguias, en dous invernadoiros, nun secadoiro de madeira e nunha piscina cuberta e climatizada.

Despois de varios meses funcionando xa se poden tirar conclusións sobre as repercusións do traballo da central no seu ámbito de influencia.

Desde Abril do 97, cando comezaron os traballos silvícolas para facer acópio de combustible, xa se rozaron catrocentas hectáreas de monte. Manuel Castro sulina que nos montes rozados, entrecollidos e podados "non só baixa moi sensiblemente o risco de lume senón que as árbores medran moito mellor". Alén diso "nas zonas nas que traballamos estanse xenerando uns pastos que poden ter un uso gadeiro en réxime extensivo" e cómpre que "se poida converter toda esa biomasa nova en leite ou en carne".

O exemplo da central de Allariz levantou expectativas en moi diversos ámbitos. Manuel Castro ten aconsellado a concellos, co-

munidades de montes ou empresas que querían imitar este modelo noutras zonas de Galiza. "Nós sempre insistimos en que é un proxecto difícil, que non ten unha rendabilidade económica elevada e require unha xestión profesional, preferentemente pública, e un coñecemento profundo da comarca na que se instale". Segundo Castro o ideal é que estas iniciativas "se integren no plano forestal e enerxético do país", para definir as zonas nas que "sería viábel instalar unha central destas características sen que se produza unha sobre-saturación aínda que Galiza é un país moi rico en biomasa". As organizacións ecoloxistas advirten dos riscos de inzar o país de plantas que non deixan de ser minicentrales térmicas e tamén do perigo de efectuar rozas indiscriminadas no monte.

Mentres hai quen non desiste en procurar petróleo no fondo do Atlántico, Galiza segue a ser a primeira potencia mundial na produción de toxo, a gasolina autóctona. ♦

SETEMBRO

ALGARVE	RIO E SÃO PAULO	CARACAS E BOGOTÁ
APARTAMENTOS 4 PERSOAS (T-1D)	do 1 ao 30 de Setembro	do 16 ao 30 de Setembro
VILAMOURA 6.900 Pta/ Noite	112.000 pta.	98.000 pta.
QUARTEIRA 6.900 Pta/ Noite	ida e volta	ida e volta
ALBUFEIRA 6.700 Pta/ Noite	(validez 6 meses/aberto)	(validez 6 meses/aberto)
PRAIA DA ROCHA 7.200 Pta/ Noite		
ARAMAÇÃO DA PERA .. 8.900 Pta/ Noite		

IDA E VOLTA

New York (do 7/9 ao 31/10) 72.000 pta.	Johannesburg 93.000 pta.
Los Angeles 117.000 pta.	B. Aires con 1 noite hotel en Amsterdam 125.000 pta.
San Francisco 117.000 pta.	México (do 16/9 ao 30/11) 99.900 pta.
London 36.000 pta.	Açores (8 días) desde 81.000 pta.
Quito 124.000 pta.	Madeira (8 días) desde 63.000 pta.
Miami (do 7/9 ao 31/10) 93.000 pta.	
Boston (do 7/9 ao 31/10) 72.000 pta.	
Atlanta (do 7/9 ao 31/10) 93.000 pta.	
Sofia 81.000 pta.	
Guayaquil 124.000 pta.	
Tampa 99.900 pta.	

MINHO EXPRESSO
VIAGENS
SAIDAS DO PORTO

TEL. (07 - 35151) 82 01 300
FAX 07 351 51 8201309
Valença do Minho
E-Mail: viagensminho@mail.telepac.pt

Servizo personalizado con transporte ao aeroporto e asistencia embarque sen cargo

VOLVER AO REGO

El Millo protagonista de la fiesta", "La ameixa se consumiu en abundancia"... o bilingüismo campa polos seu respecto a conta das festas gastronómicas. A mistura idiomática acadou graos de desperpento da man das teorías de Regueiro-Fraga. Para algúns mesmo será un uso exemplar. Enriba algúns xornais recibirán subvención polo labor a prol do galego. ♦